# Plan de acceso ao hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios na cidade da Coruña.

Revisión Abril 2016

Arquitectura Sen Fronteiras

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

REDACCIÓN
Arquitectura Sen Fronteiras

PROMOCIÓN
Concello da Coruña
Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

A Coruña, novembro de 2015

1. Introdución
    1.1 Presentación e xustificación do plan
    1.2 Enfoque do plan
2. Contexto e antecedentes
    2.1 Contexto actual das políticas de vivenda
    2.2 Aproximación á situación de vulnerabilidade social
    2.3 A problemática da exclusión residencial no contexto local
    2.4 Orixe e evolución histórica dos asentamentos
3. Estado actual dos asentamentos precarios na cidade da Coruña
    3.1 Descrición dos aspectos comúns aos 3 asentamentos
    3.2 Caso do Portiño
    3.3 Caso das Rañas
    3.4 Caso da Pasaxe
4. Identificación dos recursos existentes vinculados ao acceso ao hábitat digno
    4.1 Relación de axentes participantes
    4.2 Relación de materiais e ferramentas
5. Identificación de problemas e liñas estratéxicas
    5.1 Árbore de problemas.
    5.2 Obxectivo xeral e liñas estratéxicas
6. Plan de Medidas
    6.1 Enfoque metodolóxico
    6.2 Cronograma
    6.3 Plan de fases fundamentais
    6.4 Plan de medidas específicas
7. Consideracións para a implementación do plan
    7.1 Proceso de elaboración do Plan
    7.2 Previsión de recursos humanos e coordinación
    7.3 Seguimento e avaliación
Anexos
    1. Gráfico do proceso de participación
    2. Situación segundo o proceso de participación das unidades convivenciais
    3. Ficha de recollida de datos (censo)
    4. Tabla de grupos específicos por ámbito territorial
    5. Información urbanística por asentamentos
    6. Estudos de caso

**ACRÓNIMOS**

ACLAD_ Asociación Ciudadana de Lucha contra la droga.
API_Área de Planeamiento Incorporado
AR_Área de reparto
ASF_ Arquitectura Sen Fronteiras
AVV_ Asociacion de Veciños
CCM_Centro Cívico Municipal
CE_ Constitución Española
CEIP_ Centro Educación Infantil e Primaria
CIFP_Centro Integrado de Formación Profesional
CIM_Centro de Información da Muller
CMATI_ Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras.
CMIX_ Centro de Información Xuvenil
DESC_Derechos Económicos, Sociais e Culturais
DOG_Diario Oficial de Galicia
DUDH _Declaración Universal de Dereitos Humanos
EAPN_ Red Europea de Lucha contra la Pobreza y la Exclusión Social
EDAR_ Estación de Depuración de Augas Residuais
EI_Educación Infantil
ESO_ Educación Secundaria Obrigatoria
EUROMA_ Rede Europea para a Inclusión Social da Poboación Xitana no Marco dos Fondos Estructurais
EMALCSA_Empresa Municipal de Aguas de La Coruña S.A
EMVSA_Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades
ETECH_ Equipo Técnico para Erradicación do Chabolismo
EXB_ Ensinanza Xeral Básica
FEADER_ Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural
FEDER _Fondo Europeo de Desarrollo Regional
FP_ Formación Profesional
FSG_Fundación Secretariado Gitano.
FSE_ Fondo Social Europeo
IES_ Instituto Educación Secundaria
IIIHS_Itinerarios Individualizados de Inclusión Habitacional-Social
IIIS_Itinerarios Individualizados de Inclusión Social
IGVS_ Instituto Galego de Vivenda e Solo
IPIS_ Itinerarios Personalizados de Inserción Social.
LOUGA_Lei de Ordenación Urbanística de Galicia
OCV_Oficina de Cooperación e Voluntariado
OHCHR_Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Derechos Humanos
OMA_Oficina de Medioambiente
PaHD_ Plan de Acceso ao Hábitat Digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios na cidade de A Coruña
PNC_Pensión non contributiva
PEP_ Plan Especial de Penamoa
PIDESC_ Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais
PMAL_Programa Municipal de Aluguer
PNR_ Programa Nacional de Reformas
POL_ Plan de Ordenación do Litoral de Galicia
PXOM_ Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña
RAI_Renda Activa de Inserción
RISGA_Renda de Inserción Social de Galicia
SIX_Sistemas de Información Xeográfica
S.R.E.P_ Solo Rústico Especialmente Protexido
UAS_Unidade de Atención Social
UGACOTA_Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado
UC_Unidades Convivenciais
UDC_ Universidade de A Coruña
UE_ Unión Europea
USC_ Universidade de Santiago de Compostela

# 1. INTRODUCIÓN

## 1.1 Presentación e xustificación do Plan

O Plan de Acceso ao Hábitat Digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios na cidade da Coruña (PaHD 2016) vén dado pola decisión e compromiso do Goberno Municipal da Coruña de eliminar a situación do chabolismo mediante un enfoque integral, coordinado e coherente co modelo actual de cidade inclusiva. Este proxecto foi impulsado e liderado pola Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda en colaboración coas concellerías de Participación e Innovación Democrática, Igualdade e Diversidade, Emprego e Economía Social, Medio Ambiente e Sostenibilidade e Xustiza Social e Coidados. O deseño e redacción foron levados a cabo entre setembro e novembro do 2015 pola entidade Arquitectura Sen Fronteiras (ASF-Galicia) e incorporou a súa experiencia dos últimos cinco anos de traballo.

As partes promotoras deste documento comparten a vontade de implementar un Plan promovido dende o goberno municipal que garanta o acceso ao hábitat e sexa sensible a esta situación de exclusión que foi derivada da problemática residencial mantida na cidade dende hai décadas. A estratexia proposta pretende tecer unha rede entre todos os axentes implicados e traballar na transformación desta realidade dende unha lóxica de dereitos e de maneira participativa e colaborativa coa poboación habitante dos asentamentos e da cidadanía en xeral. A poboación dos asentamentos está disposta a traballar conxuntamente coas figuras de responsabilidade política e cos equipos técnicos, pero é preciso que o organigrama da corporación municipal incorpore un importante reforzo nos recursos humanos existentes, tanto no ámbito social como no habitacional, con capacidade para buscar novas vías de financiación, formular propostas innovadoras e axustadas á realidade e implementar alternativas habitacionais que se acompañen de medidas de acceso ao emprego e de fomento da participación cotiá en actividades significativas. En definitiva, un equipo político-técnico e cidadán comprometido socialmente coa poboación, con capacidade para traballar conxuntamente e empregar todas as súas ferramentas en aras de garantir o dereito ao hábitat digno.

A primeira parte do Plan está dirixida a contextualizar o fenómeno da exclusión residencial así como a desenvolver os antecedentes e o estado actual dos asentamentos chabolistas da cidade da Coruña (puntos 2 e 3) e a identificar os recursos existentes relacionados á intervención nesta temática (punto 4). Na segunda parte móstrase unha aproximación máis analítica e identifícanse de forma xeral algunhas das problemáticas relacionadas con diferentes dimensións da vida cotiá e os contextos derivados da exclusión residencial dos asentamentos. Os obxectivos e as liñas estratéxicas que guían o enfoque do Plan son tamén presentados de forma esquemática (punto 5). Nunha terceira parte, achégase unha proposta xeral para o posterior desenvolvemento dun plan de medidas e accións fundamentais baixo unha perspectiva metodolóxica holística, participativa e coordinada cos diferentes axentes sociais (punto 6). Finalmente, establécense unha serie de criterios e aspectos formais a ter en conta para o correcto desenvolvemento, seguimento e avaliación continua do Plan (punto 7). Os Anexos conteñen materiais que complementan ou clarifican a información contida nos anteriores apartados.

## 1.2 Enfoque do Plan.

### Que se pretende acadar co Plan?

O Plan pretende garantir o acceso ao hábitat digno[1] para as persoas habitantes dos asentamentos precarios en condicións seguras, axeitadas e sostibles, traballando

1 Entendendo por hábitat digno o que cumpre os parámetros especificados na Observación xeral nº4 adoptada polo Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (DESC) de conformidade co párrafo 1 do artígo 11 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (PIDESC) das Nacións Unidas.

para eliminar a situación do chabolismo na cidade da Coruña dun xeito equitativo.

**Para que se implementa o Plan?**

O Plan impleméntase para poñer en marcha as ferramentas políticas precisas, seguindo un modelo territorial inclusivo e de convivencia, para que as persoas non teñan que vivir en entornos e aloxamentos que polas súas características non sexan hábitats dignos e para que sexan recoñecidos os dereitos da poboación precarista.

**Fundamentos do Plan.**

O Plan baseáse na premisa de que as sociedades deben garantir o acceso e pleno disfrute dos **dereitos humanos**[2] para o total da cidadanía e ao mesmo tempo recoñece a gran responsabilidade que teñen as autoridades políticas como axente social para levar a cabo este obxectivo dentro da súa xurisdición.

A cidade da Coruña leva consigo unha traxectoria histórica de 50 anos de situación de chabolismo na que se evidencia a vulneración do dereito ao hábitat para unha parte da poboación.

A ausencia dunha vivenda e entorno dignos, sendo unha necesidade humana básica que garante as condicións de vida na cotidianeidade, está intimamente ligada a un marco de exclusión residencial e social no que se ven vulnerados unha boa parte dos dereitos e no que a desigualdade está cada vez máis pronunciada.

A transformación deste escenario de inxustiza social debe ser unha das prioridades do goberno municipal e formar parte da creación do seu modelo de cidade inclusivo.

2 ONU 1948, Declaración Universal de Dereitos Humanos (DUDH)

A loita por un marco de xustiza e igualdade[3] que garanta o dereito a un hábitat digno para a poboación da Coruña precisa necesariamente dunha estratexia territorial de desenvolvemento urbano liderada polo Pleno Municipal e que afronte de xeito integral e multidimensional a problemática de vivenda e hábitat existente nos asentamentos precarios da cidade.

**Principios do Plan.**

A implementación do Plan está dirixida a eliminar a situación de precariedade e a posibilitar o acceso e satisfacción dos dereitos en igualdade de oportunidades[4] que o total da cidadanía: todas as persoas habitantes dos asentamentos precarios na cidade da Coruña son suxeitos do Plan. Este pretende superar as barreiras que sitúan ás persoas habitantes dos asentamentos precarios nunha posición de desvantaxe e equiparar as súas oportunidades, respecto da totalidade da poboación da cidade de A Coruña, para acceder a un hábitat digno e axeitado en condicións de seguridade xurídica (**principio de universalidade**).

As necesidades serán recoñecidas a nivel individual e atendendo ás particularidades dos proxectos vitais e de transición a un hábitat digno. Terase en conta a autonomía e autodeterminación de cada participante. As intervencións serán individualizadas co fin de recoñecer e respectar as necesidades e intereses sobre o tipo de hábitat e sobre a estratexia a seguir para acceder ao mesmo (principio de **individualidade**).

A formulación do Plan como proceso dinámico e transformador achega a necesidade de entender os itinerarios individuais e comunitarios dunha forma gradual que vai identificando etapas ou fases nas que se atopan as

3 Constitución Española (CE, en adiante) 1978 Artículo 14

4 Programa e Declaración de Viena 1993

persoas, familias e comunidades (principio de **gradualidade)**.

Apóstase por unha estratexia sensible aos cambios polo que a reformulación tanto das accións como dos dispositivos para levar a cabo estas últimas é un valor implícito dentro da formulación xeral (principio de **flexibilidade**).

Establécese unha mirada dende o recoñecemento e o dereito das persoas a vivir, identificarse e participar no marco dunha cultura que signifique a súa vida. Búscase un modelo de cidade que promova espazos de convivencia e encontro para o diálogo cultural interno e externo, garantindo a igualdade de xénero. As accións que se leven a cabo deberán ser sensibles á identidade, sentido de pertenza e significados culturais manifestados polas persoas e comunidades (principio de **interculturalidade**).

A implementación do Plan terá que ter en conta os aportes e a responsabilidade de todas as partes implicadas para construír de forma colaborativa unha estratexia de acción para o desenvolvemento de medidas en cada un dos ámbitos (habitacional, sociolaboral e de participación cotiá). Cómpre atopar as sinerxias na formulación destas medidas, de forma que todas elas conflúan en favor da promoción da inclusión social das persoas habitantes nos asentamentos precarios da Coruña dende unha estratexia integral de acceso ao hábitat (principio de **corresponsabilidade**).

As propostas de acción terán que garantir na medida do posible o sentido de continuidade e perspectiva a longo prazo dos procesos iniciados co fin de construír alternativas habitacionais que contemplen, ademáis do acceso a unha vivenda, a eliminación da problemática do chabolismo e a promoción da inclusión social. A coordinación e aproveitamento dos recursos, dos axentes e dos medios dispoñibles é unha condición necesaria para intervir dunha forma global nos diversos factores que determinan a situación de exclusión e para crear fórmulas axustadas (principio de **proporcionalidade**).

**Cómo afrontar a situación do chabolismo[5] na Coruña: o modelo de cidade inclusiva dende a Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda**

O presente Plan vén fundamentado nunha decisión política de construción dun modelo de cidade inclusiva para toda a poboación polo que conforma unha das estratexias dentro das políticas de acceso ao hábitat digno, fundamentadas sobre unha lóxica de dereitos, xustiza e igualdade.

Todas as persoas habitantes dos asentamentos están nunha situación de precariedade habitacional. Este feito relaciónase no ámbito físico coa carencia de vivenda e dun entorno en condicións mínimas de habitabilidade e salubridade; no ámbito xurídico, coa carencia duns dereitos recoñecidos sobre a súa vivenda; e no ámbito social pola situación de desigualdade e exclusión xerada e mantida ao longo do tempo como consecuencia desta condición de precariedade residencial mantida ao longo do tempo.

No plano xurídico, proponse a modificación da situación de precariedade habitacional a través do recoñecemento dos dereitos de uso adquirirdos que posúen estas persoas. O Plan propón transformar esta situación de inseguridade e desprotección para buscar alternativas habitacionais nun marco de seguridade xurídica coherente coas liñas de planificación territorial e modelo de cidade liderado polo actual goberno municipal.

O Plan é unha ferramenta necesaria para acadar a igualdade de oportunidades para o acceso ao hábitat digno entre toda a cidadanía, estando definido temporalmente ata acadar este obxectivo. Neste marco, a estratexia territorial do goberno municipal debe recoñecer os dereitos de

5 Lei de Erradicación do chabolismo (Lei 5/1989):
Enténdese por chabolas aqueles habitáculos que, non reunindo as características e condicións de vivendas nin sendo susceptibles de se converteren en tales, están a ser utilizados como morada humana.

uso da poboación dos asentamentos precarios e comprometerse, a través do presente Plan, a garantir o seu acceso a un hábitat digno e axeitado incluído territorial e socialmente.

A partir da iniciativa da Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, pola súa competencia en planificación territorial, o Pleno Municipal ten a capacidade de tomar as decisión que permitan organizar e xestionar os medios para garantir este dereito ás persoas habitantes dos asentamentos precarios, atendendo a uns valores de desenvolvemento económico, social, medioambiental e de convivencia en todo o territorio municipal.

A creación deste modelo de cidade inclusivo é un reto acollido por todo o Grupo de Goberno. Por este motivo, malia que o equipo de *Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda* sexa o promotor da iniciativa, é imprescindible o compromiso e apoio da totalidade das Concellarías, desenvolvendo de forma complementaria as medidas que garantan a súa sostenibilidade e orientación de cara a inclusión a medio-longo prazo da poboación dos asentamentos precarios.

Con esta proposta de acción preténdese vencer a situación de precariedade habitacional que posiciona á poboación dos asentamentos nunha situación de desigualdade. Mediante a equiparación co resto da cidadanía da situación xurídica con respecto á vivenda e a eliminación das desigualdades que se foron orixinando na exclusión residencial. Búscase un contexto no que a poboación dos asentamentos poida acceder a un hábitat digno e participar na vida cotiá en igualdade de oportunidades. O Plan rematará no momento en que esta barreira sexa superada e non se precise dunha estratexia específica de acceso ao hábitat.



# 2. CONTEXTO E ANTECEDENTES

## 2.1 Contexto actual das políticas de vivenda

As políticas de vivenda que se desenvolveron nas últimas décadas no estado español foron froito dos intereses económicos que especularon coa vivenda como unha mercancía e non a consideraron como un dereito social que contribúe ao desenvolvemento humano, tal como é recoñecido no ámbito internacional[6]. Compre que os poderes públicos asuman a súa responsabilidade na materia e garantan o dereito á vivenda[7] para toda a cidadanía, especialmente para os colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

A diferenza doutros países europeos onde a porcentaxe de vivenda social é moito maior[8], no estado español promoveuse, a partir dos anos 50, un acceso á vivenda en réxime de propiedade privada, obviando outros tipos de tenencia como por exemplo o alugueiro ou a cesión de uso[9]. Actualmente, o mercado residencial (xa sexa de vivendas novas ou usadas) é o mecanismo dominante de provisión de vivenda fronte ao sistema público, que é minoritario.

Este modelo de propiedade que se veu consolidando nas últimas décadas provocou que o parque público de vivenda social co que conta a administración sexa insuficiente para acoller a todas as persoas que a día de hoxe non teñen garantido o acceso á vivenda.

Este proceso de produción de vivendas das últimas décadas foi dependente da lóxica produtivista do sector inmobiliario. Entre os anos 2000 e 2007 duplicouse a construción de vivendas no estado español pasando de 350.000 a 700.000 respectivamente [Fonte: Ministerio de Vivenda]. Sen embargo, este crecemento non respondeu á necesidade de vivenda das persoas con menos recursos, senón que se priorizaron os intereses especulativos derivados da demanda de vivendas turísticas ou secundarias, ao ser mercadas como inversión. Desta maneira, o modelo reforzouse cun incremento da produción de vivendas libres en detrimento das vivendas protexidas, ocupando o solo das cidades e contribuíndo así ao incremento abusivo dos prezos da vivenda que experimentou o país nos últimos anos, pasando o prezo dunha vivenda de 90 m2 a máis do dobre entre os anos 2000 e 2007 [Fonte: Ministerio de Vivenda][10].

O carácter insostible destas políticas tivo como consecuencia que no ano 2011 existisen en Galicia 300.000 vivendas baleiras, das cales 120.000 pertencían á provincia da Coruña e 19.000 ao Concello da Coruña (datos do INE de 2011). Se ben estes datos non son completamente fiables nin debidamente actualizados por non coñecer de maneira rigorosa o estado das vivendas ou da propiedade, entre outras, os datos do Rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta de Galicia de finais de 2015 sinalan un total de 14.000 persoas demandantes, das cales 5.500 persoas pertencen á provincia da Coruña.

En canto ás previsións do PXOM 2013 en materia de vivenda, segundo consta na memoria xustificativa, proponse a construción de case 4000 vivendas en solo urbano non consolidado, cifra que cubriría a demanda rexistrada de vivenda de protección no municipio.

6 No ámbito internacional, o dereito á vivienda ven recollido no artígo 25 da Declaración Universal de Dereitos Humanos (DUDH) de 1948 e no artigo 11 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (PIDESC), como parte do dereito a un nivel de vida axeitado.

7 No ámbito específicamente español, tanto a Constitución de 1978 (CE) como, recentemente, algúns estatutos de autonomía recollen previsións relativas ao dereito á vivenda.

8 Trilla, Carme (2001). *La política de vivienda en una perspectiva europea comparada*. Barcelona: Fundación La Caixa

9 Cortés, (1995). *La cuestión residencial. Bases para una sociología del habitar,* Fundamentos, Madrid.
Cortés y Paniagua, (1997). *La vivienda como factor de exclusión social* en Documentación Social 106, pp. 93-147. Cortés Hablando de la exclusión residencial, Cáritas, Madrid.

10 Cortés y Alonso, (2007). *La exclusión residencial* Revista bimestral de la FSG, nº40-41, Junio-Octubre

Pero neste marco actual, no que o excedente de vivendas baleiras é unha realidade, urxe a necesidade de buscar os mecanismos oportunos para modificar o modelo imperante ata fai pouco, creando solucións e previndo as situacións de vulnerabilidade que experimentan diversos colectivos en certas circunstancias de vida (sen teito, desafiuzamentos, precariedade, xuventude, etc.) que por causas económicas, sociais, culturais ou de outro tipo se ven privados do dereito a unha vivenda digna, deseñando plans específicos para cada un deles.

## 2.2 Aproximación a situación da exclusión residencial.

> *A exclusión residencial é un proceso que implica a non resolución das necesidades de aloxamento nos niveis precisos para lograr que a vivenda actúe como unha compoñente estable no desenvolvemento das actividades cotiás, que reforzan os procesos de integración e normalización social de cada persoa, permitindo un nivel de vida apropiado e o acceso aos recursos públicos*[11]

Cando existe unha situación de exclusión residencial, a vulneración do dereito social da vivenda abrangue dimensións da vida da persoa e como consecuencia interveñen factores que repercuten de xeito negativo nas súas condicións de vida.

Esta exclusión é debida ao contexto de inxustiza social no que están inmersos certos grupos de poboación e cuia desigualdade de oportunidades xera dificultades ou barreiras que limitan o acceso a un aloxamento digno no modelo de provisión de vivenda dominante. O nivel socioeconómico e os requisitos impostos no mercado son determinantes en canto ás posibilidades de acceso a unha vivenda, pois este esixe un mínimo nivel de ingresos e certa seguridade ao longo do tempo; necesidade que non se ve cuberta debido á frecuente situación destes grupos de poboación en sectores do mercado de traballo informal e de carácter precario[10].

É importante considerar certos elementos culturais así como parte dos imaxinarios asumidos pola propia poboación xa que ambos factores mediarán o acceso a unha vivenda; tales como a necesidade de vivir en espazos abertos e con capacidade de almacenaxe no caso de persoas xitanas dedicadas á recollida de chatarra ou a discriminación que a sociedade poida ter sobre a diversidade cultural ou as situacións de pobreza.

Esta problemática de acceso á vivenda evidénciase e materialízase nas situacións de chabolismo horizontal e vertical existentes actualmente, como ocorre para o caso da poboación xitana ou migrante na cidade da Coruña. Estas formas de habitar o espazo da cidade van xerando co paso do tempo a desvinculación entre a comunidade e as persoas que a experimentan, intervindo cuestións que repercuten negativamente na calidade de vida e benestar así como na participación sociocomunitaria.

A poboación xitana residente nos asentamentos precarios da cidade da Coruña enfronta unha situación de exclusión residencial derivada non so por motivos económicos, senón tamén por outras barreiras relacionadas coa súa identificación como grupo diverso culturalmente e pertencente aos asentamentos. En numerosas ocasións, este feito vese exemplificado coa reticencia da parte propietaria a alugar as vivendas por cuestións puramente discriminatorias que teñen en conta a cultura ou o lugar de residencia.

<u>A condición de precarista</u>

Entre os diferentes grupos aos que afecta a carencia de vivenda atópase a poboación dos asentamentos precarios cuxa especificidade respecto doutros colectivos é a súa condición de precarista, entendida esta como a falta de

11 Cortés y Alonso, (2007). *La exclusión residencial*. Revista bimestral de la FSG, nº40-41, Junio-Octubre

recoñecemento dos seus dereitos vinculados a tenencia da vivenda.

Estas persoas viven nunha situación de exclusión residencial determinada tanto polo contexto urbanístico do asentamento (localización en terreos non planificados para uso residencial, carencia de seguridade xurídica e de dispoñibilidade de servizos urbanos) como polas condicións físicas das vivendas, as cales non cumpren os parámetros mínimos esixidos polos organismos internacionais:

Unha vivenda adecuada debe ser habitable, no sentido de poder ofrecer espazo adecuado aos seus ocupantes e de protexelos do frío, da humidade, a calor, a chuvia, o vento ou outras ameazas para a saúde, de riscos estruturais e de vectores de enfermidade. Debe garantir tamén a seguridade física dos ocupantes[12].

A condición de precarista vén dada por unha falta de recoñecemento dos dereitos con respecto á protección legal da súa vivenda. Ante a falta do recoñecemento deste dereito non é posible pois esixir uns deberes derivados do mesmo. Desta maneira orixínase unha situación de desigualdade entre a poboación precarista e o resto da cidadanía que está a prexudicar a ambas partes.

Esta situación de inseguridade xurídica unida ás condicións de precariedade das súas vivendas e a súa contorna e ao illamento coa cidade durante un tempo prolongado, desencadea paulatinamente nunha situación de exclusión social[13], a cal non é posible solucionar dotando a estas persoas dunha vivenda senón que é necesario dar resposta a un conxunto de carencias e necesidades que caracterizan a situación de vulnerabilidade e exclusión social na que viven.

<u>A vivenda como factor de inclusión e benestar</u>.

A vivenda é un dereito fundamental e un elemento satisfactor básico[14] das necesidades que se torna esencial para o desenvolvemento humano e o benestar e polo tanto para a inclusión social.

A carencia de vivenda leva consigo unha degradación das condicións de vida que inflúe negativamente en diferentes dimensións da persoa, a nivel individual e comunitario. Así, esta carencia supón tamén unha barreira para acadar unha participación satisfactoria e que facilite os procesos naturais de inclusión das persoas na sociedade.

Os procesos de exclusión social prodúcense habitualmente pola confluencia de diversos factores, entre os que se atopa a carencia ou precariedade da vivenda. Neste sentido, as situacións de pobreza adoitan estar directamente relacionadas con situacións residenciais precarias ou de ausencia de vivenda digna.

A continuación expóñense algunhas das ideas fundamentais asociadas á vivenda:

A vulneración do dereito fundamental ao refuxio produce una sensación de desprotección e inseguridade no individuo quebrando a súa relación co medio no que habita. A vivenda é un espacio físico onde se constrúe o fogar, como primeira institución para a construción da vida persoal dunha maneira independente constituíndo o espazo como algo íntimo. É un contexto onde a persoa realiza as actividades básicas da vida cotiá -como a comida, o descanso, a hixiene persoal, o estudo, estar coa

12 BOE (1977). Especificados na Observación nº4 en relación ao artigo 11 do Pacto Internacional polos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais 1966, ratificado por el estado Español.

13 Exclusión social: *"Proceso mediante o cal os individuos ou grupos son total ou parcialmente excluidos dunha participación plena na sociedade na que viven"* (European Foundation, 1995:4).

14 Max Neef, Manfred (1994) *Desarrollo a Escala Humana*, Icaria editorial.

familia ou o xogo, entre outras- fortalecendo a confianza e o confort; permitíndolle atender a outros ámbitos sociais como a educación regrada ou o traballo fóra do fogar, ocupacións que na nosa sociedade adoitan ter lugar en espazos alleos á vivenda. A falta dun espazo no que vivir ten consecuencias negativas no benestar físico, mental e social de persoas e poboacións[15].

A vivenda é un lugar de socialización e aprendizaxe de roles e estruturas sociais. No contexto privado que conforma o espazo íntimo da vivenda apréndense moitos conceptos como o da familia e o fogar, así como conceptos espaciais, temporais, de xénero, etc. É tamén un espazo de maduración no que se aprende a convivir na sociedade respetando as normas comúns. A vivenda actúa como enlace espacial entre o grupo familiar e o resto da sociedade, especialmente coas comunidades veciñais e locais[16].

Polo tanto, o non acceso a una vivenda prexudica á identidade das persoas, a súa dignidade e a súa autopercepción, construíndo unha imaxe negativa de sí mesmas que se extende a todos os ámbitos das súas vidas (laboral, social, cultural, identitario, etc.) e limitando o desenvolvemento da súa personalidade libremente así como acadar unha vida plena; promovendo deste xeito a entrada da persoa nun círculo de vulnerabilidade e exclusión.

A situación de exclusión residencial que se vive nos asentamentos precarios, prolongada no tempo, desencadea unha situación colectiva de exclusión social que non pode ser atallada únicamente a través do acceso a unha vivenda. Cando unha carencia rebasa os límites críticos de intensidade e duración xera situacións que rompen o vínculo entre a persoa e a sociedade.

Polo tanto, o obxectivo é recuperar ese vínculo entre a persoa e a sociedade, a través do desenvolvemento das capacidades da persoa como ser social, recuperando os dereitos económicos, sociais e culturais básicos (emprego, saúde, educación, vivenda, identidade, ...) e o dereito á participación cotiá e á cidadanía.

**2.3 A problemática da exclusión residencial no contexto local.**

A Coruña, é a cidade de Galicia con máis chabolistas[17]. Ademáis destas persoas que aínda subsisten en asentamentos precarios na cidade, a cifra duplícase se consideramos o chabolismo vertical: aquelas familias en situación de exclusión social marcada pola situación de chabolismo preexistente e que seguen vivindo nunha situación precaria, sen dereitos recoñecidos en relación á vivenda que habitan e, polo tanto, sen deberes asumidos en relación a ela.

En Coruña existen actualmente 3 asentamentos chabolistas: O Portiño, As Rañas e A Pasaxe.

| Asentamentos existentes | Nº unidades convivencia | Nº persoas | Nº menores |
|---|---|---|---|
| As Rañas | 25 | 99 | 44 |
| O Portiño | 78 | 280 | 70 |
| A Pasaxe | 40 | 120 | 38 |
| Total | 129 | 499 | 152 |

Fonte: elaboración propia

Os escasos resultados no tocante á inclusión plena destas familias na sociedade demostran algunhas carencias das políticas sociais de vivenda desenvolvidas nos últi-

15 OMS, 2009. Informe da Comisión de Determinantes Sociais da Saúde

16 Cortés Alcalá, Luis y Paniagua, José León (1997) *La vivienda como factor de exclusión social*

17 Datos de 2007: das 7 principais cidades galegas, só 4 delas tiñan poboación chabolista, entre elas figuraba A Coruña en primeiro lugar con 1142 chabolistas e en segundo lugar Vigo con 192 chabolistas (Xunta de Galicia e FSG (2007) Chabolismo en Galiza, Informe de situación 2007)

mos anos nas que non se priorizou unha intención política de devolver os dereitos ás persoas para acadar unha situación de seguridade xurídica que sexa recoñecible diante de terceiros, senón que se enfocaron como intervencións asistencialistas que perpetuaron a dependencia das persoas e non promoveron a súa autonomía.

Ata o de agora, todas as intervencións realizadas para a erradicación do chabolismo na cidade implementaron medidas de tipo económico e orientadas ao acceso a bens materiais pero apenas se traballou a satisfacción das necesidades básicas (provocadas por esta situación de exclusión) dunha forma sinérxica. Estas intervencións non estan a resultar sostibles no tempo, o que evidencia que non se incidiu practicamente nun plantexamento integral de loita contra a exclusión.

Na Coruña, tras 40 anos de intentos de dar unha solución a esta problemática non so non se atoparon as vías axeitadas para traballar co problema da exclusión orixinado pola carencia prolongada de vivenda, senón que se conseguiu normalizar unha situación totalmente intolerable nun estado de dereito. As medidas de erradicación do chabolismo implementadas ata o momento foron en moitos casos alleas á realidade cotiá desta poboación vulnerable, polo que a miúdo orixinaron un aumento da dependencia e una inmersión cada vez máis profunda no círculo da exclusión social.

### 2.4 Contextualización xeral dos asentamentos precarios da Coruña.

Nos anos 80, a maioría dos asentamentos chabolistas da cidade da Coruña situábanse en terreos marxinais dentro das zonas urbanas (Orillamar, San Roque de Afora, Vioño, Casablanca, Oleoducto, A Cubela, Urbanización Soto...) e, polo tanto, os residentes nestes enclaves contaban coa vantaxe de ter boas condicións de comunicación. Esta ubicación proporcionáballes accesibilidade para as súas relacións laborais, baseadas, nomeadamente, en actividades informais non reguladas: descargas no porto, recollida de chatarra e cartón, venda ambulante, recollida e venda de percebes e marisco, etc. Ademáis dispoñían de servizos urbanos comunitarios próximos aos asentamentos (luz, saneamento, recollida de lixo, etc.).

A desaparición do asentamento chabolista situado en A Cubela (onde se atopa actualmente El Corte Inglés) no ano 1983-84, provocada polo valor estratéxico e económico da zona, supuxo o desprazamento forzoso dos seus residentes e a formación, como consecuencia do mesmo, de tres novos asentamentos chabolistas situados na periferia da cidade: As Rañas, Penamoa e A Pasaxe.

Os asentamentos de Orillamar, Casablanca e Oleoducto foron obxecto de intervencións de realoxo realizadas entre a administración municipal e a autonómica. No 2007 comeza o Plan Especial de Penamoa, que aínda hoxe segue en proceso de desenvolvemento. O asentamento xa non existe físicamente como tal pero o proceso de inclusión das persoas que habitaban nel continúa.

No ano 2015, os asentamentos precarios que aínda existen na cidade son: O Portiño, As Rañas e A Pasaxe.




Situación dos asentamentos nos anos 80.

### 2.4.1 Orixe e evolución histórica de O Portiño.



Situación do asentamento de O Portiño no entorno de Bens

Orixe do barrio do Campanario.

O asentamento de O Portiño, tamén coñecido por O Campanario, nome que se lle da ao barrio, ten a súa orixe no ano 1962 coa doazón duns terreos particulares ao Concello para construír vivendas baratas destinadas a solucionar o problema do chabolismo. Este feito supuxo a orixe do asentamento en terreos ubicados nunha zona afastada da cidade sen ningún tipo de equipamento ou urbanización, situación que marcará a evolución e o estado actual do barrio 50 anos despois. No ano 1965 chegou ao Campanario o Pai Villa, que, ademáis de levar a cabo unha labor social fundamental para os seus habitantes, promoveu a construción de diversas vivendas, un total de doce, xa cun estándar habitacional lixeiramente máis alto que os barracóns orixinais, ademáis do edificio da escola, que co paso do tempo pasaría a ser o actual Centro Social.

Sería preto desa zona onde a comezos dos anos 70 se procedería á instalación do vertedoiro de lixo. O que se dicía ían ser aloxamentos provisionais, barracóns que non cumprían, e seguen a día de hoxe sen cumprir, as mínimas condicións de habitabilidade, consolidáronse co paso do tempo converténdose en infravivendas de propiedade municipal.

No ano 1975 Cáritas remata a construción dun bloque de doce vivendas que en pouco tempo foi completamente ocupado por diversas familias. Co paso dos anos, e cada vez máis esquecido, o barrio seguiu a medrar dun xeito máis desordeado, aparecendo por primeira vez o fenómeno da vivenda informal, para dar resposta ao aumento da poboación do barrio en condicións moi precarias.

A consolidación do barrio do Campanario chegou a finais dos anos 70 coas seguintes construcións que permanecen ata o día de hoxe constituíndo un dos barrios da cidade:

- Barracóns orixinais en fileira (1963) (planta baixa): 31 vivendas
- Vivendas en planta baixa do Pai Villa (1965) (planta baixa): 5 vivendas
- Bloque do Pai Villa (1965) (baixo+unha planta): 6 vivendas
- Bloque de Cáritas (1975) (baixo+dúas plantas): 12 vivendas
- Centro Social (semisoto+baixo)
- Construcións informais (planta baixa): 24 vivendas (foron construídas posteriormente dada a necesidade de vivenda, en algúns casos, dos descendentes das unidades familiares que alí viven)

Durante moitos anos, e ata hai ben pouco, esta área non deixou de ser unha das “traseiras da cidade” na que se situaba o vertedoiro de Bens, ademais de contar nas súas proximidades con instalacións como a Estación de Depuración de Augas Residuais (EDAR).

Nos últimos tempos, e despois da catástrofe do derrubo do vertedoiro (1996), o selado do mesmo e a recuperación do Monte de San Pedro (1999) e do Parque de Bens (2001) como áreas lúdico-recreativas, a situación mudou sustancialmente. Esta franxa de territorio antes esquecida estase a converter nunha das bolsas urbanizables máis apreciadas dos últimos tempos. A presenza do porto e cala de O Portiño, xa sen vertedoiro veciño, convértese nun atractivo a maiores.

O PORTIÑO ANOS 2003 E 2014





Fonte: Google earth

No ano 2009 e dentro dunha iniciativa promovida polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia chamada “A Cidade dos barrios”, un colectivo de arquitectos realizou un obradoiro no barrio do Campanario no que plantexaba incentivar o movemento veciñal e a cohesión social no barrio, co fin de exercer unha cidadanía activa e consciente para ser quen de transformar o entorno no que se vive. O proceso de difusión pública empregouse para sacar á luz tanto a existencia do barrio como as súas carencias e deficiencias, que deben ser coñecidas por toda a sociedade para poder ser abordadas.

Durante a devandita actividade veciñal avaliáronse as deficiencias habitacionais, que poderían resumirse nas que se seguen: as carpinterías atopábanse en estado moi precario na meirande parte dos casos; o estado das instalacións de electricidade, auga e saneamento, era na práctica totalidade dos casos moi deficiente ou incluso inexistente e o estado das cubertas estaba moi deteriorado non cumprindo a súa función de illamento térmico nin de impermeabilización.

A raíz da difusión e o proceso de denuncia activado polo obradoiro participativo no barrio do Campanario, a Concellería de Rehabilitación do Concello da Coruña encargou en 2010, a este mesmo colectivo, un novo obradoiro coa veciñanza do barrio co obxectivo de mellorar as súas vivendas, que tal e como se concluiu na avaliación incial, atopábanse nunhas condicións insuficientes para garantir a saúde e protección das familias. Establecéronse categorías de intervención de maior a menor urxencia: seguridade dos ocupantes, salubridade, confort e intervencións xerais. Elaborouse un plan da actuación, consensuado coa veciñanza, que foi aprobado polo Concello. O obradoiro alternou os procesos formativos, contando con profesionais dos distintos ámbitos, coa realización dos traballos por parte dos habitantes do barrio. O resume de actuacións foi o seguinte: 28 instalacións eléctricas renovadas, máis de 1900 $m^2$ de cuberta illada e impermeabilizada, traballos varios de albanelería e fontanería e 101 xanelas substituídas.

Nesta intervención existiu unha metodoloxía de traballo que priorizou a implicación dos habitantes en todo o proceso e existiu unha xestión social da intervención (non só construtiva ou económica), destacando o valor engadido que aportan os profesionais competentes en materia de hábitat.

Posteriormente, tras o incendio acontecido no ano 2011 na contorna do barrio, que sufriu importantes danos nas vivendas, a Concellaría de Servizos Sociais do Concello firmou un convenio a través da Fundación Secretariado Gitano[18] para a concesión dunha partida destinada a execución de obras de mellora, sen específicar e enmarcada nun Convenio para a xestión de axudas de vivendas. Finalmente, realizáronse actuacións de emerxencia no bloque construido por Cáritas e nalgunhas chabolas afectadas polo incendio. Este Convenio renovouse ao ano seguinte coa mesma finalidade e cantidade presupuestaria.

18 Concello da Coruña (2011,2012) Convenio con FSG para a xestión de axudas de vivendas (Ref: CV 58/2011): importe de 200.000 euros en 2011 e (Ref: CV 61/2012): importe de 200.000 euros en 2012.

## INTERVENCIÓNS NO CAMPANARIO







Obradoiro participativo de autoconstrución realizado dentro da iniciativa A Cidade dos Barrios, 2009. (1 e 2)

Intervención realizada no obradoiro participativo de autoconstrución promovido pola Concellaría de Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña, 2010. (3)

Imaxes: ASF Galicia



EVOLUCIÓN DA CONSTRUCIÓN DE VIVENDA NO BARRIO. O PORTIÑO.

0 10 50 100 ESCALA 1/1500

- 1963: Barracóns orixinais en fileira (31 viv)
- 1965: Vivendas do Pai Villa. Baixo (5 viv)
- 1965: Bloque do Pai Villa. Baixo + I (6 viv)
- 1975: Bloque de Cáritas. Baixo + II (12 viv)
- Centro social. Semisoto + Baixo
- Construcións informais (24 viv)
- Construcións derrubadas ou en ruina
- Límites da propiedade municipal

### 2.4.2 Orixe e evolución histórica de As Rañas



Situación do asentamento de As Rañas no entorno de Pocomaco

Orixe de As Rañas.

Como xa se comentou no apartado anterior, o desaloxo do asentamento chabolista de A Cubela no ano 1983-84 provocou a aparición de 3 novos asentamentos, entre os que estaba o de As Rañas.

Debido á expulsión dos terreos que ocupaban, o matrimonio Gabarri-Borja decide mercar unha parcela no ano 1986, despois de estar provisionalmente en Vioño, e así asentarse nunha finca da súa propiedade situada na periferia do núcleo rural de As Rañas, ao oeste do polígono industrial de Pocomaco.

Na súa orixe instálase na parcela a familia Gabarri-Borja e constrúen 7 chabolas de madeira.

Posteriormente, a principios dos anos 90, mercan outras dúas parcelas cun total de superficie aproximado de 5.000 m$^2$.

Evolución histórica e medidas implementadas polo Concello da Coruña.

A situación da parcela en terreo rústico, non impediu a construción de vivendas en terreos non aptos para a residencia e unha situación de hacinamento dos descedentes do matrimonio Gabarri-Borja (ata 4 xeracións na actualidade) en construcións precarias sen acadar os mínimos estándares de habitabilidade. Asemade, a situación de illamento con respecto ao resto da cidade, agrava a situación de vulnerabilidade social que xa padecía a familia cando se instalou na parcela.

A parcela de As Rañas leva consigo un condicionante urbanístico básico: é Solo Rústico con protección de Infraestruturas, polo tanto non é edificable. Ademáis, a parcela sobre a que están construídas as vivendas, é terreo de propiedade privada da familia Gabarri-Borja. Estas dúas condicións dificultaron a asignación de recursos públicos para a mellora das condicións de vida na propia parcela. Todas as decisións políticas de intervención en As Rañas pasaron por implementar medidas paliativas para mellorar este reducto inhabitable onde a súa poboación sorprendentemente segue loitando por saír adiante e integrarse na cidade.

- O proxecto de rehabilitación para As Rañas

No ano 2007, o Concello inicia o Proxecto de Rehabilitación de As Rañas dentro do Programa de Erradicación do Chabolismo da cidade, como exemplo de compromiso coa vivenda e o emprego. O proxecto encargase ao arquitecto sevillano Santiago Cirugeda e é executado a través dunha entidade social. Nun primeiro momento foi a través da Asociación Sagrada Familia e despois a través da Fundación Secretariado Xitano (FSG) mediante a fórmula de Convenios Nominativos. A intención inicial da actuación foi a recuperación e acondicionamento das 19 infravivendas do barrio, así como formar á veciñanza a través da participación na autoconstrución das súas vivendas, co obxectivo de adquirir experiencia no campo da construción para poder acceder ao mercado laboral.

No ano 2007 iníciase unha intervención exclusivamente construtiva levada a cabo por unha construtora local, consistente nunhas melloras na parte alta da parcela que son paralizadas nese mesmo ano.

No ano 2008 se reinician os traballos noutra zona da parcela, neste caso na parte baixa que está orientada ao surleste e xunto á vía do tren polo tramo do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Intervense no cerramento exterior de 3 das vivendas desta zona, quedando sen rematar no interior. Derrúbanse outras 3 vivendas desta zona, á espera da chegada das casas prefabricadas.

No 2010, instálanse as 3 vivendas prefabricadas que sustituirían ás 3 vivendas derrubadas.13 das infravivendas non foron obxecto de intervención municipal.

| Orzamento | Monto (euros) | Plan/programa | Organizacións participantes |
|---|---|---|---|
| 2007/2008 | 270.000 | Programas de erradicación de chabolismo e rehabilitación en As Rañas. | Concello A Coruña |
| 2009 | 150.000 | Convenio Nominativo Sagrada Familia (As Rañas) | Concello e Sagrada Familia |
| 2009 | 400.000 | Convenio Nominativo FSG | Concello e FSG |
| 2010 | 200.000 | Convenio Nominativo FSG | Concello e FSG |

Fonte: Concello da Coruña





Proxecto de rehabilitación do asentamento. Dúas das vivendas nas que se interveu no cerramento exterior. Na foto de abaixo apreciase a soleira á dereita, á espera da chegada dunha vivenda prefabricada
Imaxes: ASF Galicia

AS RAÑAS ANOS 2003 E 2014





Fonte: Google earth




INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN DE VIVENDAS (2007-2010). AS RAÑAS

- Vivendas con intervención de rehabilitación
- Vivendas con intervención de rehabilitación paralizada
- Vivendas prefabricadas
- Vivenda precintada
- Vivendas sen intervención
- Límites de propiedade particular

### 2.4.3 Orixe e evolución histórica de A Pasaxe



Situación do asentamento de A Pasaxe

<u>Orixe de A Pasaxe</u>.

Nos anos 80, a partir do desaloxo de A Cubela, asentase poboación xitana convivindo con mercheros e ciganos portugueses, nas naves abandoadas da "Conserveira Celta" e de "Jabones la Toja", localizadas nuns terreos xunto á Ponte Pasaxe, a carón da ría do Burgo nunha parcela limitada ao norte e o leste pola ría, ao sur pola Ponte Pasaxe e ao oeste pola vía de tren Ferrol-A Coruña.

> *"Estes terreos foron obxecto dunha concesión administrativa no ano 1933 ao industrial Julio Wonenburger Canosa, quen recibíu autorización para desecar a marisma existente e explotar esa superficie, na que se levou a cabo un vertido de terras. Co paso dos anos, parte dos terreos vendéronse a diferentes propietarios e sobre as parcelas construíronse edificios industriais, algúns dos cales aínda perviven na zona, aínda que tamén hai unha ampla superficie exenta de construcións."*[19]

<u>Evolución histórica e medidas implementadas polo Concello de A Coruña</u>.

Ano 1999: Declaración de ruína inminente:

O esqueleto da nave de Jabones La Toja foi declarado obxecto de ruína inminente no ano 1999 e notificado ao Grupo Gillete España, S.L. como propietario da nave La Toja.

En 2004, notifícase a todas as persoas residentes na Nave do aviso de ruína inminente e da demolición prevista nun plazo inmediato. Se lles envía a mesma notificación que á propietaria da Nave nese momento, a inmobiliaria Altramud, coa confusión que eso provocou nas persoas residentes ao non saber qué tiñan que facer. A partir destas notificacións, o Goberno local negocia coa propietaria o pago de axudas por un importe de 12.000 euros a cada familia residente nas naves de Jabones La Toja e tamén das da Conserveira Celta para saír do asentamento.

A Xunta de Goberno Local aproba neste ano 2004 o programa de axudas municipais para a adquisición e/ou autoconstrución destinado a 10 familias do asentamento chabolista de Ponte Pasaxe por un importe total de 120.000 euros. No ano 2005 procédese por resolución da Xunta de Goberno Local á aprobación dun Programa Municipal para a erradicación do chabolismo cunha partida de 180.000 euros destinada a traballar con 15 familias de asentamentos chabolistas de A Coruña. Con estas axudas, algúns beneficiarios se trasladaron a vivir noutros lugares (algúns deles sumaron a axuda municipal con axudas autonómicas para rehabilitación que incluían o pago do proxecto técnico, con prezos económicos mediante un Convenio do Concello co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia).

Nomeadamente a compra de terreos fíxose no Monte Xalo, nos Concellos de Cerceda e Carral. Pero no ano 2006 o Concello de Cerceda paralizou as licenzas, imposibilitando a moitas familias á autoconstrucción da súa vivenda, que era o obxectivo final da axuda. Hai outros casos que, por falta de asesoramento urbanístico, mercaron terreos en solo rústico sen posibilidade de edificar. E, noutros casos, investiron os cartos no pago dun aluguer e ao rematarse a axuda volveron para o asentamento.

19 Noticia na páxina web do Concello da Coruña, a 23 de xaneiro de 2007.

Finalmente as familias quedaron sen a posibilidade real dunha alternativa habitacional sostible por falta de seguemento da intervención. O Programa limitábase a unha aportación económica que non foi suficiente para acadar unha inserción social necesaria para saír do asentamento.

No ano 2005, se paraliza o expediente de derrubo da Nave Jabones La Toja, con intención de demolición a efectos de execución subsidiaria. A Conserveira Celta, que da nome ao asentamento, foi derrubada no ano 2006.

En 2007, a Demarcación de Costas do Estado en Galicia aprobou o novo deslinde do litoral, quedando incluida a maior parte do solo onde se atopa o asentamento en zona de dominio público marítimo-terrestre.

O 15 de xullo de 2013, a propietaria da nave “Jabones La Toja”, Inmobiliaria Altramud S.L, intenta levar a cabo o derrubo da nave por conta propia sen ter activado ningún dispositivo de seguridade e protección para as persoas residentes na área de influencia das obras. Este acto considérase unha vulneración dos dereitos dos residentes na nave e, polo tanto, néganse a marchar sen ter garantida una solución axeitada.

Esta situación leva a buscar unha saída xudicial entre a propietaria e o Concello en referencia ao protocolo de desaloxo das persoas residentes na área de seguridade da nave para proceder ao seu derrubo. As persoas residentes participan no proceso xudicial para reivindicar os seus dereitos posesorios a través de varios recursos.

Na sentenza ditada o 26 de xuño de 2015 se declara a obriga do Concello para proceder ao desaloxo dos ocupantes nas construcións situadas na parcela en que radica a Nave La Toja durante o tempo que duren os traballos da súa demolición, sin que este desaloxo temporal afecte á situación posesoria dos ocupantes das construcións.

Anos 2013-2015: Medidas de erradicación do chabolismo por parte do Goberno local.

As axudas xenéricas que ofreceu o goberno local á poboación da Pasaxe para acceder a unha alternativa de vivenda non se adecúan á realidade da poboación chabolista e poñen en evidencia a ampla brecha que separa a esta poboación do resto da sociedade.

Trátase de axudas económicas de 2 tipos:

- Axuda económica de 130 euros para contribuír ao pago do aluguer no mercado libre. Esta medida evidencia a discriminación que padece esta poboación á hora de conseguir un aluguer no mercado libre e as dificultades para asumir o pago do aluguer máis o pago dos suministros. Ademais, aínda contando con esta axuda, os gastos vinculados á vivenda resultan ser superiores ao 50% da súa renda social, coste inasumible para esta poboación.

- Axuda para adquisición de vivenda de 40.000 euros. Esta solución ten como requisito adquirir a vivenda antes de recibir a axuda, situación totalmente inasumible dada a situación económica da poboación chabolista.



Fotografía da nave de Jabones La Toja no 2015
Imaxe: ASF Galicia

A PASAXE ANOS 2003 E 2014





Fonte: Google earth

**2.4.4 Penamoa**



Situación do asentamento de Penamoa

Orixe de Penamoa.

Este asentamento comparte cos anteriores a súa orixe no desmantelamento de A Cubela nos anos 80. Como se expón nos apartados previos, a poboación é desplazada ás áreas periféricas da cidade con escaso interese estratéxico no momento. No caso de Penamoa, a solución que se propón desde a administración é o traslado temporal da poboación aos terreos valeiros de Penamoa que naquel momento era una zona de extrarradio afastada da cidade e ubicada nun área desvalorizada pola cercanía ao vertedoiro e a carencia de comunicacións.

Neste descampado habilitáronse 50 barracóns, chamados "casas brancas" que non cumplían as condicións mínimas de habitabilidade. Non se plantexa unha actuación que mellore a comunicación coa cidade para tratar de facilitar a súa conexión de modo que, co paso dos anos, vaise conformando un auténtico gueto que crece alleo á cidade. Máis tarde, a poboación chabolista residente na área de Vioño é tamén desaloxada e moitas familias recalan en Penamoa.

Esta situación provocou a ruptura total das redes sociais que estas familias tiñan establecidas na zona da Cubela, donde moitos desenvolvían a súa actividade como temporeiros no porto. Esta brecha desencadeaou unha situación grave de exclusión social, empeorada pola distancia dos equipamentos urbanos sanitarios, educativos ou culturais.

A situación de realoxo desta poboación vulnerou desde o comezo os dereitos humanos desde o punto de vista da habitabilidade básica e de servizos sociais. Esta realidade prolongouse no tempo ata o ano 2008, xerando dinámicas cada vez máis complexas na poboación e conducindo a este asentamento a unha situación intolerable e de cada vez máis difícil solución. Dez anos despois do realoxo inicial, a poboación aumentara notablemente e residían un total de 76 familias, arredor de 400 persoas que se dsitribuían en tres áreas: As casa brancas e dous asentamentos que foron crecendo ao seu arredor, a base de chabolas precarias.



Vista das chabolas do asentamento.
Fonte: El Ideal Gallego



Sector dos barracóns orixinais no asentamento de Penamoa, ano 2007.
Fonte: Google earth, 2007

<u>Evolución histórica e medidas implementadas polo Concello da Coruña</u>.

No ano 1990 comezou a escolarización dos menores ao habilitar 3 aulas na Silva. Cabe destacar que durante eses primeiros cinco anos todolos menores e adolescentes mantivéronse fora do sistema escolar sin que se implementasen medidas específicas nesta liña. Neste momento xa se comeza a detectar un gran deterioro da convivencia no asentamento e un grave aumento da conflictividade.

No ano 2008, a situación está totalmente sobrepasada. O número de residentes crecera de forma exponencial ata rondar as 99 chabolas. É neste ano no que esta área da cidade adquire interese para a administración debido ao trazado da terceira rolda. Isto supón o lanzamento do Plan Especial de Penamoa ( PEP) acompañado polo Programa Marco de Realoxos. Este último contemplaba as seguintes modalidades de axuda á poboación:

1. Adquisición de vivenda por parte da unidade familiar
2. Promoción e autoconstrucción da propia vivenda
3. Aluguer de vivendas de propiedade municipal
4. Aluguer de vivendas a través do convenio coa Fundación Secretariado Xitano

No ano 2012, 80 das familias adheríranse ao PEP e, según datos do ano 2011, atopábanse distribuídas da seguinte maneira:

- 20 familias realoxadas en piso en propiedade.
- 16 familias realoxadas en piso en aluguer.
- 24 familias realoxadas noutros concellos limítrofes á Coruña e pertencentes ao Consorcio das Mariñas, sen coordinación clara entre as administracións.
- 20 familias en espera de vivenda en casas de familiares.

O derrubo das construcción dos terreos iniciouse sen ter resoltas as necesidades de realoxo de alomenos 19 familias e mantendo ás restantes 80 nunha situación incerta que derivou posteriormente en ocupacións en terreos da mesma zona de Penamoa e nunha ocupación sostida ao longo de varios días en abril de 2012 no edificio de A Moura.

A meirande parte das medidas implementadas pola administración son axudas ao aluguer cunha duración limitada, pero non se incluiron accións orientadas á insercion socio-laboral destas familias. Polo tanto, non se conseguiu aportar unha solución que atallase a situación de dependencia e, incluso contando con ditas axudas, tiñan dificultade para completar os pagos de aluger ou os recibos de auga e electricidade. Ao carecer dun marco temporal concreto, aínda a día de hoxe a incerteza e a inseguridade destas familias é elevada. A falta de seguridade xurídica para consolidar un proceso de inserción efectivo e a total inseguridade de rentas aboca a estas a familias a una dependencia total da entidade coordinadora que xestiona o Plan baixo as directrices da Concellaría de Xustiza Social.

Ás 19 familias que non se acolleron ao PEP, no ano 2011-2012 foronlles derrubadas as súas chabolas por orde xudicial sin que se lles garantira una solución específica.

No mes de abril de 2012 salta os medios a ocupación do Edificio de A Moura. A presión policial e mediática, os conflictos entre a veciñanza e a propia insostenibilidade da ocupación fai que, en poucos días, as familias regresen aos lugares onde estaba aloxados. Este feito puxo en evidencia a existencia dun problema no realoxo aínda por resolver para moitas familias.

Se analizamos a situación actual, no ano 2015, da poboación de Penamoa atopamos que as familias realoxadas continúan a estar nunha dependencia total das axudas públicas e dos alugueres subrogados a una entidade privada o cal provoca que o Concello dependa de convenios con dita entidade. A día de hoxe só 26 familias ( unhas 105 persoas) procedentes do Plan de Realoxo residen nestes pisos a son atendidas pola entidade Afundación.

| Orzamentos | Monto (euros) | Plan/programa | Organizacions participantes |
|---|---|---|---|
| 2008 | 240.000 | Programa Marco de Realojamiento das familias adscritas ao PEP | Concello A Coruña |
| 2009 | 900.000 | Plan Municipal de Erradicación do Chabolismo: adquisición de vivendas. | Concello A Coruña |
| 2010 | 200.000 | Convenio Nominativo FSG | Concello e Secretariado Gitano (FSG) |
| 2011 | 317.000 | Convenio Nominativo FSG | Concello e Secretariado Gitano (FSG) |
| 2012 | 317.000 | Convenio Nominativo FSG | Concello e Secretariado Gitano (FSG) |
| 2013 | 330.000 | Convenio Nominativo FSG | Concello e Secretariado Gitano (FSG) |
| 2014 | 330.000 | Convenio Afundación | Concello e Afundación |
| 2015 | 330.000 | Convenio Afundación | Concello e Afundación |

Fonte: Concello da Coruña

PENAMOA ANOS 2003 E 2014





Fonte: Google earth

### 2.4.5 Orillamar




Situación do asentamento de Orillamar.

Orixe de Orillamar.

O asentamento de Orillamar conformouse ao redor dos anos 75 e 80 coa construcción das primeiras chabolas nas inmediacións do cemiterio de San Amaro. En moitos casos, antes de mudarse a Orillamar, as familias residían en chabolas no barrio de Monte Alto e Atocha Alta. A diferenza dos anteriores asentamentos comentados, atopábase situado nunha zona interna da cidade, integrándose na estructura propia do barrio de Monte Alto. Os seus residentes estaban en contacto coa veciñanza nunha convivenza fluida. A pesares disto, os residentes permaneceron nunha situación de precariedade durante 20 anos.

A poboación de Orillamar adicábase fundamentalmente ás actividades no porto, ao igual que o facían os residentes da Cubela. As condicións de habitabilidade e salubridade eran o gran problema deste asentamento, pois as comunicación e a relación coa cidade estaban relativamente consolidadas.

No ano 2000 anúnciase a demolición inminente das vivendas que veñen a definir como arcóns pola súa morfoloxía. Neste momento a poboación comeza un proceso de negociación co Concello para garantir un realoxo digno que lles permita continuar coa súa actividade laboral e sen quebrar as redes sociais que establecerán na zona.

Evolución histórica e medidas implementadas polo Concello da Coruña.

En Outubro do ano 2001 o Concello da Coruña e a Consellería de Política Territorial, firman un Convenio para desenvolver un plan de erradicación do chabolismo onde se ubicaban os arcóns de Orillamar. Neste acordo defínense as condicións para a demolición dos arcóns e o realoxo das 44 familias. Na parcela onde se ubicaba o asentamento se prevé a construcción, por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), dun bloque con 44 pisos de protección oficial e 1.223 m2 de locais.

Pola súa parte, o Concello adquire o compromiso de aloxar aos residentes en pisos de aluguer durante a duración das obras, que se estima en dous anos. Con este obxectivo, pon en marcha o asesoramento para a búsqueda de pisos en aluguer ademais dunhas axudas de aproximadamente 120 euros ao mes. Según fontes do goberno municipal do momento a inversión total ascendería aos 2,4 millóns de euros. Sen embargo o prazo comeza a demorarse debido a una modificación do proxecto orixinal que finalmente inclúe a construcción dun centro de saúde na mesma parcela.

Durante os meses seguintes comeza unha procura intensiva dun piso de aluguer por parte das familias. Pronto, a pesar da boa relación coa veciñaza dos residentes, faise patente o rexeitamento dalgúns sectores da cidade ao negarlles o alugar reiteradamente, deixando nunha situación de total incerteza e desazón ao comprobar que na maioría dos casos é por motivos discriminatorios. Un mes despois de firmar o acordo co concello só 8 familias conseguiran un aluguer e a situación convértese en preocupante xa que á dificultade económica de atopar un lugar onde vivir acorde ás súas circunstancias persoais, únese o rexeitamento que senten por parte da cidade.

Ante o estancamento da situación a Concellaría ponse en contacto con colectivos como Cáritas, Cruz Vermella ou grupos voluntarios da universidade así como con asociacións de veciños e inmobiliarias para dar apoio e acompañamento as familias e tratar de avanzar no realoxo temporal.

A finais de outubro dese ano 2001, desde a Concellaría de Servizos Sociais anúnciase que nun prazo de dous meses o realoxo das 22 familias restantes será efectivo e da comezo á demolición parcial dos arcóns. Dado que unhas construcións están apoiadas noutras, resulta imposible realizar os traballos con seguridade e limítanse a arrincar portas e fiestras para evitar que as vivendas xa baleiras sexan reocupadas. No mes de novembro dese ano aínda existen 10 familias residindo no asentamento polo que a demolición, nomeada como inminente, foise retrasando. A pesar da mediación dos Servizos Sociais as familias continuaron tendo moitos problemas de rexeitamento á hora de lograr acceder a un aluguer. O descontento e a desconfianza aumentaron xa que moitas das familias reubicadas non lograran atopar un fogar preto da zona de Orillamar e vense obrigadas a establecerse lonxe do seu entorno familiar.

Todo o proceso dependeu da conclusión do realoxo temporal das 36 familias restantes para poder proceder á intervención na parcela. Finalmente, en xullo de 2005 as vivendas son adxudicadas ás 44 familias a través dun contrato de arrendamento con mensualidades de 50, 60 ou 70 euros en función do número de dormitorios (2, 3 ou 4).





Fotografías dos arcóns do asentamento de Orillamar.

Imaxes:(1) La Voz de Galicia 27.10.2001, (2) La Voz de Galicia 27.11.2001



Situación actual dos bloques de vivendas na ubicación do asentamento.

Fonte: Gogle earth

# 3. ESTADO ACTUAL DOS ASENTAMENTOS PRECARIOS NA CIDADE DA CORUÑA.

Os puntos que se redactan neste apartado fan referencia aos 3 asentamentos aínda existentes na cidade: O Portiño, As Rañas e A Pasaxe

### 3.1 Descrición dos aspectos comúns aos 3 asentamentos.

**Habitabilidade e salubridade.**

A marxinalidade e o illamento caracteriza a localización dos asentamentos precarios na cidade da Coruña. Estes sitúanse nas áreas da periferia, en zonas de difícil acceso e de escasa visibilidade. O illamento físico ven provocado polas malas condicións das comunicacións e da accesibilidade que unen a cidade con estes asentamentos e pola carencia de servizos urbanos comunitarios próximos a estes contextos, condicións que fan que a situación de exclusión social se agrave.

As vivendas construídas nos asentamentos, ademais de non contar con seguridade xurídica, non cumpren os estándares mínimos de habitabilidade e salubridade. Tanto as chabolas como o entorno físico inmediato non garanten a reserva de espazos adaptados ás necesidades que fomenten o desenvolvemento de relacións comunitarias. A ausencia de planificación e tratamento da contorna das vivendas orixinou unha total carencia de espazos destinados a áreas libres, comunitarias ou de esparcemento.

A degradación do entorno, a carencia de infraestruturas ou a falta de mantemento das mesmas (por exemplo alumeado, falta de espazos de aseo nas vivendas, etc.) provoca situacións de inseguridade que afectan especialmente a mulleres e menores.

**Datos demográficos da poboación.**
Datos de 2007[20]: das 7 principais cidades galegas, sólo 4 delas tiñan poboación chabolista, entre elas figuraba A Coruña en primeiro lugar con 1142 chabolistas e en segundo lugar Vigo con 192 chabolistas.

Se analizamos a distribución por provincias extraemos que a poboación chabolista na provincia da Coruña é notablemente superior ás demáis provincias, aínda que destaca o número de asentamentos identificados na provincia de Pontevedra, que se achega o de Coruña.

| Provincia | Nº asentamentos | Nº chabolas | Nº estimado persoas |
|---|---|---|---|
| A Coruña | 14 | 382 | 1828 |
| Lugo | 3 | 64 | 281 |
| Ourense | 9 | 121 | 421 |
| Pontevedra | 13 | 177 | 851 |

Fonte: Informe O chabolismo en Galicia, 2007

No caso da provincia da Coruña, é preciso sinalar que os datos correspondentes á cidade da Coruña non son determinantes. Segundo os datos que se extraen deste informe de 2007, na cidade da Coruña a poboación chabolista atópabase distribuida en catro asentamentos da segunte maneira:

| Localidade | Denominación | Familias | Chabolas | Persoas |
|---|---|---|---|---|
| A Coruña | As Rañas | 19 | 18 | 81 |
| | O Portiño | 72 | 67 | 307 |
| | Penamoa | 123 | 115 | 524 |
| | A Pasaxe | 54 | 51 | 230 |

Fonte: Informe O chabolismo en Galicia, 2007

A día de hoxe na cidade de A Coruña existen 3 asentamentos chabolistas: O Portiño, As Rañas e A Pasaxe.

| Asentamentos existentes | Nº unidades convivencia | Nº persoas | Nº menores |
|---|---|---|---|
| As Rañas | 25 | 99 | 44 |
| O Portiño | 78 | 280 | 70 |
| A Pasaxe | 40 | 120 | 38 |
| Total | 129 | 499 | 152 |

Fonte: Elaboración propia, 2015

20 FSG e Xunta de Galicia (2007). O chabolismo en Galiza

Segundo as táboas anteriores reféxase unha diminución do total de persoas vivindo en asentamentos precarios entre os anos 2007 e o 2015, isto é sobre todo debido á eliminación do asentamento de Penamoa, aínda que unha grande porcentaxe das 123 familias aínda viven en situación de inseguridade xurídica con respecto á vivenda. No caso de As Rañas o número de familias aumentou, instalándose estas na parcela familiar nas mesmas condicións de inseguridade. No caso de A Pasaxe existen algúns casos de familias realoxadas en pisos en condicións económicas moi precarias e algúns outros casos de familias desprazadas en outros asentamentos de Concellos limítrofes como pode ser o de Ledoño, promovidas pola necesidade de apoio nas redes familiares ou na búsqueda de entornos menos hostís.

**A participación.**

A poboación residente nos asentamentos precarios atópase nunha situación de exclusión social que se extende a diversas dimensións da súa vida. A participación, entendida como a interacción entre a persoa e o seu entorno, estará condicionada en todas as súas expresións por aqueles factores que conforman esta realidade de exclusión. Así, o esceario de desigualdade e inxustiza social abrangue problemáticas de diversa índole que supoñen barreiras para a participación da poboación en ocupacións significativas ao longo do ciclo vital e nos diferentes contextos da sociedade.

O acceso e participación nos recursos dependen do grado de significatividade e interiorización que estes teñen na vida das persoas así como da información que se teña sobre os mesmos. De forma xeral, existe unha ausencia de información e comunicación sobre os recursos de referencia a nivel local e da cidade e a participación neles vese limitada a accións moi concretas e en moitos casos ligadas a cuestións de seguimento institucional e supervivencia da unidade familiar.

A ausencia de dinámicas que conecten os recursos coa poboación e que promovan a autonomía e empoderamento nos procesos está moi relacionada cos itinerarios de seguimento. Case sempre acaban xerando relacións de dependencia á hora de informarse e coñecer a oferta de servizos, programas de actividades ou infraestruturas de interese para a participación, a convivencia comunitaria e o benestar.

Actualmente o uso maioritario que se fai dos Centros Cívicos Municipais, case o único recurso empregado, relaciónase co sistema de citas en Servizos Sociais ou coas actividades formativas inscritas nos Proxectos de integración da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA).

É frecuente que a participación se vexa limitada polas barreiras de comunicación e polas dificultades para completar as xestións administrativas requiridas en centros e recursos e que non foron atalladas acorde ás necesidades específicas da poboación.

As dificultades para afrontar os custos directos ou indirectos das actividades así como a ausencia de estratexias de mobilidade (uso limitado do transporte público, descoñecemento dos espazos e estrutura do territorio local) supoñen de novo un afastamento das oportunidades reais de participación. Por exemplo, as persoas que non adquiriron algunas das competencias básicas para a vida cotiá, das cales a maior parte son mulleres, experimentan grandes limitacións cando se enfrontan a xestións de carácter administrativo, á utilización dun transporte urbano, ás demandas ou reclamacións en recursos, etc.; feito que moitas veces se traduce na ausencia de participación en certas actividades polo posible sentimento de vergoña, inseguridade, descoñecemento, incertidume que supón esta situación para a persoa ou pola mera falta de costume.

Esta tendencia, alimentada por cuestións discriminatorias e lexitimada polo paso do tempo, descubre a falta dun sentido de pertenza amplo e comunitario no que exista un

recoñecemento mutuo dos dereitos e deberes asociados á participación das persoas, grupos e comunidades na cidade da Coruña.

**Identidade e cultura.**

Na cidade da Coruña dase a característica que só un dos tres asentamentos actuais está formado exclusivamente por poboación xitana de orixe galego. O asentamento de As Rañas conformouse coma una agrupación familiar de xitanos galegos, cuxa evolución está íntimamente ligada á propia progresión dos lazos familiares.

No asentamento de O Portiño conviven familias xitanas con familias non xitanas -paya como se denomina entre a poboación xitana-. Os residentes son de orixe galego e están unidos por lazos familiares e comunitarios.

No asentamentos de A Pasaxe a convivencia é máis diversa. Existe un grupo de poboación xitana de orixe castelán que, se ben pode diferenciarse nun sector de chabolas delimitado, comparten esta área con familias de mercheros e de ciganos trasmontanos de orixe do nordeste portugués.

Este último grupo de poboación foi excluído das políticas de benestar en xeral en materia de infravivenda e a denominada “problemática xitana”, por ser identificada como persoas residentes extranxeiras e pola carencia de información sobre se o caso dos ciganos estaba incluído ou non dentro da poboación xitana.

Existe unha tendencia a priorizar a condición de “colectivo chabolista” sobre consideracións acerca da etnicidade ou diversidade cultural para calquera investigación sobre chabolismo. Neste contexto podemos intuír que aínda que exista unha situación de exclusión derivada do chabolismo e elementos culturais comúns, trátase dun grupo de poboación heteroxéneo, con seus propios desexos e aspiracións diferentes, polo que é necesario ter en conta a especifidade de cada persoa e familia.

**A educación.**

A participación na educación da poboación dos asentamentos chabolistas reflicte unha imaxe da situación actual que mostra a influenza que ten o contexto para que a implicación da comunidade nesta materia sexa unha realidade.

A poboación en idade adulta presenta un alto porcentaxe de casos, en maior medida de mulleres que de homes, que non acadaron as competencias de lectoescritura e outras básicas para o desenvolvemento da vida cotiá, Moitas persoas teñen incorporadas nos seus proxectos de integración de RISGA as clases de Alfabetización e clases de Educación Secundaria de Adultos.

A escolarización na Educación Primaria para case a totalidade das e dos menores foi un fito acadado durante os últimos anos. Pola contra, aínda existen casos de desescolarización de menores así como factores que dificultan a incorporación a idades temperás e que limitan o rendemento e motivación nas aulas ó longo do período educativo. Esta información evidénciase nos datos recollidos nas táboas a continuación, onde se mostra unha escolarización total das nenas e nenos na Educación Primaria, quedando as etapas de Educación Infantil e posteriores á Educación Secundaria Obrigatoria cunha participación case nula.

| **As Rañas** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Nenos | | Nenas | |
| | Escolarizados | Total | Escolarizadas | Total |
| 0-3 | 0 | 5 | 0 | 3 |
| 3-6 | 0 | 1 | 4 | 4 |
| 6-16 | 8 | 8 | 13 | 13 |
| 16-18 | 0 | 3 | 1 | 3 |

| A Pasaxe | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Nenos | | Nenas | |
| | Escolarizados | Total | Escolarizadas | Total |
| 0-3 | 0 | 2 | 1 | 2 |
| 3-6 | 1 | 4 | 1 | 3 |
| 6-16 | 13 | 13 | 7 | 7 |
| 16-18 | 0 | 1 | 0 | 3 |

A asignación das prazas nos diferentes centros, tendo en conta a distancia, as posibilidades de transporte e a asistencia con outras menores da comunidade, ten un papel decisorio na participación na educación a diferentes niveis. As xestións administrativas dificultan as matrículas e as solicitudes específicas: becas de comedor, becas de transporte, becas de material escolar, entre outras. Existe unha dependencia elevada das traballadoras municipais e dalgunhas entidades sociais para a cumprimentación da documentación, a comprensión das instrucións e prazos de entrega, así como para a presentación de recursos e reclamacións ás resolucións. En ocasións esta dependencia bloquea os propios procesos por falta de capacidade para xestionar a totalidade dos casos das familias e os prazos limitados das xestións.

O modelo de crianza e a estrutura de coidados adoptadas polas familias condiciona o acceso de 0 a 6 anos á Educación infantil. No primeiro ciclo de EI, tramo de 0 a 3 anos, a decisión da familia adoita ser a permanencia das e dos menores na casa para incorporalas no segundo ciclo. Este feito limita as posibilidades, na meirande parte das nais, de poder acceder a un emprego formal.

Os baixos niveis de educación da nai ou do pai dificultan o apoio na propia educación das e dos menores, no que se refire ó reforzo de tarefas, na construción de hábitos de organización do estudo ou na explicación dos contidos específicos. As chabolas e o entorno físico inmediato non garanten a reserva dun espazo adaptado ás necesidades que fomente o desenvolvemento do estudo individual e en familia. Ademais, non existe unha dinámica de uso dos recursos socioeducativos presentes na contorna.

Existe un alto porcentaxe de retraso curricular que, prolongado no tempo, conforma unha barreira para a implicación das e dos menores na educación e ten como consecuencia o baixo rendemento escolar, a desmotivación e o abandono temperá da educación. Este feito móstrase a nivel da Educación Secundaria Obrigatoria no que, especialmente para o caso das mulleres entre 13 e 16 anos, tradúcese nun alto porcentaxe de abandono escolar e acumulación de faltas nas aulas. Se ben esta información non se reflicte nas táboas, xa que ésta non recolle outros aspectos como a repetición de cursos ou o mesmo curso no que se deixan os estudos, o rol das e dos xoves na etapa da adolescencia é un factor que determina a continuación e rendemento nesta etapa educativa.

As condicións de vida e o contexto familiar inflúen de igual modo na interrupción da participación escolar nesta etapa. As aspiracións propias de cada moza e mozo e a ausencia de referencias de éxito merman a súa ambición educativa e conducen a una complexa interiorización das limitacións do seu desenvolvemento intelectual e profesional.

Hai que destacar tamén a baixa participación dos pais e nais nas estruturas como as ANPAS e en xeral a falta de relación entre as familias e o persoal dos centros educativos. Esta falta de implicación non axuda a mellorar a continuidade e mellora dos procesos educativos dos menores.

Actualmente existen casos de mozas e mozos que, tras un proceso de seguimento externo tras o abandono na ESO, presentaron a súa matrícula na Formación Profesional Básica.

**O xogo e o ocio.**

A participación no xogo e no ocio é unha necesidade que pasa desapercibida nas aproximacións que se fan á realidade da poboación dos asentamentos chabolistas pero que é demandada polas propias persoas.

Dende a primeira infancia esta participación tende a limitarse aos asentamentos ou espazos formais de educación durante o período de curso escolar. Non adoitan realizarse actividades de xogo e ocio en familia no marco da vida cotiá. Predomina o xogo solitario ou en grupo co resto das nenas e nenos do asentamento.

O contexto das chabolas non conforma espazos recoñecibles como axeitados para a participación nestas ocupacións. A privación material e a degradación do entorno físico inmediato limitan o desenvolvemento das diferentes tipoloxías de xogo e formas de ocio. A escasa participación fora deste entorno deriva nun descoñecemento dos espazos, equipamentos e recursos públicos así como na limitación para compartir actividades comunitarias que favorezan o encontro con outros grupos de iguais.

A escasa participación das menores de 0 a 3 anos no 1º ciclo de EI supón un desaproveitamento dos espazos, recursos e materiais dispoñibles nas aulas para o desenvolvemento do xogo dende idades temperás que poida apoiar o proceso madurativo e de aprendizaxe.

Acúsase unha ausencia de información sobre a oferta das actividades municipais, da oferta de becas para aquelas actividades con custe económico e dunha difusión dos centros e recursos que respondan ás necesidades ocupacionais ó longo da vida.

Existe unha tendencia a promover actividades extra-municipais enfocadas exclusivamente na poboación dos asentamentos polo que se fomenta a segregación e a desconexión co resto de poboación que participa nas iniciativas públicas (campamentos urbanos, actividades extraescolares, actividades deportivas).

As funcións dos membros da unidade de convivencia relacionadas co ámbito doméstico e de coidados e as actividades produtivas condicionan o tempo dispoñible para os acompañamentos ás menores ou para a propia participación destes.

**Situación económica e laboral da poboación.**

As actividades laborais que realiza a poboación son de carácter informal, ligadas principalmente á venda ambulante, á compravenda de chatarra e xestión doutros residuos como o cartón, ao marisqueo e ás atraccións de feira. Hai unha forte implicación das mulleres no Proxecto Social Mulleres Colleiteiras promovido por Arquitectura Sen Fronteiras e baseado na recollida do aceite usado para a súa posterior reciclaxe.

Polo tanto poderíamos sintetizar estas ocupacións informais en 3 ámbitos básicamente:
- a venda ambulante e ferias
- a xestión de residuos
- as actividades vinculadas ao mar e á ría (pesca e marisqueo).

Nembargantes, cando falamos de ocupacións informais, falamos das condicións de seguridade e estabilidade necesarias. Estas actividades están suxeitas, en primeiro lugar, ás cuotas de autónomos e seguros, o que supón un merma importante dos ingresos mensuais que de por si son irregulares e estacionais. A necesidade de manter regularizada a súa actividade conleva, en ocasións, á priorización na xestión da economía familiar destes pagos fronte a outros elementos fundamentais para a vida cotiá. Por outra banda acceder aos permisos necesarios para a xestión de residuos foise complicando e encarecendo nos últimos anos. Isto empeorou notablemente coa adxudicación da xestión de residuos a nivel municpal a empresas privadas.

Outro inconvinte para a poboación que viña realizando esta actividade e se atopou co acceso aos residuos vedado e privatizado, sendo obxecto de multas e sancións. Os permisos de marisqueo están moi regulados polas cofradías e os propios cupos que se impoñen, o cal obstaculiza o acceso da poboación a novos permisos para exercer esta actividade e dificulta a sostenibilidade a aqueles que xa os posúen.




Situación dos 3 asentamentos existentes en A Coruña no 2015

Polo tanto detectamos que os obstáculos para o desenvolvemento destas actividades é cada vez maior e aboca a unha situación de elevada precariedade ou, no peor dos casos, á acumulación de sancións as que non poden facer fronte, o que conduce a unha condición de proscrición con respecto ás institucións.

Ademais atópase un reparto moi desigual nas tarefas relacionadas cos coidados, sendo as mulleres principalmente as que se fan cargo das persoas en situación de dependencia, menores e do mantemento do fogar, dificultando a conciliación coas ocupacións produtivas que poden representar ingresos para a unidade de convivencia. Así mesmo, a conciliación laboral e familiar é un aspecto clave que necesita traballarse coa poboación e cos servizos ofertados na comunidade, pois o rol que desempeña a muller no seo da familia e o ámbito doméstico, supón unha barreira para a súa participación en actividades. formativas de mellora da empregabilidade e para o propio acceso ao emprego

**3.2 Caso de O Portiño.**

**Características físicas e medioambientais da contorna e do barrio.**

O Campanario, no Portiño, é un barrio formado por vivendas de titularidade municipal que se sitúa no extremo noroeste do termo municipal, illado do resto da cidade. Nel destaca un forte contraste entre a súa vitalidade e a precariedade das condicións en que a vida se desenvolve, con evidentes carencias tanto a nivel de espazo público e servizos como de vivenda.

Os terreos proceden dunha donación particular para fines benéficos co obxectivo de aloxar a persoas con necesidade de vivenda na cidade orixinando un grupo de vivendas e de poboación alleo ás intencións de planificación urbana dos seguintes 40 anos.

Tal e como se especifica no punto 2 deste documento, a consolidación do Barrio do Campanario chegou a finais dos anos 70 coas construcción de vivendas promovidas polo Pai Villa e Cáritas e a construcción do centro social. Todas elas permanecen ata o día de hoxe constituíndo un dos barrios da cidade pero sen participar dos procesos de planificación urbana da mesma. A situación deste barrio e a presión sobre os seus habitantes agudizouse dende que esta zona comezou a revalorizarse no mercado coa recuperación da área verde do actual Parque de Bens e a toma de conciencia do valor estratéxico inmobiliario de esta zona de costa.

A tipoloxía orixinal e a predominante dos barracóns consta dunha única cruxía de 3,50 metros de ancho e de 10 ou 12 metros de profundidade, segundo os casos, na que se sitúan tres ou catro estancias comunicadas entre si por un corredor lateral. Tan só a estancia que abre a fachada, xeralmente destinada a cociña-estar, conta con ventilación e luz directa, sendo interiores os restantes cuartos e situándose o baño ao fondo do barracón. Os patios que existían inicialmente situados ao fondo da vivenda foron cubertos polos seus habitantes debido ás escasísimas dimensións da vivenda e as necesidades de espazo existente. As vivendas en planta baixa do Pai Villa posúen unhas cualidades habitacionais mellores e cruxías de maior dimensión. Constan de dous ou tres cuartos a fachada pero na práctica totalidade dos casos existen dous cuartos interiores sen luz nin ventilación.

O sistema construtivo para ambos tipos de vivenda consta de muros de carga e fachadas de fábrica de bloque de formigón, estrutura de cuberta de formigón ou madeira e cubrición mediante placas de fibrocemento. Na meirande parte dos casos tanto cubertas como fachadas non contan con illamento nin cámara de ningún tipo. O chan está composto por unha pequena capa de morteiro verquido directamente sobre o terreo. A construción destas infravivendas (barracóns e vivendas en planta baixa) remóntase á década de 1960 e dende ese momento o seu mantemento e reformas foron mínimos, limitándose ás

actuacións de pequena entidade que puideron ir realizando os seus habitantes, chegando ata hoxe cun alto grado de deterioro e falta de acondicionamento.

A pesar de que, co tempo e grazas a presión dos veciños, o concello foi dotando dalgún servizo municipal o barrio do Campanario, como a recollida de basuras, a iluminación ou a limpeza da contorna, continúa a ser unha zona abandonada pola cidade. Pero esta área continúa sen dotarse duns camiños de acceso significativos e eficaces. Existen problemas de conexión viaria coa cidade, mal estado dos camiños de acceso e mala comunicación en xeral co resto da cidade (intervención que debe atender ás intencións do PXOM).

**Datos demográficos da poboación[21].**

O Portiño conta con aproximadamente 280 habitantes (aprox 64 UC), tanto paios como xitanos, dos cales 70 son menores de 14 anos de idade, todos eles escolarizados. Entre todos eles existe unha boa convivencia, e contan cunha asociación de veciños activa e pola que se senten representados.

**Información urbanística O Portiño**

Atendendo ao PXOM da Coruña, o Barrio do Campanario, situado na zona de O Portiño, pertence a un ámbito clasificado como Solo Urbanizable, ámbito que se extende entre Os Rosales e o novo Sector de Penamoa.
O solo urbanizable deste ámbito aparece grafiado no plano O.2 “Réximen de solo” (folla 008) e no plano G.2 (folla 008) “Xestión do solo urbanizable e rústico” (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos O Portiño: Plano O.2).
O Plan Xeral delimita no solo urbanizable delimitado, as áreas de reparto (AR) para a distribución equitativa de cargas e beneficios, que aparecen grafiadas neste ámbito no plano G.2 (folla 008) de “Xestión do solo urbanizable e rústico”. O Plan Xeral adscribe ademáis, solo de sistemas xerais exteriores a sectores concretos de solo. Neste caso son os Espazos Libres (EG): SXA SUD1a, ao leste, e o SXA SUD1b, ao oeste, incluídos na mesma área de reparto (AR).

As áreas de reparto en solo urbanizable delimitado polo Plan Xeral inclúen un sector, os sistemas xerais que se integran nel e os que se lles adscriben a efectos da súa xestión (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos O Portiño: Plano G.2).

O ámbito específico do barrio do Campanario está limitada ao suroeste por un ámbito con protección arqueolóxica delimitada no PXOM.

O solo urbanizable desenvolverase mediante os Plans Parciais correspondentes aos sectores delimitados no PXOM. Os Plans Parciais cumplirán nos diferentes sectores as determinacións e condicións que para o seu desenvolvemento particular se expresan nas fichas correspondentes de cada un deles. A ficha establece os obxectivos e criterios de ordenación orientadores do Plan Xeral na área, usos globais, tipoloxía edificatoria, condicións numéricas da actuación, así como a iniciativa do planeamento a redactar e as características da xestión prevista. (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos O Portiño: Ficha SUD1).

Entre outros, clasifícanse como Solo Urbanizable Delimitado, 3 sectores que proveñen do PXOM 1998 e que aínda non se desenvolveron. Entre eles: O Sector 1: S1 O Portiño (SUD1). O obxecto é completar a cidade polo oeste, obtindo os correspondentes espazos libres que permitan a conexión entre os parques de San Pedro e o de Bens, dando continuidade ao sistema de espazos libres costeiros, e os espazos libres adxacentes aos núcleos de San Pedro de Visma e Loureiro.

Atópase parcialmente incluido na zona de influencia de 500m de costas. Na parte do sector comprendida dentro desta zona se sitúan exclusivamente espazos libres e

21 Pendentes de actualización pola AVV O Campanario

equipamentos. Ao pertencer ao ámbito do Plan de Ordenación do Litoral (POL), se terán en conta as condicións previstas na ficha de unidade de paisaxe AK10 do POL para o seu desenvolvemento. Tamén se atopa parcialmente incluído na zona de intervención da refinería, polo que o desenvolvemento do ámbito queda condicionado á realización previa dun ACR (Ánalise Cuantitativo de Riscos). Únicamente poderán desenvolverse os usos compatibles co resultado do ACR.
No tocante á incidencia do planeamento sobre as situacións existentes, según o Capítulo 3 das Normas Urbanísticas do PXOM, O Barrio do Campanario, erixido con anterioridade á Aprobación Definitiva do planeamento urbanístico e ao resultar disconforme co mesmo, será calificado como fóra de ordenación, de acordo co artigo 90 da nova LSG/16. Neste caso, ao atoparse ubicado en ámbito de solo urbanizable para o que o PXOM non fixa ordenación detallada, no tanto non se aprobe o planeamento parcial que procede, o presente Plan Xeral, aos efectos de determinar o réxime de obras permisibles (Art. 2.3.3), o considera fóra de ordenación absoluta. O planeamento de desenvolvemento que establezca a ordenación detallada determinará, definitivamente, se o Barrio se atopa en situación de fóra de ordenación e en qué grado.

Polo tanto, e según o Artigo 2.3.3, estas vivendas suxietaranse ao réxime de obras directamente disposto na Lei LSG/16 (só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso prexistente) non establecéndose réxime alternativo algún no Plan Xeral, se ben se poderán admitir obras destinadas exclusivamente ao cumprimento das condicións de seguridade esixidas nestas Normas ou en normativas sectoriais aplicables, condicionando a concesión da licencia á renuncia expresa do incremento do valor do xustiprezo expropiatorio por ditas obras.

As actividades existentes poderán manterse hasta que se produza a expropiación, demolición ou sustitución da edificación, según o caso.

O ámbito de actuación está incluído na Zona de influencia de Costas (art. 30 da Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas), polo que o outorgamento de licencias de obra ou uso que impliquen a realización de vertidos ao dominio público marítimo-terrestre requirirá, no seu caso, autorización da administración competente.

DIFERENTES TIPOLOXÍAS











Varias fotografías das vivendas en O Portiño
Imaxes: (1) Juan Valiente, (2,3,4 e 5) ASF Galicia




ESTADO ACTUAL DE O PORTIÑO

Vivendas:

asentamentos formais * (54 vivendas)

asentamentos informais * (24 vivendas)

construcións derribadas ou en ruína

* Ningún dos tipos de asentamentos ou construcións cumplen os estándares mínimos de habitabilidade xa sexan formais ou non.

Equipamentos:

centro social

1 monumento ao Pai Villa

2 bar

Infraestruturas e instalacións:

3 parada de bus

pavimento asfaltado

camiño de terra

postes de cableado

alumeado

fosa séptica

vexetación

Límites da propiedade municipal

### 3.3 Caso de As Rañas.

**Características físicas e medioambientais da contorna e da parcela.**

O asentamento localízase na periferia do núcleo rural de As Rañas, ao oeste do polígono industrial de Pocomaco. O illamento ven dado ademais de polas malas comunicacións viarias ata a parcela, polo entramado de infraestruturas que rodean ás vivendas.

A parcela está calificada como Solo Rústico de especial protección de Infraestructuras.

Nos últimos anos, O asentamento veuse afectado pola construción da 3ª Rolda ao norte e polo trazado do tramo Pocomaco- San Cristovo do Eixo Atlántico de Alta Velocidade ao leste e ao sur e atópase na actualidade no perímetro de afección do trazado da vía de acceso á futura Cidade da Tecnoloxía e Polígono de Vío[22]. Esta intervención prevista no PXOM illaría aínda máis o asentamento invadíndoo e rodeándoo dun armazón de infraestruturas, agravando a situación de exclusión na que vive a súa poboación.

Esta situación do contexto territorial confirma a lóxica da protección do solo e a súa calificación como Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas.

En xeral, as autoconstrucións están realizadas con estrutura de formigón armado, unha folla de ladrillo nos cerramentos e fibrocemento nas cubertas. As estufas utilizadas como elementos caloríficos supoñen tamén un elemento de risco pola carencia ou deficiencia da instalación de eliminación de fumes procedentes da combustión de produtos sólidos. Todo iso provoca unha situación de continua inseguridade e alto risco para os seus habitantes. Os residentes non teñen seguridade xurídica sobre as súas vivendas.

Na actualidade o asentamento conta con servizo de auga e rede de sumidoiros na parcela (ver plano en informe medioambiental) máis as conexións a cada vivenda están feitas de xeito moi precario e irregular incumprindo en moitos dos casos os parámetros requeridos na normativa básica da construción.

<u>Abastecemento de auga</u>: Existe unha acometida (realizada no ano 1987) para o trazado da instalación de abastecemento de auga na que se detectaron numerosas fugas. A partir dela, realizáronse conexións de abastecemento de modo informal a cada casa con tubería superficial e fácilmente perforable, coa conseguinte acumulación de auga en zonas comúns e xeración de focos de infección.

<u>Saneamento</u>: Existe unha rede xeral de saneamento de augas negras distribuída por todo o asentamento con 4 arquetas xerais. As conexións das vivendas á rede xeral realízase sen arquetas independentes por vivenda; isto orixina saturaciones na rede xeral en algúns momentos puntuais do día (co conseguinte reborde das arquetas xerais), ao mesmo tempo que dificulta o mantemento e a reparación dos problemas da rede.

<u>Pluviais</u>: Non existe unha rede de evacuación de augas pluviais, o que provoca a acumulación e apozamento de auga en zonas comúns que fai intransitable amplas áreas e xera focos continuos de infección. Nalgúns casos esta auga superficial desvíase con pequenas zanxas ás arquetas de saneamento, penetrando na mesma sen a necesaria arqueta sifónica e orixinando outro foco de contaminación ambiental.

<u>Rede eléctrica</u>: A rede de instalación eléctrica é moi deficiente. Cada habitáculo dispón dunha instalación eléctrica moi precaria totalmente anárquica e carente de calquera elemento de seguridade co conseguinte risco de incendio e perigo de electrocución para os seus habitantes.

22 Ver páxina web do Concello de A Coruña 21/11/2014

DIFERENTES TIPOLOXÍAS





Varias fotografías das vivendas de As Rañas
Imaxes: ASF Galicia




ESTADO ACTUAL DE AS RAÑAS

Edificacións:

- Asentamentos existentes
- Outras edificacións
- Equipamentos
- Edificios industriais
- Edificios modificados en 2010

Infraestructuras e instalacións

- Camiño de acceso asfaltado
- Autovía
- Ferrocarril
- Alumeado público
- Vexetación
- Límites de propiedade particular

Nos límites da parcela existen zonas de vexetación descontrolada contiguas ás vivendas, que se converten en focos potenciais de incendio ademais de lugar propicio para a aparición de animais con risco de contaxio de procesos infecciosos á poboación.

A actividade produtiva característica do asentamento, (compravenda de chatarra) unido a unha falla de hábitos de eliminación e/ou tratamento de residuos entre a poboación xeran unha acumulación de lixo de distinto tipo cun impacto negativo no espazo público.

Espazos públicos: A ausencia de planificación e tratamento da contorna das vivendas orixinou unha total carencia de espazos destinados a áreas libres, comunitarias ou de esparcemento.

**Datos demográficos da poboación.**

Das 19 familias contabilizadas no censo do Plan de intervención municipal do ano 2007, o asentamento, aumentou ata as 25 familias que viven actualmente en situación de extrema vulnerabilidade social.

O asentamento está formado na actualidade por 99 persoas da comunidade xitana de orixe galego, distribuídas en 25 núcleos familiares, todas elas son descendentes dos patriarcas, María Borja Gabarri e Juan Antonio Gabarri Montoya.

| As Rañas | | |
|---|---|---|
| Mulleres | Homes | Total |
| 57 | 42 | 99 |
| Mulleres >18 | Homes > 18 | |
| 31 | 24 | 55 |
| Mulleres < 18 | Homes < 18 | |
| 26 | 18 | 44 |

No caso de As Rañas atopamos principalmente unidades de convivencia formadas por matrimonios (home-muller), e algunhas unidades formadas por mulleres soas e mulleres e homes viúvos.

**Situación económica e laboral da poboación.**

As actividades laborais da poboación son principalmente a venda ambulante, practicamente levada a cabo por mulleres e a compravenda de chatarra, sobre todo levada a cabo por homes co apoio das mulleres. Hai unha forte implicación das Mulleres no Proxecto Social Mulleres Colleiteiras promovido por Arquitectura Sen Fronteiras e baseado na recollida do aceite usado, con dúas mulleres formando parte do grupo motor que inicia a andadura da Cooperativa Mulleres Colleiteiras.

**Información urbanística**

Atendendo ao PXOM da Coruña, o asentamento de As Rañas, situado na zona Martinete- As Rañas, pertence a un ámbito clasificado como Solo Rústico Especialmente Protexido (SREP), con protección especial de infraestruturas.

Segundo as Normas Urbanísticas do PXOM, constitúen o solo rústico os terreos que son preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico. Neste caso por ser terreos sometidos a un réximen específico de protección incompatible coa súa urbanización, de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio e coas regulacións sectoriais que xustifican a necesidade de protección.

Os terreos que constitúen o solo rústico aparecen reflexados nos planos O.2 “Réximen de solo” e O.4 “Suelo rústico” con el código SREP, no que se especifica a categoría de Solo Rústico, neste caso SREPb): Solo rústico de protección de infraestruturas. (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos As Rañas: Plano O.4, folla 021).

O réximen urbanístico do solo rústico queda sometido ás disposicións correspondentes contenidas nas presentes Normas, en relación coas determinacións da LSG/16.

Segundo o artigo 3.4.6, o réxime do solo rústico de protección de infraestruturas (SREPb), sin perxuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar as infraestruturas existentes ou de nova creación.

Segundo o artigo 3.4.12, o réximen do solo rústico de protección de infraestruturas, sin perxuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, está regulado no artigo 34 e 35 da LSG/16. As determinacións da nova LSG/16, modifican o réxime do solo rústico e as actuacións que se poden desenvolver sobre o mesmo. En concreto o uso residencial non vencellado a explotacións agrícolas ou gandeiras está expresamente prohibido (art. 35.2).

No PXOM está contemplada, entre as Accións, a Ficha da Estrada 3ª Rolda - Polígono de Vío, coa denominación VG-1 que delimita un ámbito de Solo Rústico situado entre a futura Terceira Rolda e o Polígono de Vío. Este ámbito inclúe as parcelas onde se sitúa o asentamento. (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos As Rañas: Ficha VG-1)

Posteriormente á aprobación do PXOM 2013, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 14 de novembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar inicialmente o "Plan Especial de Infraestruturas do Vial de Acceso ao Porto Exterior - Conexión AC-14 con límite no término municipal de Arteixo. A finalidade deste Plan Especial é o establecemento e ordenación da infraestrutura básica relativa ao sistema xeral viario VG-1 del PXOM de A Coruña.

Gran parte do trazado do Vial de Acceso ao Porto Exterior - Conexión AC-14 discorre dentro do ámbito do VG-1, pero se incluíu ademais unha superficie de solo clasificado como Solo Rústico de Especial Protección, categoría b (infraestruturas), para garantir a conexión co resto de infraestruturas viarias do término municipal, concretamente coa AC-14 Terceira Rolda. Incluironse tamén dúas áreas de Solo Urbanizable en Réximen Transitorio, pertencentes ao SURT3 Vio.

O ámbito do Plan Especial delimitase nos planos S1, D2 e O. Alí se grafía a área de solo afectada e se recolle o novo viario. Comenza ao leste, coa incorporación de dous enclaves en As Rañas, necesarios para resolver o enlace que asegura as conexións coa Autovía e a Terceira Rolda, discorre prácticamente en paralelo á infraestrutura ferroviaria, e finaliza no borde surleste do Polígono Industrial de Vío no límite co término municipal de Arteixo. (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos As Rañas: Plano D2. Delimitación Plan Especial vial acceso Porto Exterior conexión AC-14).

Segundo o plan de etapas do PE, a etapa primeira inclúe os terreos situados entre a Terceira Rolda de Circunvalación da Coruña e o punto de conexión co Polígono de Vío, entre os que se atopan as parcelas do asentamento de As Rañas. Polo tanto, as parcelas onde se atopa o asentamento están incluídas no ámbito do Plan Especial, nos terreos obxecto da primeira etapa da intervención.

No tocante á incidencia do planeamento sobre as situacións existentes, según o Capítulo 3 das Normas Urbanísticas do PXOM, as vivendas do asentamento de As Rañas, erixidas con anterioridade á Aprobación Definitiva do planeamento urbanístico e ao resultar disconforme co mesmo, serán calificadas como fóra de ordenación, de acordo co artigo 90 da LSG/16. Neste caso, ao atoparse ubicado este asentamento en solo afecto a dotacións públicas, de carácter xeral ou local, de acordo coa definición do Artigo 3.1.2 destas Normas, e resultando disconforme coas mesmas, o presente Plan Xeral, aos efectos de determinar o réxime de obras permisibles (Art. 2.3.3), o considera fóra de ordenación absoluta.

Polo tanto, e según o Artigo 2.3.3, estas vivendas suxetaranse ao réxime de obras directamente disposto da Lei (só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso prexistente) non

establecéndose réxime alternativo algún no Plan Xeral, se ben se poderán admitir obras destinadas exclusivamente ao cumprimento das condicións de seguridade esixidas nestas Normas ou en normativas sectoriais aplicables, condicionando a concesión da licencia á renuncia expresa do incremento do valor do xustiprezo expropiatorio por ditas obras.

As actividades existentes poderán manterse hasta que se produza a expropiación, demolición ou sustitución da edificación, según o caso.

De xeito adicional sinalar que o ámbito está afectado por dúas actuacións promovidas polo Ministerio de Fomento, que foron informadas polo Concello:

a) EXC-21/14; 631/173/2014. "Estudio informativo para el acceso ferroviario al puerto exterior de A Coruña a Punta Langosteira."

b) EXC-41/14; 631/280/2014. "Estudio informativo para el acceso viario al puerto exterior de A Coruña a Punta Langosteira. Clave EI-4-LC-16."

Os dous estudos anteriores supón que o ámbito de actuación está dentro das servidumes de afección definidas pola "Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de Carreteras del Estado" e "Ley 38/2015, de 29 de septiembre, del sector ferroviario", polo que as actuacións que se realicen no ámbito requirirán autorización previa das devanditas administracións (están prohibidas as obras de construción, reconstrución ou ampliación das edificacións existentes, admitíndose exclusivamente as obras imprescindíbeis para a conservación e mantemento das edificacións existentes).

## 3.4 Caso de A Pasaxe.

### Características físicas e medioambientais da contorna e do barrio.

O asentamento localízase nuns terreos xunto á Ponte Pasaxe, a carón da ría do Burgo nunha parcela limitada ao norte e o leste pola ría, ao sur pola ponte Pasaxe e ao oeste pola vía de tren Ferrol-A Coruña.

A parcela caracterízase pola existencia de naves industriais en actividade (conxelación e reparación de automóbiles) e as ruínas das antigas industrias, onde están asentadas na actualidade as comunidades de etnia xitana e de orixe portugués, ciganos. A maioría das familias xitanas atópanse na franxa costeira ao borde da ría e as familias portuguesas nos terreos que se estenden entre a ría e a vía de ferrocarril ao oeste organizados en ringleiras paralelas á antiga nave de Jabones La Toja, afectada polo expediente de ruína inminente. Existen graves problemas de accesibilidade nos camiños de acceso ao asentamento (é necesaria unha intervención de emerxencia).

Este asentamento perdura dende os anos 80 ata día de hoxe, apartado da sociedade e envolto nun alto grao de vulnerabilidade e exclusión social.

As condicións de habitabilidade están moi por debaixo dos estándares mínimos recoñecidos polo Comité Hábitat de Nacións Unidas[23] con graves problemas de salubridade e saúde que afectan negativamente á poboación e ás condicións medioambientais da contorna. Todo isto supón unha situación de emerxencia humanitaria.

> *"Habitabilidade: Unha vivenda adecuada debe prever elementos como o espazo adecuado, a protección do frío, a humidade, o calor, a choiva,*

23 Leilani Farha (2014) Special Rapporteur on adequate housing as a component of the right to an adequate standard of living, and on the right to non-discrimination in this context OHCHR

*o vento ou outras ameazas para a saúde, riscos estructurais e transmisión de enfermidades."*

As chabolas que utilizan como vivenda non dispoñen do espazo adecuado para vivir mantendo unhas condicións de privacidade por falta de superficie para facer división interiores, existindo en moitas ocasións problemas de hacinamento. A construción da vivenda non aporta os requerimentos precisos para protección dos axentes exteriores climatolóxicos, o que provoca un aumento das enfermedades tipo respiratorias, nin a protección fronte axentes externos, o cal induce un forte sentimento de inseguridade e indefensión. As vivendas carecen de seguridade estrutural.

Algunhas das chabolas da Pasaxe conéctanse a unha rede existente de saneamento procedente das naves abandonados e anteriormente instaladas nestes terrenos pero a maioría delas utilizan un sistema de saneamento libre e non están conectadas á rede, polo que incrementan o problema de contaminación da ría e das condicións de salubridade.

O uso continuado da estufa sen ventilación adecuada dos fumes supón un riesgo para a saúde. As estufas utilizadas como elementos caloríficos supoñen tamén un elemento de risco pola carencia ou deficiencia da instalación de eliminación de fumes procedentes da combustión de produtos sólidos. Todo iso provoca unha situación de continua inseguridade e alto risco para os seus habitantes

Hai un risco alto medioambiental na manipulación da chatarra nas inmediacións da ría ao realizar ás actividades ao aire libre sen medidas de seguridade fronte ao risco de contaminación ambiental.

Espazos públicos: A ausencia de planificación e tratamento da contorna das vivendas orixinou unha total carencia de espazos destinados a áreas libres, comunitarias ou de esparcemento.

**Datos demográficos da poboación.**

| Total | | |
|---|---|---|
| Mulleres | Homes | Total |
| 52 | 68 | 120 |
| Mulleres >18 | Homes > 18 | |
| 37 | 45 | 82 |
| Mulleres < 18 | Homes < 18 | |
| 15 | 23 | 38 |

Segundo os datos extraídos no actual proceso de realización do censo por parte de ASF-Galicia, viven de forma permanente no asentamento un total aproximado de entre 40 e 45 familias. Este número é maior se temos en conta as familias que están en proceso de realoxo mais aínda en situación de vulnerabilidade e precisan dunha atención individualizada e intensa en algúns casos con risco de retorno.

Das familias que viven na Pasaxe, 10 delas son de etnia xitana, 35 personas en total das cales 12 son menores e 3 familias en proceso de realoxo en situación de vulnerabilidade. O resto son de orixe portugués. Hai 31 familias, 93 personas en total das cales 32 son menores e 5 familias en proceso de realoxo en situación de vulnerabilidade. A poboación total do asentamento é de aproximadamente 128 persoas das cales 44 son menores.

A meirande parte das familias son matrimonios (home-muller) con fillos e fillas, pero tamén existen algunhas unidades conformadas por mulleres, con ou sen fillos e familias monomarentais.

**Situación económica e laboral da poboación.**

As actividades laborais que realiza a poboación son de carácter informal, ligadas ao marisqueo, á chatarra e ás atraccións de feira. É minoritario o número de persoas que dispón de carné de mariscador (menos de 10 persoas). É salientable a participación no proxecto de

inserción laboral Mulleres Colleiteiras, como unha alternativa de autoemprego para as mulleres do asentamento. Dúas delas forman parte a día de hoxe do grupo promotor da cooperativa sen ánimo de lucro.

**Información urbanística.**

Respecto do planeamento hai que sinalar que a meirande parte do asentamento está situado en solo de dominio público marítimo-terrestre, que o PXOM/13 clasifica como solo rústico de especial protección de costas, afecto polo tanto á regulación establecida na LSG/16, no POLGA e na "Ley 22/1988, de de 28 de julio, de Costas del Estado". Todas as actuacións neste ámbito requirirán polo tanto autorización das administracións competentes na materia. En concreto o uso residencial non vencellado a explotacións agrícolas ou gandeiras está expresamente prohibido (art. 35.2. LSG/16).

Polo tanto, atendendo ao PXOM/13, atópase unha parte do asentamento sobre un ámbito clasificado como Solo Rústico (SREP), con protección de costas, na área situada ao borde da ría do Burgo e outra parte do asentamento que linda coa vía do ferrocarril ao oeste, está situada sobre un ámbito clasificado como Solo Urbano Non Consolidado (SUNC). O réxime do solo deste ámbito aparece grafiado no plano O2 (folla 22), no que se diferencia entre o Solo Urbano (en blanco) e o Solo Rústico (en verde claro) (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos A Pasaxe: Plano O.2, folla 022).

Segundo o artigo 3.1.4 das Normas urbanísticas caracterízase o Solo urbano non consolidado (SUNC), por derivar o Plan Xeral a xestión a desenvolvemento posterior, previa concreción ou non polo planeamento de detalle, e de acordo coa definición do art. 12.b) e condicións do art. 20, da LOUGA.

Ademais segundo o artigo 3.1.5 por razón da xestión urbanística o Plan Xeral distingue os ámbitos territoriais do solo urbano non consolidado constituidos por polígonos, nos que teñen lugar a execución do planeamento mediante os sistemas de actuación contenidos na lexislación urbanística.

O solo urbano deste ámbito aparece delimitado no plano O.6 "Zonificación" e no plano G.1 "Xestión do solo urbano" (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos A Pasaxe: Plano O.6, folla 104 e Plano G.1, folla 104). O solo Rústico aparece grafiado no plano O4 "Solo rústico" (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos A Pasaxe: Plano O.4, folla 022).

Os terreos onde se sitúa o asentamento de A Pasaxe inclúense nunha Area de Planeamento Incorporado (API), tal como se delimita no plano O6 e se especifica na Ficha correspondente (API S35) (Ver Anexo 5: Planos urbanísticos A Pasaxe: Ficha API S35).

Tal como consta no PXOM, as condicións particulares de ordenación polas que se rixen as API, son as correspondentes ao planeamento anterior que se asume, detalladas nos documentos de planeamento orixinales, entendéndose modificados pola lexislación urbanística e sectorial vixente no momento da súa aplicación, cuxas referencias se relacionan na ficha de Área de Planeamiento Incorporado, e coas modificacións ou adaptacións que, no seu caso, se especifican na mesma.

Neste caso, para os terreos do asentamento, nos remitimos á modificación puntual do PXOM 98 no frente da Ría do Burgo, de febreiro de 2007 e á modificación en relación ao Sistema de Xestión do ámbito, de novembro 2008, no que se especifica a división en Polígonos e Areas de reparto. Así os terreos do asentamento estarán incluidos no Polígono POL-RB4 "Xubias de Abaixo-Conxeladora Coruñesa". Area de reparto AR-RB4.

Este Polígono viu afectada a súa delimitación e aproveitamento como consecuencia da aprobación do novo deslinde marítimo-terrestre aprobado polo Ministerio de Medio Ambiente.

Ademais, na pequena parte que está clasificada coma solo urbano non consolidado, incluído no polígono POL-RB4 "Xubias de Abaixo – Congeladora Coruñesa", ao estar dentro da zona de protección e liña límite da edificación definidas pola "Ley 38/2015, de 29 de septiembre, del sector ferroviario", requirirase autorización da administración ferroviaria (están prohibidas as obras de construción, reconstrución ou ampliación das edificacións existentes, admitíndose exclusivamente as obras imprescindíbeis para a conservación e mantemento das edificacións existentes).

DIFERENTES TIPOLOXÍAS







Varias fotografías do asentamento de A Pasaxe
Imaxes: ASF Galicia




ESTADO ACTUAL DE A PASAXE

0 10 50 100 ESCALA 1/1500

Edificacións:

- Asentamentos existentes
- Outras edificacións
- Equipamentos
- Edificios industriais
- Muro límite de parcela
- Límite de protección de costas

Infraestructuras e instalacións

- Camiño de acceso asfaltado
- Camiño de terra
- Autovía
- Ferrocarril
- Postes de Fenosa
- Vexetación
- Límites de propiedade

# 4. IDENTIFICACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES VINCULADOS AO ACCESO AO HÁBITAT DIGNO

## 4.1 Recursos humanos.

A continuación detállanse os recursos humanos existentes ata o 2015 e as competencias específicas en relación á poboación dos asentamentos precarios. En cor gris, faise unha aproximación dos recursos existentes dende o cambio de goberno en Xuño de 2015 e unha previsión das competencias que poderían realizar no marco do Plan de Acceso ao hábitat digno para as persoas dos asentamentos precarios.

A. Públicos

*Administración municipal*

**Concellaría de Servizos Sociais**

**Centros cívicos municipais (CCM) Palavea, Elviña, Os Rosales, San Pedro de Visma, Montealto e Unidade de Atención Social (UAS).** Atención social á poboación dende os centros Cívicos de referencia nos barrios e dende os centros Agora e Catro Camiños (co anterior goberno centralizouse o persoal nestes 2 centros dificultando o acceso dalgunha poboación). Xestión de Axudas de Emerxencia Social (AES), seguimento da escolarización dos menores, xestión de becas (comedor, transporte, material, etc.). So as persoas perceptoras de RISGA teñen un seguimento continuado por parte do equipo dos Servizos Sociais.

**Equipo Técnico de Erradicación del Chabolismo (ETECH):** > Programa para erradicación do chabolismo: xestión de axudas ao aluguer PMAL, axudas á compra de vivenda e seguemento dos casos de realoxo.

**Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda.** Promoción do plan de acceso ao hábitat digno para os asentamentos precarios da coruña. Deseño e adaptación dos recursos (humanos e materiais) para a implementación do Plan. Coordinación do Plan.

**EMVSA (Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades).** Implementación de medidas incluidas no plan a través de equipos técnicos específicos.

**Concellaría de Xustiza Social e coidados.** Deseño e adaptación dos recursos (humanos e materiais) para a implementación do Plan. Contratación a través de convenios de equipos de seguimento e equipos de traballo de campo para a implementación de medidas específcas do Plan.

**Concellaría de Participación e Innovación Democrática.** Apoio na implementación de medidas específicas da liña estratéxica de participación. Apoio á formación específica dos equipos de traballo para o Plan. Formación específica para persoal dos Rexistros. Laboratorio de Innovación Cidadá, etc.

**Centro de Información Xuvenil (CMIX).** Apoio na implementación de medidas específicas para xóvenes.

**Concellaría de Emprego e Economía Social.** Apoio na implementación de medidas específicas en relación a liña estratéxica de empregabilidade e inserción laboral. Centro Municipal de Emprego.

**Centro municipal de emprego.** Formación.

**Equipos de apoio para asesoramento e orientación.**

**Concellaría de Medioambiente.** Apoio na implementación de medidas específicas en relación a liña estratéxica de empregabilidade e inserción laboral e aquelas outras medidas que estean relacionadas con accións específicas no eido medioambiental. Temas de salubridade nos asentamentos, como actividade comunitaria e medidas de emerxencia.

**Concellaría de Igualdade e Diversidade.** Apoio na implementación de medidas de carácter transversal relacionadas coas liñas estratéxicas de traballo. Programas: Coruña libre da violencia machista, Cidade acolledora e accesible, Observatorio de Denuncias. Especialización de persoal. Plan de Formación interna para o Concello.

**Centro de Información da Muller (CIM).**

**Unidade de Atención ás Migracións (UAMI).**

**Centro de Orientación Familiar (COF).**

*Administración supramunicipal*

**Concello de Oleiros.** Apoio a proxectos de sensibilización e de carácter laboral (por exemplo Mulleres Colleiteiras S. Coop. Galega).

**Concello de Culleredo.** Relación con entidades sociais para coordinación en materia de erradicación do chabolismo.

**Concello de Bergondo.** Relación con entidades sociais para coordinación en materia de erradicación do chabolismo.

**Consorcio das Mariñas.** Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas do Plan, tendo en conta unha visión a nivel supramunicipal da problemática.

*Administración provincial*

**Deputación da Coruña. Servizo de Acción Social, Cultural e Deporte.** Convenio co Concello para erradicación do chabolismo

**Deputación da Coruña.** Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas do Plan, tendo en conta unha visión a nivel provincial da problemática.

*Administración autonómica*

**Consellería de Traballo e Benestar.**

**Dirección Xeral de Familia e Inclusión**. Elaboración da Estratexia de Inclusión Social de Galicia, Convocatorias a entidades sociais para a financiación de proxectos de Inclusión. Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas do Plan.

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa.** Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas do Plan.

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.**

**Instituto Galego de Vivenda e Solo.** Axudas para erradicación de chabolismo e autoconstrución ata o ano 2012. Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas en relación á vivenda.

**Consellería de Sanidade.**

**Servicio Galego de Saúde.** Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas do Plan.

*Administración estatal*

**Ministerio de Fomento**

**Área de arquitectura, vivienda y suelo.** Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medidas específicas en relación á vivenda.

**Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad**. Cooperación e coordinación para a mellora e adaptación dos recursos e mecanismos necesarios para a implementación das medida específicas.

*Administración europea*

**Comisión Europea.** Acceso a programas específicos de financiación para proxectos dirixidos á poboación xitana, inclusión, diversidade, etc.

*Comunidade educativa*

**Escolas infantís, CEIP, IES, FP.** Seguimento dos menores en coordinación coas familias e equipos de seguimento do Concello. Mellora do seguimento e a coordinación.

**Universidade (UDC, USC).** Apoio para a implementación de medidas específicas incluidas no Plan a través do programa de Aprendizaxe- Servizo con recursos humanos, colaboración, labores de investigación e actividades de sensibilización de cara á cidadanía.

**OCV (Oficina de Cooperación e Voluntariado).** Apoio nas medidas específicas de sensibilización e visibilización da problemática dos asentamentos precarios.

**-Grupo de traballo en As Rañas.** Apoio escolar aos menores e actividades de ocio.

**-Grupo de traballo en O Portiño.** Apoio escolar aos menores e actividades de ocio.

**OMA (Oficina de Medio Ambiente).** Apoio a iniciativas de índole medioambiental (por exemplo o proxecto Mulleres Colleiteiras).

## B. Privados

*Entidades Sociais / Terceiro Sector*

**AFundación.** Convenio xestión vivenda familias Penamoa (26 familias - 24 vivendas)

**Arquitectura Sen Fronteiras.** Programa de inclusión social nos asentamentos chabolistas da A Coruña 2012-2015

**Fundación Secretariado Gitano.** Convenios co Concello para: Programa Acceder (Programa de inclusión social básica e de acceso ao emprego) e Programa Promociona (Programa de apoio e orientación educativa).

**Cáritas interparroquial San Cristovo das Viñas.** Axuda para alimentación e necesidades básicas ás persoas do asentamento de As Rañas

**Cáritas interparroquial Santa Gema.** Axuda para alimentación e necesidades básicas ás persoas do asentamento de A Pasaxe.

**Cáritas interparroquial San Pedro de Visma**. Axuda para alimentación e necesidades básicas ás persoas do asentamento de O Portiño.

**Centro Violetas.** Programas de alfabetización, competencias clave e actividades de formación.

**Club de los Leones.** Apoio a proxectos con doazóns de materiais (Proxecto Mulleres Colleiteiras, Intervencións de autoconstrución no Portiño, etc.)

**Fundación Antonio Noche.** Asesoramento xurídico e apoio no ámbito da formación prelaboral. Convenio con Concello para a xestión de 2 vivendas en aluguer para realoxo de familias.

| |
|---|
| **Fundación Paideia.** Apoio a entidades. Apoio ao proxecto Mulleres Colleiteiras. |
| **Fundación Ronsel.** Orientación laboral. Apoio ao proxecto de inserción sociolaboral Mulleres Colleiteiras. |
| **Rede Eusumo.** Apoio e asesoramento para a formación da Cooperativa Mulleres Colleiteiras. |
| **Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-Galicia).** Apoio no deseño de prácticas para a defensa dos dereitos das persoas que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia. |
| **Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado (UGACOTA).** Apoio e asesoramento a proxectos cooperativos. |

| *Asociacións* |
|---|
| **AVV Montealto, AVV Os Rosales, AVV Agra do Orzán.** Apoio ao proxecto Mulleres Colleiteiras. |
| **Asociación de veciños Barrio O Campanario.** Representación do barrio. |
| **Asociacións de Veciños en xeral (AAVV).** Apoio para a implementación de medidas específicas incluidas no Plan, en concreto aquelas que teñan que ver coa sensibilización e visibilización. |
| **Outras entidades sociais.** |

| *Colectivos* |
|---|
| Cidadanía en xeral. |
| Poboación chabolista A Pasaxe, As Rañas, O Portiño, Orillamar e Penamoa. |

| *Empresas externas de servicios* |
|---|
| **Empresa que desenvolven as actividades dos CCM (Centros Cívicos Municipais).** Apoio para a implementación de medidas específicas incluidas no Plan. |
| **Empresa que desenvolven as actividades dos CMIX (Centro Municipal de Información Xuvenil).** Apoio para a implementación de medidas específicas incluidas no Plan. |

### 4.2 Recursos materiais e ferramentas nas distintas escalas da Administración.

A continuación se procede a nomear as diversas escalas implicadas a nivel administrativo dende o ámbito internacional, estatal, autonómico ata o municipal:

**Nivel europeo**

- 2014-2020: A Estratexia 2020 é o Marco da UE para as Estratexias Nacionais de Integración (da Poboación Xitana). O periodo de programación actual en 2014-2020 para os Fondos Estructurais e de Inversión Europeos.

Loita contra a pobreza: Garantir a cohesión social e territorial de tal forma que os beneficios do crecemento e do emprego cheguen a todos e de que as persoas afectadas pola pobreza e a exclusión social podan vivir con dignidade e participar activamente na sociedade.

EUROMA, é unha rede de referencia en Europa para impulsar o compromiso político sobre a inclusión social da poboación xitana. Reúne a 12 países europeos. Euroma, unha rede europea formada por representantes de doce Estados membros, está decidida a promover o uso dos Fondos Estructurais para mellorar a eficacia das políticas destinadas aos xitanos e a promover a súa inclusión social.

- 2014-2020:Programa de Derechos, Igualdad y Ciudadanía.

**Nivel estatal**

- 2012-2020: Estratexia Nacional para a Inclusión Social da Poboación Xitana: prevé o uso de intervencións integrais.
- 2013: Plans Nacionais de Reforma dos Estados Membros da UE.
- 2013-2016: España PNR. Plan Nacional de Acción para a inclusión social
- 2013-2016: Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas: Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.

Este tipo de intervencións require unha estreita coordinación na horizontalidade a todos os niveis. A implementa-

ción das intervencións de vivienda implica unha estreita colaboración entre o Estado e as autoridades autonómicas mediante a formulación de Convenios de Colaboración para a implementación dos Plans Estatais.
A cooperación coas autoridades locais se leva a cabo a través das autoridades autonómicas.

Sería pertinente aproveitar as oportunidades que ofrecen os fondos da UE para o desenvolvemento de intervencións integrais en materia de vivenda.
- 2014-2016: Plan Operativo da Estratexia Nacional para a Inclusión Social da Poboación Xitana 2012-2020
A continuación faise referencia a aquelas leis e plans en materia de igualdade de xénero a ter en conta:
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e hombres.
- "Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2014-2016".
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de dicembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

**Nivel autonómico**

- 2008: Lei 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociais de Galicia
- 2012: Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia: ver Titulo II: Das vivendas protexidas e doutras actuacións protexidas
- 2013: Lei 10/2013, de 27 de noviembre, de inclusión social de Galicia: ver Titulo V: Prevención da exclusión social nas zonas de intervención social especial
- 2014-2020: Estratexia de Inclusión Social de Galicia
- 2014-2020: Programa Operativo Rexional para o período 2014-2020
- 2013-2015: VI Plan Galego para a Igualdade entre mulleres e homes.

**Nivel municipal: Ordenanzas, Programas, Convenios**

Ordenanza Municipal

- 2012: Ordenanza de emerxencia social
- 2015: Renda Social Municipal (en tramitación)

Programas Municipais

- 2015_Programa de accións para a Inclusión de poboación xitana 2015
Importe: 70.000 euros; Servizos Sociais
- 2015_Programa de axudas ao aluguer e ao acollemento de familias a persoas procedentes dos asentamentos chaboolistas da Coruña 2015; Servizos Sociais
- 2015_Programa municipal de axudas para a adquisición de vivenda para familias procedentes de distintos asentamentos chabolistas 2015
Importe: 40.000 euros; Servizos Sociais

Convenios Municipais

- 2015_Convenio coa Fundación Galicia Obra Social (Afundación)
Xestión do Plan Especial de Erradicación da Infravivenda: Intervención Social Integral para a atención, prevención da marxinación e inserción do Pobo Xitano e a minoría xitana (Penamoa).
Importe: 330.000 euros; Servizos Sociais
- 2015_ Convenio coa Fundación Secretariado Gitano
Xestión dun programa de inclusión social básica e de acceso ao emprego (Programa Acceder): Programa de Empleo dirixido á poboación xitana
Importe: 32.500 euros; Servizos Sociais
- 2015_ Convenio coa Fundación Antonio Noche
Xestión de pisos de aluguer en propiedade; Importe: 30.000 euros.

# 5. IDENTIFICACION DE PROBLEMAS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

**5.1 Árbore de problemas**

Segundo a Observación xeral nº4, adoptada polo Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de conformidade co párrafo 1 do artigo 11 do Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da Nacións Unidas, os Estados Partes *"recoñecen o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado para sí e a súa familia, incluso alimentación, vestido e vivienda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia"*. Recoñecido deste modo o dereito a unha vivenda adecuada, este ten unha importancia fundamental para o disfrute de todos os dereitos económicos, sociais e culturais.

Atendendo a estes parámetros consensuados internacionalmente, realizase o diagnóstico da situación partindo deste enfoque de dereitos e identificando a repercusión da situación de exclusión residencial da poboación dos asentamentos precarios da cidade da Coruña sobre a vulneración dos dereitos económicos, sociais e culturais, analizando como dende o contexto físico urbano dos asentamentos e as condicións de insalubridade das vivendas e a súa contorna vense vulnerados os dereitos básicos (ver árbore de problemas na seguinte páxina).


exclusión residencial
contexto urbano
cidade
contexto físico
vivenda + entorno
illamento social
invisibilización
descoñecemento dos asentamentos
dende a cidadanía > distanciamento
desconfianza
descoñecemento da cidadania dende
os asentamentos > desinformación
discriminación
medo e dependencia
vulneración dos
dereitos políticos e civís
liberdade, participación
vulneración dos dereitos
económicos, sociais e culturais
traballo, vivenda, educación, saúde, ocio, identidade
dereito a participación cotia

## 5.2 Obxectivo xeral e liñas estratéxicas.

A partir de aquí se determina qué medidas realizar para que a poboación dos asentamentos recupere o respecto aos dereitos vulnerados. Propónse iniciar o proceso de cambio a partir de pequenas accións de participación cotiá para acadar paulatinamente unha situación de inclusión social que permita o uso e disfrute do dereito á cidade. Polo tanto, trátase de recuperar a inclusión social a partir da implementación dunha intervención integral e igualitaria, con 3 liñas estratéxicas, que terá como obxectivo a recuperación de todos os dereitos vulnerados.

**Obxectivo xeral:** Garantir o acceso igualitario ao hábitat digno ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña.

**Liña estratéxica 1**: Asegurar por parte dos poderes públicos unha renda mínima de subsistencia (a través dos diversos mecanismos de protección social e inclusión social) e favorecer a satisfación do dereito ao traballo para as persoas habitantes nos asentamentos precarios da cidade da Coruña.

<u>Descrición</u>: liña de inserción laboral e empregabilidade referida á mellora das capacidades e habilidades sociais así como á formación para poder acceder a un modo de vida digno e sostible no tempo que promova os intereses das persoas, satisfaga as súas aspiracións e garanta un acceso igualitario.

**Liña estratéxica 2**: Dispoñer dos medios necesarios que posibiliten o acceso á vivenda digna ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña

<u>Descrición</u>: liña de habitabilidade e salubridade referida a aquelas actuacións en materia de acceso á vivenda e mellora das condicións en materia de salubridade e hábitos no entorno da comunidade.




**Liña estratéxica 3**: Apoiar por parte dos poderes públicos e da cidadanía a satisfación do dereito á participación en actividades da vida cotiá que promovan o benestar físico, mental, social e ambiental para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña

<u>Descrición</u>: liña de participación cotiá e benestar referida a aquelas actuacións que faciliten a implicación das persoas en ocupacións que lles sexan significativas e que as empoderen para tomar parte protagonista das decisións que afectan á súa vida, promovendo a saúde e a inclusión social.

# 6. PLAN DE MEDIDAS

### 6.1. Enfoque metodolóxico.

A orientación metodolóxica xira en torno aos fundamentos e principios expostos anteriormente no apartado 1.2 do presente documento. A continuación expóñense brevemente algunhas cuestións a considerar nos procedementos e accións incluídos no Plan[24].

| Fundamentos |
| --- |
| Dereitos humanos |
| Xustiza social |
| Igualdade |
| **Principios** |
| Universalidade |
| Individualidade |
| Flexibilidade |
| Gradualidade |
| Interculturalidade |
| Corresponsabilidade |
| Proporcionalidade |
| **Aspectos metodolóxicos** |
| Enfoque holístico e transdisciplinar |
| Procesos participativos |
| Equipos transdisciplinares |
| Traballo de campo |
| Enfoque de xénero |
| Traballo en rede |

A vulneración do dereito ao hábitat preséntase como unha situación de exclusión social na que están a vivir as persoas polo que é pertinente establecer un **enfoque holístico e transdisciplinar** que facilite unha comprensión global deste asunto. Este enfoque ten a capacidade de facer unha aproximación a esta realidade dende o recoñecemento da complexidade implícita na persoa e os seus entornos así como nas situacións de exclusión.

É preciso promover a creación de **equipos transdisciplinares** involucrados na estratexia do Plan, traballando de forma conxunta sobre diversas dimensións: como a económica, a política, a educativa, a demográfica, a urbanística, a habitacional, a sociosanitaria, a xurídica, a cultural e a comunitaria, entre outras.

Para que este enfoque poda ser real e posibilite unha estratexia de acción coherente e respetuosa coas persoas, a **participación** considérase un principio transversal que debe estar implícito en todas as fases da proposta: nos propios procesos e nos obxectivos[25]. Comprenderase esta participación a nivel político e de toma de decisións así como no ámbito da vida cotiá a través da implicación das persoas e das comunidades en actividades significativas de autocoidado, traballo, educación, xogo e ocio, entre outras. Esta participación ten lugar nos diferentes entornos e contextos, dende o ámbito privado das vivendas ata os espazos públicos da cidade, e supón unha representación do acceso e satisfacción dos dereitos no quefacer diario da persoa.

Implementarase unha visión de traballo que facilite o acceso e as oportunidades para a participación e o compromiso das persoas nos seus procesos; entendendo que esta é a única estratexia para promover o empoderamento da poboación e loitar contra a vulneración destes dereitos dende accións sinxelas e cotiás. Para unha participación igualitaria, será fundamental a creación de espacios específicos de participación para homes e mulleres. Proponse establecer o centro nas necesidades, motivacións, aspiracións e actitudes fronte a transición que supón o acceso a un hábitat

24 Tendo en conta o marco das Declaracións Internacionais anteriormente expostos como DUDH, PIDESC así como diversas declaracións como a Declaración de Viena (1993), Declaración de Estambul (1996), Declaración de Medellín (2014) e específicamente no tema de Vivenda distintas Observacións como o Informe do relator especial Miloon Kothari sobre a Vivenda adecuada como elemento integrante para un nivel de vida axeitado (Comisión de Dereitos Humanos 2001)

25 Booth, Chris (1998) *Participación de las mujeres en la planificación urbana. La vida de las mujeres en las ciudades.* La ciudad, un espacio para el cambio. Coordinado por Chris Booth, Jane Darke y SusanYeandle, 185-201. Madrid: Narcea.

digno. As actuacións han de propoñerse nun marco real de participación que permita adaptar, individualizar e dotar de significado os procesos en relación á toma de decisións, proxecto de vida e estratexias de cada persoa así como o punto de partida no que ésta se atopa (Ver anexo 6).

Para construír e adaptar os procesos hai que ter en conta o holismo do que falamos anteriormente e prestar atención a aspectos como son a espiritualidade, o nivel educativo e laboral, o contexto cultural, os proxectos de vida, as etapas do ciclo vital, as ocupacións, a saúde, o sentido de pertenza, entre outros. Esta visión esixe uns procedementos metodolóxicos cercanos e con capacidade de afondar nesta complexidade ademáis de considerar os mediadores que inflúen na participación, diferentes en cada caso. Unha fórmula para levar a cabo esta intención é a construción participativa de **Itinerarios Individualizados de Inclusión Habitacional e Social** (IIIHS).

Unha planificación dende o enfoque "*abaixo-arriba*" permitirá traballar con datos reais e construír colaborativamente propostas de acción viables, comprensibles, apropiables e realizables pola poboación, acordes á súa capacidade para conseguir resultados sostibles no tempo e que sexan consecuencia das súas aspiracións.

O **traballo de campo** é imprescindible para a adecuación destas propostas a cada caso particular así como para garantir a sostenibilidade da proposta a medio e longo prazo tendo en conta o contexto estrutural, redes de apoio e os mecanismos postos a disposición. Mediante o contacto coas persoas, as familias e a comunidade irase identificando o punto do proceso no que se atopa a persoa e construíndo de forma participativa os itinerarios.

O desenvolvemento e implementación desta estratexia precisa do compromiso e a implicación de responsables a nivel político (goberno municipal en coordinación con outras administracións), técnico (da administración, das entidades sociais e figuras expertas na temática) e da cidadanía. Para facilitar a corresponsabilidade dos axentes é fundamental desenvolver e mellorar os mecanismos de fluxo da información, transparencia e coordinación.

A **perspectiva de xénero** debe incluírse de xeito transversal[26] en todo o proceso para poder realizar unha aproximación, análise e intervención comprometida cos criterios de igualdade e non discriminación por razón de sexo. Prestarase especial atención aos condicionantes socioculturais, económicos e políticos da vida cotiá das mulleres e dos homes habitantes dos asentamentos precarios; sen perder de vista o principio de interculturalidade para facilitar a comprensión dos roles, das estruturas e dos significados de vida dunha forma respetuosa e sensible á diversidade cultural.

É necesario concretar esta perspectiva tanto nos contidos como nos procedementos. Deste xeito, os equipos de traballo integrados no Plan deberán contar con formación específica en materia de xénero e igualdade[27] entre homes e mulleres baixo unha mirada intercultural. Así mesmo, as medidas propostas deberán acoller, na súa concreción e desenvolvemento, datos desagregados por sexo e accións específicas que atendan á realidade e problemáticas particulares, tendo en conta a desigualdade de oportunidades e necesidades de homes e mulleres tanto a nivel familiar como comunitario. Un exemplo de boas prácticas sería facilitar o acceso a ludotecas ou servizos de canguraxe para as menores cando a nai/pai está asistindo a unha actividade de formación.

O **traballo en rede** así como a participación de todos os axentes implicados precisa dunha decidida vontade política por parte de todo o equipo do Goberno Municipal da Coruña, contando coa súa predisposición para definir dentro do seu marco as ferramentas e os mecanismos que permitan construír unha estratexia que garanta o acceso ao hábitat digno para a poboación habitante dos asentamentos precarios.

26 ONU (1995) Conferencia Beijing

27 ONU (2005) Observación xeral nº16

### 6.2 Cronograma

A partir do seguinte punto, procederase a describir por un lado aquelas fases que se consideran fundamentais para a correcta execución deste Plan; e por outro lado as medidas de caracter procedimental que será necesario por en marcha de maneira interna e as medidas propostas nas 3 liñas estratéxicas de traballo (L1: empregabilidade e inserción laboral, L2: habitabilidade e salubridade e L3: participación cotiá e benestar), que serán desenvoltas coa poboación obxecto a través dos seus Itinerarios Individualizados de Inclusión Habitacional e Social.

No seguinte cadro intenta reflexarse de maneira flexible a orde cronolóxica de todas estas fases fundamentais e medidas que serán desenvoltas ao longo do tempo que dure este Plan de acceso ao Hábitat Digno. É dificil realizar una acotación clara da duración das mesmas posto esta deberá adaptarse ao proceso gradual de participación de cada unidade convivencial e da consecución das diferentes fases fundamentais.

A partir das tendencias reveladas nos datos obtidos ao longo dos últimos 5 anos de traballo coa poboación e tendo en conta que a lóxica será de procesos e non únicamente de resultados, faise unha estimación de entre entre 20 e 30 familias coas que sería posible traballar cada ano para a consecución dunha alternativa habitacional, e polo tanto causar baixa no Plan. Considerando que se poda comezar a traballar no ano 2016, estariase a falar entón de entre 3 e 6 anos de duración mínima do Plan. (Ver anexo 2).

# CRONOGRAMA



Inicio
Plan de Acceso ao hábitat digno para as persoas dos asentamentos precarios da Coruña
Lidera: Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda
Apoian: Resto das Concellarías
Fin
Medidas de caracter xeral
Lidera: Xustiza Social e Coidados
Apoian: Resto das Concellarías
fases fundamentais
Censo
Acordo participación no Plan
Documento xurídico vinculante
Diagnóstico individualizado
Itinerarios individualizados de Inclusión Habitacional e Social (IIIHS)
Itinerario Individualizado de Inclusión Social (IIIS)
medidas e accións procedimentais
Desenvolvemento de estratexias operativas (cronograma, resultados, indicadores, ferramentas, inclusión en estratexias, coordinación interinstitucional).
Búsqueda da calidade e eficiencia nos RRHH (multidisciplinariedade, formación, contratacións específicas)
Mellora das ferramentas e mecanismos de xestión das políticas de vivenda: adaptación EMVSA, negociacion interinstitucional etc.
medidas e accións estratéxicas
*fases persoais para a participación
entendemento / concienciación
motivación polo cambio
actitude proactiva
L1
Apoio á empregabilidade
Apoio á inserción laboral
Seguimento Itinerario
Acceso a unha renda social
L2
Elaboracion dun banco de vivendas
Adecuación das vivendas
Búsqueda de vivendas axeitadas a cada UC
Acceso á vivenda
Seguimento Itinerario
L3
Promover e facilitar a participación cotiá
Promover e facilitar o acceso aos recursos municipais
Visibilización e sensibilización para a cidadanía en xeral

### 6.3 Fases fundamentais.

Neste apartado expóñense aquelas que se consideran as fases de traballo fundamentais nas que se baseará a implementación do Plan para acadar o obxectivo de garantir o acceso a un hábitat digno.

A partir da información obtida na execución das primeiras fases fundamentais (censo, acordo de participación e diagnóstico individualizado) será necesario desenvolver as estratexias operativas que permitan levar a cabo as medidas e accións das liñas específicas. Nestas estratexias operativas concretaranse os recursos humanos, materiais e económicos, así como as ferramentas necesarias que permitan a súa implementación.

A continuación identifícanse e descríbense brevemente estas fases de cara a realizalas dunha maneira adecuada e poder medir os seus resultados:

**1. Censo.**

<u>Obxectivo:</u>

Censar e identificar a todas as persoas que poden ser suxeitos potenciais do Plan. A súa realización será determinante para continuar coa execución do Plan.

<u>Procedemento:</u>

O censo é a ferramenta inicial que permitirá identificar a poboación coa que potencialmente se poderá traballar no marco do Plan. Será fundamental que as persoas coas que se vai a traballar coñezan os obxectivos do Plan e as condicións para participar no mesmo; polo que previamente á elaboración deste censo deberá ter lugar unha presentación do Plan de maneira comunitaria e oficial dende as Concellarías.
O proceso desenvolverase nunha primeira fase de recopilación e rexistro e unha segunda fase de sistematización dos datos:

- Fase de recopilación e rexistro

O censo deberá conter na recopilación de datos as variables recollidas no Anexo 2 no cal haberá información sobre o momento da toma de datos, da Unidade de Convivencia, datos persoais e de situación de residencia de todas as persoas que conforman a UC, a situación xurídica e documentación gráfica da vivenda e unha primeira clasificación por grupos específicos.

O censo informará sobre o período de tempo ou data na que tivo lugar a súa elaboración. Será un documento vivo que debe ser modificado e actualizado polo que se rexistrarán con certa periodicidade as dinámicas de mobilidade da poboación así como a evolución dos asentamentos precarios. Isto permitirá ter en conta os cambios producidos seguindo unha liña temporal durante o desenvolvemento do Plan.

Este traballo realizarase mediante as visitas oportunas e necesarias, nas cales as persoas serán informadas debidamente do obxectivo da recopilación desta información. No caso de non estar establecida previamente unha autorización ou consentimento dende as UC para a recollida, procederase a cumprimentar os documentos necesarios conforme aos códigos éticos e de acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).

- Fase de sistematización dos datos

Unha vez rematada a fase de recopilación, sistematizarase a información nunha base de datos, anexando aquela documentación complementaria e gráfica de cada UC. Desenvolveranse os documentos e soportes necesarios para organizar e facilitar a comprensión da información (documentos de xeolocalización a través de Sistemas de Información Xeográfica, planimetrías, entre outras).

Identifícanse a grandes rasgos tres grupos de poboación diferenciados que deberán estar incluídos no mesmo:

1) As persoas que residen habitualmente nos asentamentos precarios da cidade da Coruña.

2) As persoas que residiron nos asentamentos precarios e, ademais de manter unha relación directa ou indirecta co asentamento, actualmente seguen nunha situación de inseguridade xurídica noutro lugar (por exemplo outros Concellos cercanos).

3) As persoas que xa non residen no asentamento e se atopan nunha fase máis avanzada do proceso de inclusión (perceptoras de axudas municipais ou autonómicas) pero que aínda non acadaron unha situación económica e xurídica plena con respecto á vivenda.

| Grupo poboación | | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|---|
| Residencia pasada no asentamento | | Si/Non | Si | Si |
| Residencia actual no asentamento | | Si | Non | Non |
| Mantemento co vínculo do asentamento | | Si | Si | Si |
| Situación inseguridade | Xurídica | Si | Si | Si/Non |
| | Económica | Si | Si | Si/Non |

No caso de existir persoas que non respondan aos criterios xerais dos tres grupos expostos anteriormente, haberá que estudar de maneira individual as particularidades de cada caso para valorar a pertinencia da súa inclusión como participante no Plan.

Realízase neste Plan, en base aos datos acadados, unha previsión de casuísticas dos Grupos específicos por asentamentos ou ámbitos territoriais (Ver Anexo 4).

O Plan prevé inicialmente o traballo coas persoas que viven nos asentamentos precarios aínda existentes na cidade da Coruña (As Rañas, A Pasaxe, O Portiño), pero é fundamental contar cun censo actualizado con todas aquelas persoas que se atopen nunha situación de inseguridade económica e xurídica vinculada á exclusión residencial. Neste sentido, o censo debe recoller os datos que permitan identificar un amplo abanico de casuísticas para evitar o sesgo nos resultados obtidos. Esta información servirá para traballar na prevención da reproducción de estratexias de acceso ao hábitat baixo a fórmula do chabolismo e adaptar as medidas do Plan ás diversas situación existentes na actualidade.

A información resultante da elaboración do censo servirá para tomar unha decisión técnica e política que permita facer unha planificación dos grupos de poboación obxecto en base aos medios e recursos dispoñibles.

O traballo nestas dúas fases (recopilación e sistematización) pode estar realizado por aquelas entidades, asociacións ou organizacións que teñan un maior coñecemento do contexto de cada asentamento e/ou grupo de poboación co obxectivo de facilitar a súa elaboración e garantir que os resultados mostren unha imaxe o máis axustada e representativa da realidade de cada un deles. O desenvolvemento do censo levarase a cabo sempre en coordinación co persoal técnico e equipos postos a disposición polo Concello de A Coruña.

Estes equipos encargaranse das tarefas máis específicas de traballo de campo e terán como fin recoller os datos especificados no modelo do Anexo 2 conforme ás indicacións expostas nos apartados anteriores.

<u>Resultados esperados:</u>

- Documento que rexistre a información sobre a poboación habitante dos asentamentos precarios da Coruña (segundo Anexo 3).
- Documentación gráfica que mostre a información recollida no censo.

- O 100% de persoas censadas sobre o total de persoas residentes nos asentamentos de As Rañas, A Pasaxe e O Portiño (Grupo de Poboación 1)

- O 100% de persoas censadas sobre o total de persoas non residentes nos asentamentos pero que residiron anteriormente nos asentamentos precarios e, ademais de manter unha relación directa ou indirecta co asentamento, actualmente seguen nunha situación de inseguridade xurídica noutro lugar (Grupo de Poboación 2)

- O 100% de persoas censadas sobre o total de persoas que xa non residen no asentamento e se atopan nunha fase máis avanzada do proceso de inclusión (perceptoras de axudas municipais ou autonómicas) pero que aínda non acadaron unha situación económica e xurídica plena con respecto á vivenda (Grupo de Poboación 3)

<u>Indicadores:</u>

- A obtención dun documento de censo completo (diferenciado por Grupos de Poboación ou ámbitos territoriais) no que consten os datos recollidos no Anexo 3, disgregado por sexo e idade.
- Nº total de persoas censadas sobre o nº total de persoas residentes nos asentamentos de As Rañas, A Pasaxe e O Portiño (Grupo de Poboación 1)

- Nº de persoas censadas que residiron anteriormente nos asentamentos precarios e, ademais de manter unha relación directa ou indirecta co asentamento, actualmente seguen nunha situación de inseguridade xurídica noutro lugar, sobre o nº total de persoas que cumpran este requisito (Grupo de Poboación 2)

- Nº de persoas censadas que xa non residen no asentamento e se atopan nunha fase máis avanzada do proceso de inclusión (perceptoras de axudas municipais ou autonómicas) pero que aínda non acadaron unha situación económica e xurídica plena con respecto á vivenda sobre o nº total de persoas que cumpran este requisito (Grupo de Poboación 3).

**2. Acordo de participación no Plan.**

<u>Obxectivo:</u>

Realizar un compromiso político coas persoas habitantes dos asentamentos acorde á consecución do Plan.

<u>Procedemento:</u>

Deberá realizarse unha presentación do Plan a cada UC por parte dos equipos de traballo de campo previa ao inicio da fase de diagnóstico individualizado facendo fincapé no recoñecemento dos dereitos vulnerados debido á condición de precaristas.
A participación no Plan ten que ser libre e poderá facerse activa ao longo de todo o proceso de implementación do mesmo. Para isto, será necesario traballar de maneira progresiva promovendo a participación no Plan de cada UC respectando as súas aspiracións.

<u>Resultados esperados:</u>

- 100% de acordos de participación no Plan (nº de familias censadas= nº de acordos de participación no Plan)

<u>Indicadores de resultados:</u>

- Porcentaxe de acordos de participación no Plan (nº de acordos de participación no Plan sobre o nº de familias censadas) disgregado por sexo e idade.

**3. Diagnóstico Individualizado por Unidade Convivencial.**

<u>Obxectivo:</u>

Realizar un diagnóstico real e actualizado que aporte unha perspectiva xeral e holística de cada UC.

<u>Procedemento:</u>

Este diagnóstico permitirá ter unha estimación do número de familias con intención de desenvolver un itinerario individualizado de inclusión habitacional e social.
Esta fase clave, elaborarase a partir da recollida de datos nos diferentes ámbitos estratéxicos (datos xerais das persoas que compoñen a UC, datos específicos no eido da saúde, educación e formación, experiencia laboral, vivenda, e outros datos que se consideren relevantes).
A duración deste diagnóstico estímase entre 1 semana e 3 meses por UC, tendo en conta a recollida datos e a elaboración do diagnóstico.

Esta acción poderá ser levada a cabo polos equipos que estean traballando en campo (por exemplo entidades sociais) en coordinación cos equipos de traballo multidisciplinares de seguimento para consensuar uns datos reais e actualizados.

Resultados esperados:

- 100% de diagnósticos realizados respecto ás UCs censadas

Indicadores:

- Nº total de diagnósticos realizados
- Porcentaxe de diagnósticos sobre o total de UCs

**4. Documento xurídico vinculante.**

Obxectivo:

Definir un acordo xurídico vinculante para as partes (UC e Concello da Coruña) ao respecto do abandono das edificacións precarias e o acceso a unha vivenda digna.

Procedemento:

Iniciarase co recoñecemento do dereito sobre un terreo afectado por un uso diferente e posteriormente co ofrecemento dun ben de uso equivalente e esixible, a cambio de deixar libre o terreo e trasladarse a unha vivenda normalizada fóra dun ámbito precario cos dereitos e deberes implícitos no ámbito da cidadanía.
Este Acordo compromete ao Concello a dispoñer dos medios e recursos necesarios que posibiliten o acceso da UC a unha vivenda axeitada nun marco de seguridade xurídica, nun prazo determinado. Igualmente, a UC terá o compromiso de iniciar a búsqueda dunha vivenda digna e adaptada ás súas aspiracións fóra dun ámbito precario e de abandoar o terreo onde residía ata o momento.

Para que este Documento poda ser firmado polas partes non é imprescindible ter o recurso a disposición da persoa usuaria, pero é preciso ter, por parte do Concello, unha previsión do mesmo para garantir que se faga efectivo nunha data límite que deberá constar no documento.
Estes dereitos asinados serán xurídicamente esixibles pola UC, no plazo acordado.

Estes Documentos deberán ser realizados polos Servizos Xurídicos do Concello de maneira individualizada para cada UC e estarán enmarcados nun Convenio Marco Regulador que se redactará en función dos ámbitos territoriais delimitados como zonas de especial protección social e das condicións dos diferentes grupos identificados entre a poboación obxectivo, especificados no Censo.

Algunhas consideracións sobre o contido dos acordos xurídicos vinculantes:

- Tras unha análise das particularidades de cada ámbito territorial (tenencia do terreo, situación xurídica da vivenda, planificación territorial, entre outras) e tendo en conta a posibilidade de declaración de zonas de intervención social especial segundo a Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia no Título V, formularase un Convenio Marco Regulador por cada asentamento e/ou por cada Grupo de poboación vinculado a cada asentamento. Estes Convenios establecerán uns dereitos básicos comúns para todas as persoas que conforman eses Grupos..

- A redacción dos acordos deberá ter en conta a esixibilidade dos mesmos polo que deberá facer fincapé na viabilidade da consecución dos obxectivos, facendo un seguemento continuo ata que podan ser acadados. (Ver anexo 6, estudo de caso 9).

- A partir destes Convenios redactaranse os Documentos Xurídicos Vinculantes para cada UC trala realización do Diagnóstico Individualizado. Estes Acordos incluirán uns dereitos específicos derivados do tempo de residencia da UC.

- Farase especial atención na lexitimación dos dereitos das persoas que conforman a unidade convivencial de maneira igualitaria entre homes e mulleres.

Resultados esperados:

- 100% de Documentos Xurídicos Vinculantes asinados respecto ao número total de UC's censadas dentro de cada Grupo de poboación.

Indicadores:

- Nº de Documentos Xurídicos Vinculantes firmados garantindo a igualdade entre homes e mulleres.
- Porcentaxe de Documentos Xurídicos Vinculantes sobre o total das familias censadas dentro de cada Grupo de poboación.

**5. Itinerarios Individualizados de Inclusión Habitacional-Social (IIIHS).**

Obxectivo:

O Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional e Social (IIIHS) é unha ferramenta para traballar o proceso de inclusión social facilitando apoio e acompañando a transición das persoas dende unha situación de precariedade habitacional a unha situación de inclusión residencial.

Procedemento:

Os IIIHS constitúen unha ferramenta de traballo participativa coa UC a través da cal se pode ter unha visión ampla da situación e dos pasos a dar para cada UC co fin de acadar os obxectivos marcados no Plan.
Unha vez se teñan definido o Censo e realizados os Diagnósticos Individualizados coas UC, poderíase empezar a traballar nos IIIHS, coas familias que teñan interese en participar no seu desenvolvemento atendendo ás liñas fundamentais de actuación: Participación Cotiá e Benestar+Empregabilidade e Seguridade económica+Habitabilidade e Salubridade.

Contando coa participación da UC, comezarase a deseñar o IIIHS partindo da realidade existente, tendo en conta os desexos, aspiracións e capacidades das persoas e marcando uns pasos que sexan viables para acadar os obxectivos definidos no Plan de maneira sostible no tempo.

Neste proceso é fundamental ir actualizando os datos recollidos na fase inicial para poder reformular o Itinerario as veces que sexan necesarias segundo os cambios que vaian xurdindo nas situacións das persoas da UC.

A participación no Itinerario é libre, poderá facerse activa en calquera fase do proceso de implementación do Plan, e servirá de apoio para acadar os obxectivos de acceso a un hábitat digno previstos no mesmo. Na medida do posible faranse constar as opinións expostas por todas as persoas pertencentes á UC. A decisión da participación no itinerario será transmitida pola/s persoa/s adulta/s e responsable/s do coidado familiar e mantemento da vivenda.

A duración de cada Itinerario será variable en función da fase da que parta cada familia, e de cómo transcorra o proceso que se deseña con e para ela, tendo que aplicar en todo caso os principios de individualidade, gradualidade e flexibilidade de tal maneira que se poida asegurar

a súa participación en todo momento. De maneira moi xenérica, estímase que a duración para cada UC poida ser entre 6 meses e 5 anos.

Xunto cunha participación cotiá e significativa da poboación que a empodere para seguir avanzando no proceso de inclusión, un dos elementos centrais destes Itinerarios será a consecución dalgún tipo de recurso (a través do acceso ao traballo e/ou dunha renda de protección social) que permita á familia ter a seguridade económica para poder facer fronte aos gastos derivados do acceso á vivenda (alugueiro, suministros, comunidade, etc). Para poder acadar esta resultado, é tamén fundamental traballar na consecución dunhas políticas de vivenda axeitadas que permitan o acceso á vivenda digna cuns gastos asumíbeis pola UC.

As UCs que non estean a participar nun Itinerario poderán optar igualmente aos recursos económicos que lles correspondan en función do grupo ao que pertenzan debendo cumprir coas obrigas correspondentes.

<u>Resultados esperados:</u>

- 100% de consecución de obxectivos plantexados nos IIIHS en relación á seguridade socio-económica (medio de vida recoñecible para a UC, ben a través dun traballo ou dunha renda social).

<u>Indicadores:</u>

- Porcentaxe de UC's que acadan os obxectivos plantexados nos IIIHS en relación á seguridade socio-económica (medio de vida recoñecible para a UC, ben a través dun traballo ou dunha renda social).

O Itinerario destas UC's poderá continuar avanzando na búsqueda dunha solución habitacional viable en relación á renda que teña. Neste caso os indicadores cualitativos poderían ser os seguintes:

a. valoración do nivel de ingresos co que contan, sendo o 20% dos ingresos mensuais da UC a porcentaxe considerada máxima para pagar os gastos derivados dunha vivenda
b. valoración do tipo de renda coa que contan, se provén dun traballlo ou dunha renda social.
c. avaliación do grao de inclusión a través dun informe da UC:

O informe deberá conter unha valoración dos seguintes puntos:

· As habilidades sociais e convivenciais acadadas de todas as persoas que conforman a UC e a valoración do proceso de adaptación á nova situación.
· Os logros acadados na traxectoria do IIIHS segundo as aspiracións persoais.

Os informes de avaliación realizaranse para cada UC pola persoa de referencia dos equipos de seguimento, en coordinación coas entidades sociais que realizan o traballo de campo.

- Porcentaxe de UC's que non acadan os obxectivos plantexados nos IIIHS en relación á seguridade socio-económica (medio de vida recoñecible para a UC, ben a través dun traballo ou dunha renda social).

Neste caso o Itinerario deberá continuar traballando na busca desa condición.

A través destes indicadores, poderíase saber se a UC está preparada ou non para causar baixa no Plan de acceso ao hábitat digno e pasar a acceder ás medidas previstas para toda a cidadanía en termos de benestar social.

**6. Traspaso do IIIHS (Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional e Social) ao IIIS (Itinerario Individualizado de Inclusión Social).**

Procedemento:

O Plan de acceso ao Hábitat Digno remataría no momento que todas as persoas que sexan obxecto do mesmo teñan accedido de maneira sostible a unha alternativa habitacional digna, segura xurídicamente, axeitada as súas aspiracións e capacidades. Neste punto, pode considerarse que as persoas ven satisfeito o seu dereito á vivenda a través das medidas implementadas e, por tanto, deixarían de participar no Plan de acceso ao Hábitat Digno para pasar a ser atendidas polos Servizos Sociais no caso de que fora necesario continuar co seu Itinerario Individualizado de Inclusión Social.

Resultados esperados:

- 100% de UC's que causan baixa no Plan de acceso ao Hábitat Digno por ter acadado os obxectivos do Plan.
No momento que remate o proceso de participación no Plan, deberanse analizar os resultados con respecto ao obxectivo xeral do Plan e diferenciando según cada grupo de actores.

Indicadores de resultado:

Entre outros indicadores, deberán utilizarse aqueles que mostren a repercusión na satisfación dos intereses de todas as partes implicadas:
> Poboación obxectivo:
A través dunha entrevista ás UC sobre a súa participación, valorarase se o obxectivo principal se cumpriu. O indicador de resultado óptimo neste caso sería que esa entrevista amosara que aínda que o proceso de adaptación fose complicado, as persoas conseguiron, grazas ao seu esforzo e a axuda do Plan, ter unha alternativa habitacional e non queren voltar ao asentamento. Esto significaría que os medios foron axeitados en canto a cantidade e calidade.

A través desta entrevista poderanse evidenciar outra serie de dificultades que han de terse en conta aínda que o proceso de acceso a unha vivenda sexa satisfactorio.

> Poboación en xeral:
Un indicador de resultado que mostre que se recuperou (ou que está na planificación territorial) un espazo urbano para o disfrute de toda a cidadanía seguindo os criterios de modelo de cidade inclusiva para toda a cidadanía.

Será necesario elaborar indicadores de resultado que mostren que a cidadanía en xeral percibiu un cambio positivo no modelo de convivencia (por exemplo a través da prensa, das vecindades, de participación nos recursos municipais e noutros espazos comunitarios, etc.)

O Plan é unha ferramenta satisfactoria para dar seguridade tanto aos propietarios das vivendas coma aos inquilinos no tocante ao pago dos alugueres. Para isto será necesario que o Concello non teña que pagar un prezo moi alto para conseguir as vivendas necesarias para cumplir os obxectivos do Plan a cambio de que os propietarios das vivendas teñan a seguridade de que van a cobrar o aluguer todos os meses.

Outro proveedor fundamental de vivendas será a administración autonómica. Este Plan permitirá promover procesos de rexeneración urbana e rehabilitación no rural que favorecerá á toda a cidadanía.de dificultades que han de terse en conta aínda que o proceso de acceso a unha vivenda sexa satisfactorio.

**6.4 Plan de medidas específicas**

O acceso a unha vivenda digna, enmarcado nun obxectivo máis amplo como é o acceso a un hábitat digno, non se trata exclusivamente do acceso físico a un aloxamento se non que supón un proceso no que interveñen diferentes factores que se relacionan entre sí.

O proceso de transición a un hábitat digno contemplado neste documento ten en conta, a diferenza de intervencións anteriores en materia de erradicación do chabolismo, unha visión integral e holística do que supón o cambio do entorno máis inmediato (chabola, asentamento, periferia da cidade) así como do cambio de contexto e de circunstancias individuais derivadas da situación de chabolismo (exclusión residencial, invisibilización, discriminación, desigualdades en materia de educación, saúde, autocoidado, traballo, xogo, ocio, entre outras). Así, o acceso a unha vivenda digna, a creación de estratexias persoais, familiares ou comunitarias e o período de adaptación na nova vivenda e no novo contexto, xunto coa redución das desigualdades xeradas, son cuestións prioritarias a considerar no traballo conxunto coa poboación dos asentamentos precarios.

Estes procesos de transición abranguen diversas dimensións da persoa, familia e/ou comunidade polo que teñen unha estreita relación coa súa participación cotiá en actividades significativas. Esta participación cotiá poderá verse transformada co paso da chabola a un piso ou unha casa ou coa previa creación dunha estratexia de acceso á vivenda; ademais de ser un elemento a ter en conta nos procesos pois, cando esta é significativa, trátase dunha vía para a implicación e compromiso da poboación así como dun promotor da saúde e benestar.

Por exemplificar o cambio mencionado anteriormente poderíase dicir que, para o caso do ámbito doméstico, as actividades como a hixiene corporal, a preparación de alimentos, a comida en familia, o estudo das nenas e nenos, presentan novas oportunidades debido ás mellores condicións de habitabilidade da nova vivenda (auga quente, estancias diferenciadas no fogar, etc.); ou que no caso do ámbito sociocomunitario, a situación da vivenda en espazos máis incluídos na cidade facilita o encontro e diálogo coa veciñanza, o acceso a recursos ou equipamentos públicos, a mobilidade na contorna, a redución da invisibilización ou discriminación polo feito de vivir nunha chabola, etc.

O acompañamento e soporte á poboación neste cambio é clave, mais tamén é fundamental ter en conta aspectos básicos que en ocasións anteriores supuxeron dificultades nos procesos de acceso a unha vivenda (Ver anexo 6). Estes poden ser as diferenzas nos horarios da cotidianeidade entre os que as persoas teñen nos asentamentos e os propios marcados polas propias comunidades veciñais; as horas pautadas para depositar o lixo nos contenedores da rúa; o volume empregado para algúns aparellos como o televisor ou a radio; o posible uso das estancias para o almacenamento de chatarra ou materiais de reciclaxe vinculados aos seus medios de subsistencia; etc. Estes aspectos deberanse traballar de forma respetuosa e sensible con cada persoa e non dende ópticas asimilacionistas ou discriminatorias, pois forman parte da propia construción cotiá, dos significados e das necesidades das familias.

O traballo dende a participación cotiá en actividades educativas, productivas (traballo remunerado, tarefas do fogar, voluntariado, etc.), de autocoidado, lúdicas e de ocio da poboación é unha das estratexias que poden iniciarse antes do propio acceso a unha vivenda e entenderase esta participación como elemento promotor de empoderamento e de mellora das condicións de vida dende o primeiro momento. Así mesmo, será unha cuestión presente en todo o proceso, incluso despois do acceso á vivenda, co fin de promover a igualdade de oportunidades, a inclusión e o desenvolvemento e benestar persoal e familiar.

Neste apartado concretaranse aquelas medidas e accións a levar a cabo coa poboación obxecto: as liñas estratéxicas de traballo (L1, L2 e L3); así como as medidas e accións de carácter procedimental, que deberán desenvolverse de maneira interna para operativizar as liñas estratéxicas deseñadas neste Plan.

| RETO | MEDIDAS | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| Mellora e adaptación dos recursos para a implementación do Plan de acceso ao hábitat digno para as persoas dos asentamentos precarios da cidade da Coruña | M1. Mellora das ferramentas e mecanismos de xestión das políticas de vivenda | A1. Adaptación das competencias da empresa municipal de vivenda como ente coordinador e xestor das medidas específicas de acceso á vivenda |
| | | A2. Creación das ferramentas e elaboración dos documentos xurídicos necesarios para a implementación das políticas de vivenda. |
| | | A3. Coordinación coa Administración autonómica para a declaración dos asentamentos como zonas de intervención social especial segundo consta na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia |
| | M2. Contratación específica, coordinación e búsqueda da eficiencia e da mellora da calidade do traballo dos recursos humanos para a implementación do Plan | A4. Inclusión da multidisciplinariedade nos equipos de seguimento e traballo de campo |
| | | A5. Formación específica dos recursos humanos que estean implicados na implementación do Plan |
| | M3. Desenvolvemento de plans operativos para a implementación de medidas das liñas estratéxicas do Plan | A6. Integración das medidas a levar a cabo en estratexias a nivel europeo, estatais, autonómicas e municipais |
| | | A7. Coordinación e cooperación interinstitucional para un maior aproveitamento, eficacia e eficiencia das medidas a implementar |

**6.4.1 Medidas procedimentais.**

A continuación se describen aquelas medidas de caracter interno que deberán ser desenvoltas polos equipos das concellerías para coordinar e mellorar as ferramentas existentes ou adecualas ás necesidades do Plan.

Reto: Mellora e adaptación dos recursos para a implementación do Plan de acceso ao hábitat digno para as persoas dos asentamentos precarios da cidade da Coruña.

Descrición: A través deste reto preténdese aumentar, mellorar, coordinar os recursos existentes na búsqueda dunha maior efectividade dos mesmo, asi como buscar e adaptar aquelas ferramentas necesarias para implementar o Plan de acceso ao hábitat digno para os asentamentos precarios da Coruña.

Medida 1: Mellora das ferramentas e mecanismos de xestión das políticas de vivenda.

Acción 1: Adaptación das competencias da empresa municipal de vivenda como ente coordinador e xestor das medidas específicas de acceso á vivenda.

Acción 2: Creación das ferramentas necesarias e elaboración dos documentos xurídicos necesarios para a implementación das políticas de vivenda.

Descrición: Búsqueda e adaptación das ferramentas e mecanismos necesarios para poder xestionar as políticas de vivenda, en concreto aquelas que atañen ao Plan de acceso ao hábitat digno para os asentamentos precarios da Coruña.

Recursos: Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda e empresas públicas (EMVSA).

Acción 3: Coordinación coa Administración autonómica para a declaración dos asentamentos como zonas de intervención social especial segundo consta na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.

Descrición: Se tomarán as medidas oportunas para declarar a zona dos asentamentos como zonas de intevención especial para poder levar a cabo un plan integral de transformación para o cal se coordinarán as accións pertinentes entre as administracións locais e autonómica en materia de vivenda, urbanismo, educación, sanidade e servizos sociais. (Ver punto 4.2: Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia, título V).

Recursos: Concello da Coruña, Xunta de Galicia

Medida 2: Contratación específica, coordinación e búsqueda da eficiencia e da mellora da calidade do traballo dos recursos humanos para a implementación do Plan.

Acción 4: Inclusión da multidisciplinariedade nos equipos de seguimento e traballo de campo.

Acción 5: Formación específica dos recursos humanos que estean implicados na implementación do Plan.

Descrición: Trátase de optimizar os recursos existentes e buscar outros necesarios a través da búsqueda da coordinación das medidas a nivel municipal, autonómico, e estatal; a inclusión en estratexias existentes na búsqueda dos mesmos obxectivos, e a creación de equipos de calidade con perfís que respondan aos diferentes ámbitos de acción na búsqueda de esa interdisciplinariedade que repercuta na mellora da atención á poboación obxectivo.

Recursos: Fondos Europeos, Concellos do ámbito comarcal da Coruña (Consorcio das Mariñas), IGVS, Ministerio de Fomento, Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Estratexias Europeas, EIDUS, etc.

Medida 3: Desenvolvemento de plans operativos para a implementación de medidas das liñas estratéxicas do Plan

Acción 6: Integración das medidas a levar a cabo en estratexias a nivel europeo, estatais, autonómicas e municipais

Acción 7: Coordinación e cooperación interinstitucional para un maior aproveitamento, eficacia e eficiencia das medidas a implementar

| OBXECTIVO XERAL | LIÑAS ESTRATÉXICAS | RETOS |
|---|---|---|
| Garantir o acceso ao hábitat digno ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña | L1. Asegurar por parte dos poderes públicos unha renda mínima de subsistencia (a través dos diversos mecanismos de protección social e inclusión social) e favorecer a satisfación do dereito ao traballo para as persoas habitantes nos asentamentos precarios da cidade de A Coruña. | R1. Implementar medidas de apoio á empregabilidade en relación coas ocupacións detectadas (pesca e marisqueo, xestión de residuos, xardinería e traballos forestais, limpeza e mantemento de infraestruturas, construción (soldadura, albanelería), mecánica, perruquería e estética, venda ambulante e en mercados, etc. |
| | | R2. Implementar medidas de apoio para dar resposta ás necesidades desta poboación en materia de inserción laboral |
| | L2. Dispoñer dos medios necesarios que posibiliten o acceso á vivenda digna ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña | R1. Implementar medidas para favorecer o acceso a un hábitat axeitado atendendo ás necesidades e aspiracións específicas da poboación dos asentamentos precarios da cidade |
| | L3. Apoiar por parte dos poderes públicos e da cidadanía a satisfación do dereito á participación en actividades da vida cotiá que promovan o benestar físico, mental, social e ambiental para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade de A Coruña | R1. Promover a participación social e comunitaria de maneira inclusiva |
| | | R2. Garantir o acceso á educación e promover e fortalecer a participación continua ao longo de todas as etapas educativas |
| | | R3. Promover o acceso equitativo aos recursos sociosanitarios e a realización de programas de promoción da saúde |

**Lina estratéxica 1: Asegurar por parte dos poderes públicos unha renda mínima de subsistencia (a través dos diversos mecanismos de protección e inclusión social) e favorecer a satisfación do dereito ao traballo para as persoas habitantes nos asentamentos precarios da cidade de A Coruña.**

| RETOS | MEDIDAS | ACCIÓNS |
|---|---|---|
| R1. Implementar medidas de apoio á empregabilidade en relación coas ocupacións detectadas (pesca e marisqueo, xestión de residuos, xardinería e traballos forestais, limpeza e mantemento de infraestruturas, construción (soldadura, albanelería), mecánica, perruquería e estética, venda ambulante e en mercados, etc. | M1. Realización dunha prospección sobre os intereses reais formativos sobre todo entre a poboación máis xoven enfocados á obtención dunha experiencia profesional satisfactoria e que promova o empoderamento e realización persoal | A1. Recollida e Sistematización da Información |
| | M2. Impulso dos proxectos de colaboración con empresas para a realización de prácticas profesionais (escolas-taller, prácticas en empresas do concello e privadas, convenios coa universidade, etc.) | A2. Elaboración dun plan de colaboración con empresas e entidades para a incorporación de persoas en exclusión en condición de prácticas de maneira que se poda favorecer a súa empregabilidade. |
| | | A3. Integración de persoas en exclusión en prácticas en equipos de traballo no ámbito da construción para a mellora e acondicionamento de vivendas pertencentes ao parque municipal |
| | | A4. Integración de persoas en exclusión en prácticas en equipos de traballo nas labores de limpeza, desbroce, xardinería ou relacionadas coa limpeza da ría do Burgo, xestionadas a través de empresas municipais ou a través de convenios co concello |
| | M3. Información e difusión sobre os marcos lexislativos e normativos así como dos recursos existentes en relación ás actividades xa detectadas (axeitadas ás capacidades e aspiracións da poboación) | A5. Realización de xornadas formativas específicas e orientadas á poboación |
| R2. Implementar medidas de apoio para dar resposta ás necesidades desta poboación en materia de inserción laboral de maneira inclusiva | M4. Asesoramento e orientación a través do deseño e seguimento de itinerarios de inserción laboral que permitan acadar allternativas viables e sostibles no tempo | A6. Información sobre as posibilidades de emprego ou autoemprego adecuado e realista ás capacidades da poboación e de cara á conciliación dos tempos |
| | M5. Apoio, asesoramento e acompañamento ás pequenas empresas e alternativas de autoemprego de nova ou recente creación | A7. Proporción de soporte para o desenvolvemento administrativo e técnico das alternativas de autoemprego |
| | | A8. Seguimento e acompañamento dos procesos durante as fases iniciais ata a consolidación |
| | M6. Inclusión de cláusulas sociais específicas para persoas en exclusión residencial nos pregos de contratación das empresas públicas ou dependentes do Concello. | |
| R3. Traballar de maneira coordinada institucionalmente para acadar unha maior eficiencia nos resultados vinculados aos obxectivos das rendas de protección social (RISGA, Renda social municipal, AES, etc.) | M7. Garantir o proceso de transición ao emprego dende as rendas de inserción a través das medidas encamiñadas á promoción da consecución dunha alternativa laboral de maneira real e eficaz | A9. Negociación interinstitucional coa Xunta para promover a revisión e o desenvolvemento do tramo de inserción ao emprego previsto na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia |
| | M8. Deseñar os obxectivos dos Itinerarios de RISGA encamiñados a resultados máis realistas e enfocados a unha inserción sociolaboral | |

### 6.4.2 Liñas estratéxicas

**Liña estratéxica 1**: Asegurar por parte dos poderes públicos unha renda mínima de subsistencia (a través dos diversos mecanismos de protección social e inclusión social) e favorecer a satisfación do dereito ao traballo para as persoas habitantes nos asentamentos precarios da cidade de A Coruña.

A través desta liña de traballo relacionada coa inserción laboral e empregabilidade preténdese mellorar as capacidades e habilidades sociais así como acceder á formación para poder acceder a un modo de vida digno e sostible no tempo que promova os intereses das persoas e que satisfaga as súas aspiracións. Búscase tamén mellorar e coordinar os mecanismos de proteción social (rendas como a RISGA) para que estes podan enfocar os seus esforzos cara a consecución dunha forma de vida autónoma e sostible e non a perpetuación da dependencia das mesmas.

A continuación descríbense as propostas de maneira máis detallada:

Reto 1: Implementar medidas de apoio á empregabilidade en relación coas ocupacións detectadas (pesca e marisqueo, xestión de residuos, xardinería e traballos forestais, limpeza e mantemento de infraestruturas, construción (soldadura, albanelería), mecánica, perruquería e estética, venda ambulante e en mercados...

A través das medidas e accións que se propoñen para acadar este reto preténdese incidir naqueles intereses e capacidades reais xa coñecidas na poboación obxectivo de cara a obter uns resultados máis satisfactorios. Traballando naquelas actividades nas que as persoas se sinten máis motivadas e seguras por ter uns coñecementos previos, poderemos asegurar unha maior participación e aproveitamento de recursos persoais enfocados á búsqueda dun modo de vida.

Tamén se traballará na promoción de outras actividades aínda non detectadas e que sexan froito dunha prospección de intereses, sobre todo entre a poboación máis xoven, para levar a cabo aquelas accións de apoio para desenvolvelas.

Medida 1: Realización dunha prospección sobre os intereses reais formativos sobre todo entre a poboación máis xoven enfocados á obtención dunha experiencia profesional satisfactoria e que promova o empoderamento e realización persoal.

Acción 1: Recollida e Sistematización da Información

Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración entre os Equipos de traballo de campo e a universidade e outras entidades que traballen neste ámbito da empregabilidade e inserción laboral (Plan Acceder da Fundación Secretariado Gitano).

Poderíamos enmarcar estas accións no Eixe II do Plan Municipal de Emprego (Diagnóstico socioeconómico e prospección laboral).

Medida 2: Impulso dos proxectos de colaboración con empresas para a realización de prácticas profesionais (escolas-taller, prácticas en empresas do concello e privadas, convenios coa universidade, etc.)

Recursos: Equipo de coordinación, Equipos de seguimento municipais. Esta medida estaría enmarcada no Eixe VIII PME (Responsabilidade Sociolaboral)

Acción 2: Elaboración dun plan de colaboración con empresas e entidades para a incorporación de persoas en exclusión en condición de prácticas de maneira que se poda favorecer a súa empregabilidade.

Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración coas Entidades sociais, Equipos de seguemento municipais, Universidade, Entidades de asesoramento e orientación laboral.

Acción 3: Integración de persoas en exclusión en prácticas en equipos de traballo no ámbito da construción para a mellora e acondicionamento de vivendas pertencentes ao parque municipal

Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración coas Entidades sociais, Equipos de seguemento municipais, centros educativos, universidade...

Acción 4: Integración de persoas en exclusión en prácticas en equipos de traballo nas labores de limpeza, desbroce, xardinería ou relacionadas coa limpeza da ría do Burgo, xestionadas a través de empresas municipais ou a través de convenios co concello.

Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración coas Entidades sociais, Equipos de seguimento municipais, centros educativos, Universidade, EMVSA, etc.

Medida 3: Información e difusión sobre os marcos lexislativos e normativos así como dos recursos existentes en relación ás actividades xa detectadas (axeitadas ás capacidades e aspiracións da poboación)

Acción 5: Realización de xornadas formativas específicas axeitadas ás capacidades da poboación obxecto que lle permitan coñecer máis en profundidade os marcos lexislativos e nromativas daquelas actividades nas que podan ter interés en desenvolver como ocupacións (por exemplo, a xestión de residuos, a pesca e marisqueo, etc.)

Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración coas Entidades sociais, Equipos de seguimento municipais, Entidades de asesoramento e orientación, Empresas e estaría enmarcada no Eixe III PME (Calidade e innovación).

Reto 2: Implementar medidas de apoio para dar resposta ás necesidades desta poboación en materia de inserción laboral.

A través das medidas e accións que se propoñen para acadar este reto preténdese facilitar a información e o acceso aos recursos dispoñibles en materia de inserción laboral e acompañar os procesos de inserción laborar para posibilitar a entrada no mercado laborar dunha maneira real e sostible. Incidirase tamén na búsqueda da mellora da operatividade das rendas sociais co obxectivo de modificar a percepción das mesmas polas persoas usuarias como sistema de dependencia e promover as actitudes proactivas de cara á consecución de modos de vida a través dun emprego formalizado.

Medida 4: Asesoramento e orientación a través do deseño e seguimento de itinerarios de inserción laboral que permitan acadar alternativas viables e sostibles no tempo.

Descrición: Información sobre as posibilidades de emprego ou autoemprego axeitado e realista ás capacidades da poboación.

Acción 6: Información sobre as posibilidades de emprego ou autoemprego adecuado e realista ás capacidades da poboación e de cara á conciliación dos tempos.
Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración coas Entidades sociais, Equipos de seguimento municipais, Persoal específico da economía social e estaría enmarcada no Eixe IV PME (Promoción do emprego).
Medida 5: Apoio, asesoramento e acompañamento ás pequenas empresas e alternativas de autoemprego de nova ou recente creación.

Considérase fundamental un apoio tanto administrativo e legal como técnico que permita que as iniciativas podan ter un enfoque axeitado e viable dende o primeiro momento e permita ás persoas promotoras acadar unhas habilidades a través da cal podan acadar unha situación de seguridade e independizarse das rendas sociais.

Acción 7: Proporción de soporte para o desenvolvemento administrativo e técnico das alternativas de autoemprego.

<u>Acción 8</u>: Seguimento e acompañamento dos procesos durante as fases iniciais ata a consolidación.

Recursos: Esta medida podería realizarse en colaboración coas Entidades sociais, Equipos de seguimento municipais, o persoal específico da economía social e estaría enmarcada no Eixe V PME (Actividade empresarial)

<u>Medida 6</u>: Inclusión de cláusulas sociais específicas para persoas en exclusión residencial nos pregos de contratación das empresas públicas ou dependentes do Concello.

A través desta medida de acción positiva estariase dando un valor engadido a aquelas empresas dependentes do Concello promovendo a inclusión destas persoas e aproveitando aqueles coñecementos e experiencia (na maioría dos casos non demostrable aínda que existente) nos ámbitos da xestión de residuos, pesca e marisqueo, mercadeo, etc.

Recursos: Equipo de coordinación, equipos de seguimento municipais. Esta medida estaría enmarcada no Eixe VII PME (Estratexia transversal).

<u>Reto 3: Traballar de maneira coordinada institucionalmente para acadar unha maior eficiencia nos resultados vinculados aos obxectivos das rendas de protección social (RISGA, Renda social municipal, AES, etc.)</u>

<u>Medida 7</u>: Garantir o proceso de transición ao emprego dende as rendas de inserción a través da coordinación das medidas encamiñadas á promoción da consecución dunha alternativa laboral de maneira real e eficaz.

Descrición: Negociación interinstitucional coa Xunta para promover a revisión e o desenvolvemento do tramo de inserción ao emprego previsto na Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.

Recursos: Equipo de coordinación, equipos de seguimento municipais, Dirección Xeral de Políticas Sociais. Esta medida estaría enmarcada no Eixe VI PME (Cooperación interinstitucional).

<u>Medida 8:</u> Deseñar os obxectivos dos Itinerarios de RISGA encamiñados a resultados máis realistas e enfocados a unha inserción sociolaboral

| Liña estratéxica 2: Dispoñer dos medios necesarios que posibiliten o acceso á vivenda digna ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña | | |
|---|---|---|
| RETOS | MEDIDAS | ACCIÓNS |
| R1. Implementar medidas para favorecer o acceso a un hábitat axeitado atendendo ás necesidades e aspiracións específicas da poboación dos asentamentos precarios da cidade | M1. Creación dun Banco de vivendas e de terreos que cumplan os parámetros esixibles no PXOM para uso residencial atendendo ás aspiracións e mapa de relacións da poboación. | A1. Identificación das necesidades, relacións e aspiracións da poboación |
| | | A2. Localización de zonas que cumpran os parámetros de adecuación ao PXOM con posibilidade de atender ás aspiracións da poboación, tanto terreos como vivendas en núcleo rural e en solo urbano asi como en edificacións unifamiliares ou en edificios colectivos. |
| | | A3. Realización dun control e seguimento das vivendas do parque público municipal; inventariar as vivendas baleiras do parque público |
| | | A4. Realización dun inventario das vivendas baleiras dos grandes tenedores de vivenda (entidades financieras) |
| | | A5. Sistematización da información para crear un Banco de vivendas dispoñibles |
| | M2. Negociación entre os proveedores das vivendas, o Concello e as persoas habitantes dos asentamentos precarios para dar resposta á inclusión residencial das persoas nun contexto territorial supramunicipal baseado nas relacións sociais e familiares da poboación, adaptado á súa vida cotiá e nunhas condicións asequibles para a poboación. | A6. Adecuación das necesidades familiares a unha alternativa habitacional que dispoña dos servizos básicos nunha contorna significativa para as persoas usuarias. |
| | | A7. Negociación entre os proveedores das vivendas e o Concello para posibilitar a prestación de servizos municipais orientados á facilitación do acceso á vivenda aos habitantes dos asentamentos precarios da cidade. |
| | | A8. Negociación entre o Concello e as UC identificadas no Censo, cunha fórmula que garantice a seguridade xurídica. |
| | | A9. Deseño de Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional-Social para garantir a sostibilidade da vivenda, nun proceso gradual de autonomía das persoas. |
| | M3. Xestión de traballos de adecuación das condicións de habitabilidade para acadar alternativas habitacionais axeitadas e xestión das medidas de emerxencia provisionais en materia de salubridade nos asentamentos precarios. | A10. Acondicionamento de vivendas para adaptala ás necesidades de todos os membros da unidade de convivencia e para que cumpran os requisitos de habitabilidade (de uso, salubridade, seguridade, proteción...) |
| | | A11. Intervencións de emerxencia comunitarias e de infraestruturas nos asentamentos |
| | M4. Seguemento do Itinerario Habitacional-Social para garantir a sostibilidade da vivenda, nun proceso gradual de autonomía das persoas. | A12. Acompañamento e reformulación continua do Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional-Social. |

**Liña estratéxica 2**: Dispoñer dos medios necesarios que posibiliten o acceso á vivenda digna ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña

Esta segunda liña de habitabilidade e salubridade está referida a aquelas actuacións en materia de acceso á vivenda e mellora das condicións en materia de salubridade e hábitos no entorno da comunidade.

<u>Reto 1: Implementar medidas para favorecer o acceso a un hábitat axeitado atendendo ás necesidades e aspiracións específicas da poboación dos asentamentos precarios da cidade.</u>

Descrición:

Entendendo por hábitat digno e axeitado aquel no que tanto a vivenda coma a súa contorna cumpra os parámetros consensuados internacionalmente e especificados na Observación xeral nº4, adoptada polo Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de conformidade co párrafo 1 do artigo 11 do Pacto Internacional dos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais das Nacións Unidas:

a) Seguridade xurídica da tenencia:

> *"A tenencia adopta unha variedade de formas, como o alugueiro (público e privado), a vivenda en cooperativa, o arrendo, a ocupación polo propietario, a vivenda de emerxencia e os asentamentos informais, incluida a ocupación de terra ou propiedade. Sexa cal fora o tipo de tenenza, todas as persoas deben gozar de certo grado de seguridade de tenenza que lles garanta unha protección legal contra o desafiuzamento, o hostigamento ou outras ameazas..."*

b) Dispoñibilidade de servizos, materiais, facilidades e infraestrutura:

> *"Unha vivenda adecuada debe conter certos servizos indispensábeis para a saúde, a seguridade, a comodidade e a nutrición. Todos os beneficiarios do dereito a unha vivenda adecuada deberían ter acceso permanente a recursos naturais e comúns, a auga potable, a enerxía para a cociña, a calefacción e o alumeado, as instalacións sanitarias e de aseo, de almacenamento de alimentos, de eliminación de residuos, de drenaxe e a servizos de emerxencia."*

c) Gastos soportabeis:

> *"Os gastos personais ou do fogar que entraña a vivenda deberían ser dun nivel que non impedira nin comprometera o logro e a satisfacción doutras necesidades básicas..."*

d) Habitabilidade:

> *"Unha vivenda adecuada debe ser habitable, no sentido de poder ofrecer espazo axeitado aos seus ocupantes e de protexelos do frío, a humidade, a calor, a choiva, o vento ou outras ameazas para a saúde, de riscos estruturais e de vectores de enfermidade. Debe garantir tamén a seguridade física dos ocupantes..."*

e) Asequibilidade:

> *"A vivenda adecuada debe ser asequible aos que teñan dereito. Debe concederse aos grupos en situación de desventaxa un acceso pleno e sostible aos recursos adecuados para acadar unha vivenda"*

f) Lugar:

> *"A vivenda adecuada debe encontrarse nun lugar que permita o acceso ás opciones de emprego, os servizos de atención da saúde, centros de atención para nenos, escolas e outros servizos sociais"*

g) Adecuación cultural:

> *"A maneira na que se constrúe a vivenda, os materiais de construción utilizados e as políticas nas que se apoian deben permitir adecuadamente a expresión da identidade cultural e a diversidade da vivenda."*

Este acceso ao hábitat digno favorecerase mediante a búsqueda de alternativas habitacionais adecuadas ás necesidades, á identidade, ás aspiracións das persoas

e que sexan sostibles no tempo garantindo a seguridade xurídica da tenencia (aluguer, cooperativa, cesión de uso, propiedade…), a adecuación ao planeamento urbanístico e aos requerimentos de habitabilidade da normativa técnica vixente.

Medida 1: Creación dun Banco de vivendas e terreos que cumpran os parámetros esixibles no PXOM para uso residencial atendendo ás aspiracións e mapa de relacións da poboación.

Descrición: Búsqueda, localización e sistematización (atendendo aos parámetros urbanísticos internacionais relativos á dispoñibilidade de servizos, lugar, adecuación cultural) de diversas alternativas habitacionais acordes co planeamento urbanístico e, polo tanto, dotada dos servizos e das infraestruturas necesarias para os usos residenciais considerados.

Acción 1: Identificación das necesidades, relacións e aspiracións da poboación.

Esta acción irá relacionada coa fase de Diagnóstico individualizado das UC (Ver punto 6.3).

Recursos: Equipos de traballo de campo en coordinación cos equipos de seguimento.

Acción 2: Localización de zonas que cumpran os parámetros de adecuación ao Plan con posibilidade de atender ás aspiracións da poboación, tanto terreos como vivendas en núcleo rural e en solo urbano, asi como edificacións unifamiliares ou en edificios colectivos.

Descrición: Trátase de buscar a inclusión social das persoas en distintas localizacións nun contexto territorial supramunicipal baseado nas relacións sociais e familiares da poboación. Aínda que o problema urbano dos asentamentos chabolistas na cidade de A Coruña ten síntomas moi locais require de solucións territoriais a maior escala para acadar as localizacións que mellor se axusten ás expectativas da poboación. Iniciarase coas localizacións próximas ao asentamento e ampliarase noutros Concellos próximos ou con vínculos coa poboación. Buscaranse terreos en contextos territoriais que favorezan a rehabilitación das vivendas e a dinamización dos núcleos rurais.

Asemade resulta de interese a ubicación de vivendas en núcleo con proximidade a solo industrial onde desenvolver a actividade productiva (vinculada á xestión de residuos ou outros).

Recursos: Equipos de traballo de campo en coordinación con equipos de seguimento (técnico e social).

Ambito territorial: Comarca/Provincia da Coruña. A localización das alternativas habitacionais será nos ámbitos de relación da poboación: relacións comerciais, sociais, escolares, deportivos, relacións laborais e formativas, familiares e vecinales, etc

Acción 2a: Búsqueda de alternativas habitacionais con adecuación funcional e de uso: axeitadas ás necesidades de todos as persoas que conforman a unidade de convivencia (especialmente as persoas menores, anciás e aquelas con diversidade funcional), con cumprimento da normativa vixente en canto á salubridade, habitabilidade, protección e seguridade (ante incendios, seguridade estrutural…) e que garantan o benestar físico, mental e social.

Acción 2b: Realización de visita ao lugar, diagnóstico ocular do estado da vivenda, contacto con equipo urbanístico do Concello de referencia, análise da información urbanística e xurídica da vivenda.

Acción 2c: Realización de acompañamentos da UC na relación coa vivenda, co lugar e cos demais actores relacionados na xestión do proceso de transición residencial.

Acción 3: Realización de control e seguemento das vivendas do parque público municipal; inventariado das vivendas baleiras do parque público.

Recursos: Equipo de seguemento técnico (Concellaría de Rexeneración Urbana)

Acción 4: Realización de inventario das vivendas baleiras dos grandes tenedores de vivenda (entidades financieras).

Recursos: Equipo de seguemento técnico (Concellaría de Rexeneración Urbana e Concellaría de Xustiza Social).

Acción 5: Sistematización de información para crear un Banco de vivendas dispoñibles.

Acción 5a: Sistematización da información recollida nos datos do Censo (utilizando Sistemas de Información Xeográfica). Esta acción irá relacionada coa fase do Censo (Ver punto 6.3).

Acción 5b: Sistematización da información recollida na búsqueda e localización de vivendas utilizando Sistemas de Información Xeográfica (SIX) para crear un Banco de vivendas.

Medida 2: Negociación entre os proveedores das vivendas, o Concello e as persoas habitantes dos asentamentos precarios para dar resposta á inclusión residencial das persoas en distintas localizacións nun contexto territorial supramunicipal baseado nas relacións sociais e familiares da poboación, adaptado á súa vida cotiá e nunhas condicións asequibles que permitan uns gastos soportabeis para a poboación.

Descrición: A poboación ten que participar do proceso de búsqueda e localización. Tense que asegurar que a alternativa habitacional ten dispoñibilidade dos servizos necesarios e relacionar coas necesidades laborais segundo as necesidades de cada UC (por exemplo, pode condicionar a proximidade dun solo industrial para usos vinculados á xestión de residuos ou a proximidade do mar ou da ría para actividades de pesca e marisqueo).

Esta Medida relaciónase coa fase dos Acordos de participación, coa dos Diagnósticos Individualizados e coa dos Acordos xurídicos vinculantes (Ver punto 6.3).

Recursos: Equipo de Coordinación, Equipos de seguimento e equipos de traballo de campo.

Acción 6: Adecuación das necesidades familiares a unha alternativa habitacional que dispoña dos servizos básicos nunha contorna significativa para as persoas usuarias. Esta Acción realizarase a partir da información dos Diagnósticos Individualizados (Ver punto 6.3).

Acción 7: Negociación entre os proveedores das vivendas e o Concello para posibilitar a prestación de servizos municipais orientados á facilitación do acceso á vivenda ás persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade.

Descrición: Ampliar o abano de posibilidades de tenencia da vivenda a disposición dos usuarios das políticas de vivenda municipais.

Acción 8: Negociación entre o Concello e as UC identificadas no Censo, para garantir o acceso a un hábitat digno e adecuado, cunha fórmula que garanta a seguridade xurídica da tenencia e en condicións asequibles para a poboación. Esta acción relaciónase coa fase dos Acordos xurídicos vinculantes (Ver punto 6.3)

Descrición: O Concello, a través de EMVSA, terá capacidade para alugar e/ou mercar aos propietarios particulares e para realugar aos inquilinos procedentes dos asentamentos en condicións de asequibilidade e gastos soportábeis polos inquilinos.

Ademáis das dificultades para o pago do aluguer, resulta alarmante o crecemento da pobreza enerxética, entendida como a dificultade para afrontar as facturas dos suminis-

tros básicos de electricidade, gas e auga. Os precios de acceso a estos suministros resultan inasequibles para a poboación, polo que as opcións de vivenda relacionaranse coas medidas para evitar a pobreza enerxética.

Os gastos do fogar (alugueiro/ compra, suministros: auga, luz e gas, seguro fogar, pago fianza, seguro pago alugueiro, gasolina para desprazamentos) deberían ser dun nivel que non impedira nin comprometera o logro e a satisfacción doutras necesidades básicas.

- Proposta do Programa de Alugueiro Social Municipal:
O importe do aluguer (xunto cos demais gastos que conleva a vivenda, como o pago de suministros) se fixará en función da renda percibida e nunca comprometerá o logro e a satisfacción doutras necesidades básicas. Será inferior ao 20% dos ingresos ponderados da UC.
Levaranse a cabo os acordos dos convenios coas compañías suministradoras de auga potable (EMALCSA), de gas e de electricidade para evitar a pobreza enerxética entre a poboación máis vulnerable.

Acción 9: Deseño de Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional-Social para garantir a sostibilidade da vivenda, nun proceso gradual de autonomía das persoas.
Esta Acción relaciónase coa fase dos Itinerarios Individualizados de Inclusión Habitacional-Social (Ver punto 6.3).

Medida 3: Xestión de traballos de adecuación das condicións de habitabilidade para acadar alternativas habitacionais adecuadas, e Xestión das medidas de emerxencia provisionais en materia de salubridade nos asentamentos precarios.

Recursos: Equipo de Coordinación, equipos de seguimento transdisciplinares municipais e equipos de traballo de campo (Concellaría de Rexeneración Urbana e Concellaría de Emprego e Concellaría de Medio Ambiente).

Acción 10: Acondicionamento de vivendas para adaptalas ás necesidades de todos os membros da unidade de convivencia para que cumpran os requisitos de habitabilidade, salubridade, seguridade e protección.
Descrición: Realizarase mediante accións de coordinación interinstitucional municipal e autonómica (Programa de acondicionamento de vivendas para facilitar o acceso a un hábitat digno), favorecendo medidas de emprego de apoio á inclusión sociolaboral das persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade (Programa de apoio á inclusión sociolaboral).

Acción 11: Intervencións de emerxencia, comunitarias, infraestruturas nos asentamentos.

Descrición: trátase de activar medidas comunitarias de emerxencia para mellorar as condicións de salubridade e de seguridade nos asentamentos como mecanismo de prevención de riscos mentres dure o proceso da intervención, buscando favorecer a participación e o empoderamento da poboación.

Recursos: Equipo de Coordinación, Equipos de seguimento transdisciplinares municipais e Equipos de Traballo de Campo (Concellaría de Rexeneración Urbana, Servizo de Infraestruturas, Concellaría de Emprego, Concellaría de Medio Ambiente).

Medida 4: Seguemento do Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional-Social para garantir a sostibilidade da vivenda, nun proceso gradual de autonomía das persoas.

Acción 12: Acompañamento e reformulación continua do Itinerario Individualizado de Inclusión Habitacional-Social. (Ver punto 6.3).

| Liña estratéxica 3: Apoiar por parte dos poderes públicos e da cidadanía a satisfación do dereito á participación en actividades da vida cotiá que promovan o benestar físico, mental, social e ambiental para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade de A Coruña | | |
|---|---|---|
| R1. Promover a participación social e comunitaria de maneira inclusiva | M1. Promover o recoñecemento e a interiorización do dereito á participación cotiá | A1. Impulso de procesos que favorezan o empoderamento da poboación para a participación cotiá |
| | | A2. Promoción da participación en actividades da vida cotiá como necesidade humana para o desenvolvemento, o benestar e a inclusión social |
| | M2. Facilitar o acceso e potenciar a participación nos recursos locais e na comunidade | A3. Mellora da información sobre os recursos locais dispoñibles para a participación |
| | | A4. Redución das barreiras e dificultades no acceso, comunicación, uso e participación dos recursos |
| | M3. Promover a visibilización e sensibilización para combater o descoñecemento e a discriminación | A5. Desenvolvemento de accións de sensibilización destinadas á cidadanía en xeral e a grupos específicos |
| | | A6. Visibilización e sensibilización da cidadanía dende a propia participación da poboación dos asentamentos precarios e o encontro comunitario |
| R2. Garantir o acceso á educación e promover e fortalecer a participación continua ao longo de todas as etapas educativas | M4. Promoción e seguimento da escolarización nas diferentes etapas educativas e facilitación de acceso aos recursos | A7. Promover a escolarización na Educación Infantil incidindo no primeiro ciclo (0-3) |
| | | A8. Identificar e facer seguimento dos casos de desescolarización e/ou absentismo e abandono escolar na Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria |
| | | A9. Facilitar o proceso de transición dende as EI aos CEIP, IES , CIFP e outros recursos |
| | | A10. Facilitación da solicitude de becas (comedor, transporte escolar, préstamo de material escolar) e promoción do acceso aos servizos extraescolares |
| | M5. Detección e intervención sobre os mediadores da aprendizaxe e a participación educativa atendendo ás necesidades específicas | A11. Seguimento e apoio nos procesos de asistencia, resultados académicos e rendemento escolar considerando o ritmo de aprendizaxe de cada menor así como cada situación vital |
| | M6. Promover a creación de comunidades educativas inclusivas e fomentar a coordinación dos recursos e partes implicadas | A12. Promover a participación e toma de decisión de todas as partes: as/os nenas/os, as familias, os centros escolares, os servizos sociais e os servizos sociosanitarios para abordar a temática dende unha perspectiva holística. |
| | | A13. Inclusión nos centros de referentes, actividades e contidos curriculares dende un marco inclusivo no que as menores poidan atopar referentes |
| | | A14. Incluír unha perspectiva sensible ás diversidades |
| | | A15. Promoción da participación das nais e pais ou titores legais nas ANPAS |
| | | A16. Potenciar o traballo en rede entre a comunidade educativa e a poboación/familias implementando estratexias que aproveiten os recursos locais e as oportunidades do entorno |
| R3. Promover o acceso equitativo aos recursos sociosanitarios e a realización de programas de promoción da saúde | M7. Identificación das necesidades en materia de saúde e benestar e promoción da información sobre os recursos existentes e os requisitos para o seu uso | A17. Identificación de casos de discapacidade ou dependencia |
| | | A18. Realización de acompañamentos aos diferentes recursos sociosanitarios (saúde mental, centros ocupacionais, hospitais, asociacións específicas, etc.) |
| | | A19. Iniciar procesos de investigación en materia de saúde e benestar para a promoción de programas específicos dende unha perspectiva sociosanitaria |
| | | A20. Seguimento e acompañamento no acceso aos recursos sociosaniarios |
| | | A21. Facilitación do proceso de solicitude de citas para atención primaria (medicina de familia, enfermaría, matrona, odontoloxía, traballo social e saúde bucodental) |
| | | A22. Seguimento do estado da Tarxeta Sanitaria individual galega |

**Liña estratéxica 3:** Apoiar por parte dos poderes públicos e da cidadanía a satisfacción do dereito á participación en actividades da vida cotiá que promovan o benestar físico, mental, social e ambiental para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña.

A liña de participación cotiá e benestar pretende ser unha proposta ampla que de soporte ás outras dúas liñas estratéxicas do Plan. A súa importancia ven dada polo ámbito no que se desenvolve -o marco da vida cotiá das persoas- e por cómo entende a participación neste ámbito en relación coa saúde e o benestar.

Esta mirada salienta a importancia de que esta participación en actividades da vida cotiá sexa significativa para as persoas ou comunidades que as realizan e, ademáis, que o feito de involucrarse e comprometerse con estas actividades promova o desenvolvemento persoal e comunitario, o benestar e a inclusión social.

No contexto actual, no que as persoas habitantes dos asentamentos están nunha situación de desigualdade de oportunidades para participar en actividades cotiás significativas (exemplos claros son a educación, o lecer ou o traballo) ou cando existe esta participación nun marco de vulnerabilidade e/ou exclusión (como as actividades produtivas fora do mercado laboral) é fundamental iniciar medidas e accións que promovan o empoderamento para dita participación e a transformación do contexto dende a cotidianeidade.

<u>Reto 1. Promover a participación social e comunitaria.</u>

Para levar a cabo este reto sería preciso facer unha primeira aproximación ás actividades da vida cotiá nas que se participa en cada asentamento e os intereses para ir traballando, en colaboración coas persoas, nas necesidades e demandas que xurdan con respecto a este tema: acceso aos recursos e información sobre as oportunidades para participar na contorna; análise do día a día e identificación das actividades que quixeran ou precisen realizar; favorecer o acceso ás actividades insertas no contexto da cidade; etc.

A recomendación sería apoiar o inicio dun proceso no que a base fosen o interés e as motivacións da comunidade e das familias en ir construíndo vías de participación nas que éstas sexan protagonistas e decidan en todo momento qué é o que queren facer. As tres medidas expostas a continuación e as súas respectivas accións deberían ser comprendidas no conxunto dun proceso e non separadamente.

Exemplos:

-Pódese iniciar un proceso mediante a implicación da poboación en actividades de limpeza do seu entorno e traballar ao mesmo tempo o acceso aos recursos (contacto coa responsable de Medio Ambiente, solicitude de contenedores para o lixo), a visibilización de cara a cidadanía (saír nos medios de comunicación, facer un chamamento para participar na limpeza) e o empoderamento (a decisión sae dun consenso entre as familias e supón unha mellora das condicións de vida que foi demandada), entre outras.

-Os propios Itinerarios Individualizados de Inclusión Habitacional-Social poden ser entendidos como unha ferramenta e como un fin en sí mesmos pois traballase dende a implicación da persoa na participación en actividades, como poden ser as relacionadas coa búsqueda de emprego (visitando recursos específicos nesta materia, elaborando CV, visitando as ETT da cidade) ou as relacionadas co mantemento do fogar unha vez accedido a un piso (pago de facturas, depositar o lixo, limpeza das estancias), por concretar con algúns exemplos.

<u>Medida 1</u>: Promoción do recoñecemento e a interiorización do dereito á participación cotiá

Accións 1 e 2:
-Impulso de procesos que favorezan o empoderamento da poboación para a participación cotiá
-Promoción da participación en actividades da vida cotiá como necesidade humana para o desenvolvemento, o benestar e a inclusión social

Medida 2: Facilitar o acceso e potenciar a participación nos recursos locais e na comunidade

Accións 3 e 4:
-Mellora da información sobre os recursos locais dispoñibles para a participación.
-Redución das barreiras e dificultades no acceso, comunicación, uso e participación dos recursos.

Medida 3: Promoción da visibilización e sensibilización para combater o descoñecemento e a discriminación

Accións 5 e 6:
-Desenvolvemento de accións de sensibilización destinadas á cidadanía en xeral e a grupos específicos.
-Visibilización e sensibilización da cidadanía dende a propia participación da poboación dos asentamentos precarios e o encontro comunitario.

Reto 2. Garantir o acceso á educación e promover e fortalecer a participación continua ao longo de todas as etapas educativas.

A participación na educación, sexa no ámbito regrado ou non regrado, é unha ferramenta fundamental nestes procesos e sobretodo un fin en sí mesma. Recoméndase deseñar un proxecto que englobe as dimensións contempladas en cada medida: a escolarización, os mediadores da aprendizaxe e participación e a promoción de comunidades educativas inclusivas. Este proceso debería implicar ás familias, aos centros e aos servizos sociais e sociosanitarios para construír accións coordinadas e coherentes coa realidade das menores e xóvenes así como das súas familias.

Pode ser recomendable que varios aspectos contemplados nas accións, como o seguimento ou a facilitación do acceso aos recursos, formen parte dun proceso amplo que esté basado nunha actividade significativa; neste caso podería ser a implicación nos procesos educativos para as familias e a participación en actividades de xogo/lecer e de reforzo educativo para as menores e xóvenes. Unha fórmula que pode cubrir esta proposta é un proxecto de promoción da participación educativa formulado en rede entre as familias, as menores/xóvenes, os centros escolares e os recursos pertinentes.

Medida 4: Promoción e seguimento da escolarización nas diferentes etapas educativas e facilitación de acceso aos recursos

Accións 7, 8, 9 e 10:
-Promover a escolarización na Educación Infantil incidindo no primeiro ciclo (0-3).
-Identificar e facer seguimento dos casos de desescolarización e/ou absentismo e abandono escolar na Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria.
-Facilitar o proceso de transición dende as EI aos CEIP, IES , CIFP e outros recursos.
-Facilitación da solicitude de becas (comedor, transporte escolar, préstamo de material escolar) e promoción do acceso aos servizos extraescolares.

Medida 5: Detección e intervención sobre os mediadores da aprendizaxe e a participación educativa atendendo ás necesidades específicas

Acción 11:
Seguimento e apoio nos procesos de asistencia, resultados académicos e rendemento escolar considerando o ritmo de aprendizaxe de cada menor así como cada situación vital

Medida 6: Promover a creación de comunidades educativas inclusivas e fomentar a coordinación dos recursos e partes implicadas

Accións 12, 13, 14, 15 e 16:

- Promover a participación e toma de decisión de todas as partes: as/os nenas/os, as familias, os centros escolares, os servizos sociais e os servizos sociosanitarios para abordar a temática dende unha perspectiva holística.
-Inclusión nos centros de referentes, actividades e contidos curriculares dende un marco inclusivo no que as menores poidan atopar referentes.
- Incluír unha perspectiva sensible ás diversidades.
- Promoción da participación das nais e pais ou titores legais nas ANPAS.
-Potenciar o traballo en rede entre a comunidade educativa e a poboación/familias implementando estratexias que aproveiten os recursos locais e as oportunidades do entorno.

Reto 3. Promover o acceso aos recursos sociosanitarios e a realización de programas de promoción da saúde.

Implementar medidas que promovan o uso dos recursos sociosanitarios así como o desenvolvemento de accións de investigación e acción participativa nesta materia é fundamental para o caso da poboación dos asentamentos.

Esta mirada debe estar inmersa no contexto social e comunitario que habitan as persoas de modo que se logre facer unha achega dende o recoñecemento dos determinantes sociais da saúde para esta parte da poboación e incidir nas desigualdades que están a xerar problemáticas específicas.

O primeiro paso sería facer unha aproximación á realidade dende esta perspectiva e incorporar de xeito transversal esta visión no desenvolvemento do Plan dado a súa relación coa vivenda, a educación, o xogo, o contexto social, a estrutura política, as condicións de traballo, etc. A medida que se levan a cabo estes procesos é recomendable ir traballando en cuestións de acceso e os seus requisitos así como da comunicación e sensibilización nos recursos sociosanitarios; pois na actualidade algunhas destas supoñen unha barreira para acceder á atención sanitaria, dispoñer de información sobre hábitos de vida saudables ou solicitar certificados de discapacidade, entre outras.

Medida 7: Identificación das necesidades en materia de saúde e benestar e promoción da información sobre os recursos existentes e os requisitos para o seu uso

Accións 17, 18, 19, 20, 21 e 22:
- Iniciar procesos de investigación en materia de saúde e benestar para a promoción de programas específicos dende unha perspectiva sociosanitaria.
- Realización de acompañamentos aos diferentes recursos sociosanitarios (saúde mental, centros ocupacionais, hospitais, asociacións específicas, etc.).
- Facilitación do proceso de solicitude de citas para atención primaria (medicina de familia, enfermaría, matrona, odontoloxía, traballo social e saúde bucodental).
- Seguimento do estado da Tarxeta Sanitaria individual galega
- Identificación de casos de discapacidade ou dependencia

# 7. CONSIDERACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PLAN

## 7.1 Proceso de elaboración do Plan

O proceso de elaboración e redacción do Plan tivo lugar entre os meses de setembro e novembro de 2015. O traballo de ASF-Galicia como redactora do Plan basouse na colaboración cos axentes políticos e técnicos así como da propia poboación dos asentamentos para transmitir de forma real a importancia da situación do chabolismo na Coruña e as súas consecuencias na vida cotiá das persoas.

No plano político, celebráronse reunións de información e coordinación co Equipo de Goberno así como a presentación e revisión do documento en varias fases do proceso para a recollida de observacións. A identificación de competencias e recursos nas diferentes áreas administrativas do Concello da Coruña e a inclusión de propostas e comentarios foron os principais obxectivos destas reunións e revisións; salientando a importancia de seguir detallando a proposta a medida que se vaian incorporando as diferentes experiencias adquiridas por cada unha das partes (informes de situación, seguimento de casos, experiencias de traballo coa poboación, perspectivas e traballo dos equipos técnicos, entre outras).

Realizáronse varias reunións comunitarias coas persoas habitantes dos asentamentos co obxectivo de informar sobre o desenvolvemento do Plan e de promover a súa participación como axentes protagonistas do proceso. Así mesmo, tiveron lugar visitas por cada familia ou grupo de familias para clarificar dúbidas e recoller certa información base que permitise definir unha tendencia por cada asentamento. Estas reunións comunitarias foron posibles en As Rañas e A Pasaxe; para o caso de O Portiño tiveron lugar dúas reunións con informantes clave pertencentes á Asociación de Veciños do Barrio de O Campanario e con influencia dentro da comunidade. O tema foi exposto con certa prudencia e evitando na medida do posible a creación de expectativas ou interpretacións erróneas sobre cáles serían os procedementos. Está pendente unha presentación oficial por parte do Concello da Coruña en cada un dos asentamentos.

Ademáis, incorporouse a experiencia e información acadada por ASF-Galicia no traballo coa poboación dos asentamentos nos últimos anos. Debido á gran limitación que supoñen os prazos de entrega así como a dispoñibilidade das partes para participar do proceso, tivéronse en conta os diagnósticos comunitarios e individuais (por UC) que se viñeron facendo dende a organización e que recollen de forma rigorosa algunhas das necesidades, demandas, barreiras e oportunidades verbalizadas directamente polas persoas durante as visitas, entrevistas e actividades realizadas. Deste xeito, faise unha aproximación xeral ás principais tendencias e retos que se deben afrontar nos próximos anos a través da implementación do devandito Plan.

O equipo de traballo de ASF-Galicia conta cunha base de documentación no que se recollen as preparacións e actas das reunións cos diferentes interlocutores implicados, a información e conclusións extraídas das diversas reunións comunitarias e por UC, o proceso de planificación do traballo de elaboración do Plan así como a totalidade do material empregado.

## 7.2 Previsión de recursos humanos e coordinación

A continuación faise unha relación de maneira xenérica dos equipos de traballo que se consideran necesarios para desenvolver o Plan de Acceso ao hábitat digno. A definición destes equipos e das súas tarefas irase concretando a partir das decisións operativas que se deberán tomar dende as Concellarías para a implementación deste Plan. Proponse a formación de 3 tipos de equipos:

1. Equipo de coordinación

Existirá un equipo formado por profesionais de perfil técnico e social que estará en contacto directo con todas as Concellarías a través das persoas de referencia que se

acorden para tal fin. Este equipo será o que se encargue de velar pola implementación do Plan, para o cal terá que desenvolver os plans operativos necesarios para levar a cabo as medidas.

Entre as súas tarefas se atopan as seguintes:

- Búsqueda de recursos humanos, materiais e económicos.
- Inclusión en estratexias a todos os niveis das escalas administrativas.
- Coordinación interinstitucional (con outro Concellos, Xunta, etc.)
- Desenvolvemento de plans, convenios e proxectos específicos.
- Coordinación das fases do Plan, seguimento da implementación das accións fundamentais e as medidas específicas.
- Avaliación da implementación e reformulación do Plan se fose necesario.

2. Equipo de seguimento

Os equipos de seguimento terán un carácter transdisciplinar, é dicir, estarán formados por persoas con diferentes perfís (sociosanitario, educativo, habitacional, emprego, mediación-participación, igualdade e diversidade, etc.) de cara a poder atender a todos os ámbitos da vida cotiá para obter unha perspectiva holística das persoas coas que traballarán.

Proponse que sexan equipos de apoio aos recursos humanos xa existentes e que desenvolvan as tarefas de atención social. Estes equipos poderían traballar en coordinación co persoal existente e ubicados en EMVSA e nos Centros Cívicos de referencia das persoas obxecto do Plan (Palavea, Elviña, San Pedro de Visma, etc.)

Entre as súas tarefas estará:

- Atención directa ás persoas adscritas ao Plan, a través dun seguimento individualizado e continuado en todos os ámbitos (socio-sanitario, económico, educativo, laboral, habitacional, etc.), que permita coñecer a realidade diaria da problemática, os desexos e aspiracións de cada persoa para a búsqueda de solucións adaptadas e realistas. A partir deste coñecemento, os equipos de seguimento se encargarán de realizar as xestións pertinentes en relación á facilitación e acompañamento para a consecución dos recursos necesarios.
- Visitas aos asentamentos para realización de seguimentos, entrevistas, toma de datos, etc.
- Coordinación co resto de equipos de seguimento, cos equipos de traballo de campo e coas concellarías para o deseño de estratexias comúns e a concreción da implementación de medidas e accións.
- Seguimento e avaliación da implementación do Plan a través de Comisións de coordinación

3. Equipo de traballo de campo

Os equipos de traballo de campo serán aqueles que realicen as accións concretas coa poboación obxectivo, levando a cabo as actividades e accións deseñadas para cada liña estratéxica.

Para iso, é necesario que os equipos de traballo estean formados por persoas que coñezan de cerca á poboación e a súa situación e cos perfís específicos necesarios que se adapten á realización das activdades previstas.

As súas tarefas serán:

- Seguimento das unidades convivenciais a partir de visitas, entrevistas, toma de datos en campo, etc.
- Acompañamentos para a facilitación do acceso aos recursos.
- Implementación de accións concretas incluídas nas liñas estratéxicas de intervención.
- Coordinación cos equipos de seguimento para a valoración de casos en conxunto e a búsqueda da adaptación das estratexias de implementación das accións e medidas específicas.

### 7.3 Seguimento e avaliación

Para a realización do seguimento do Plan, é imprescindible dotarse dunha ferramenta de control que permita abordar a complexidade e as necesidades específicas de coordinación, ademais de ofrecer algúns elementos para a avaliación.

Ademais da ferramenta de traballo, resulta imprescindible establecer unha responsabilidade técnica directa sobre o seguimento e a avaliación do Plan, e unha responsabilidade política de valoración a partir dos datos fornecidos polo equipo técnico. A maiores, pódese valorar a oportunidade de contar cun asesoramento externo que permita reforzar as tarefas de seguimento e avaliación.

Por último, é necesario dotarse dun calendario claro de momentos de seguimento e avaliación que permitan devolver información a todos os axentes implicados e ao conxunto da cidadanía.

Ferramenta de coordinación:

A ferramenta de coordinación debe ser unha base de datos que inclúa o conxunto das accións a realizar, os seus responsables, os medios a dispor para cada unha delas, o prazo de execución, as incidencias na realización así como as posibles melloras nos procedementos.

Para a realización desta ferramenta proponse utilizar unha base de datos de xestión por procesos. Por exemplo a da ONGconcalidad, por tratarse dunha ferramenta de código aberto.

A base de datos permitirá obter informes de execución, comprobar os resultados e os impactos, supervisar os posibles retrasos e desviacións no proceso, e realizar unha reprogramación na que se poidan render contas respecto das responsabilidades dos cambios realizados, a procedencia das propostas, a pertinencia das mesmas e os seus efectos na obtención dos resultados previstos.

Responsabilidades de seguimento e avaliación:

- Responsabilidade técnica.

Debe existir unha persoa ou equipo que coordine o proceso e que teña a responsabilidade técnica do seguimento e a avaliación. Esta persoa debe realizar informes periódicos do estado do Plan, que deben ser remitidos a todas as partes interesadas, especialmente aos equipos técnicos, aos departamentos da Administración Local implicados na súa realización e aos responsables políticos. Os informes técnicos non serán un resultado lineal da explotación da base de datos, senón que incorporarán os datos fornecidos polos equipos de seguimento e traballo de campo implicados no proceso.

- Responsabilidade política.

Nos prazos que se acorde, tamén é necesario realizar un informe de resultados para contrastar coas persoas participantes (precaristas en proceso de acceso a unha vivenda digna). Unha vez realizado ese contraste, os informes técnicos e o informe de resultados serán sometidos a un segundo contraste cos responsables políticos, que tomarán as decisións oportunas á vista dos resultados técnicos e das percepcións dos participantes.

- Difusión á cidadanía

Concluído o proceso de valoración, pódense difundir os resultados a través dos medios de comunicación para que cheguen á poboación xeral. Na difusión dos resultados é oportuno centrarse na achega de valor á cidade desde o punto de vista da xustiza e do disfrute público do espazo urbano, sen descartar aspectos máis humanos das historias de vida dos participantes (sempre co seu consentimento).

Para a correcta realización destas tarefas de seguimento e avaliación pódese contar cun asesoramento externo que permita avanzar nos aspectos de participación, de control, de mellora continua da calidade e de comunicación de resultados.

Calendario:

Sen detrimento doutras alternativas de seguimento e avaliación que se poidan desenvolver, resulta imprescindible dotarse dun informe trimestral de seguimento técnico, dunha comisión de valoración anual que permita a xestión política do proceso, cun informe técnico anual e unha memoria anual para a súa difusión.

Convén realizar unha reunión trimestral cos equipos técnicos, coa información procedente da base de datos de xestión de procesos, así como as que existan de xestión de participantes e de xestión documental.

A concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda debe recibir un reporte dese informe trimestral e das reunións de coordinación, para poder realizar as correccións que resulten oportunas.

# ANEXOS

**Anexo 1. Gráfico do proceso de participación.**

A continuación preténdese representar de maneira teórica e simplificada o proceso ideal de participación. Este proceso caracterízase pola súa gradualidade e tono progresivo, identificándose cinco fases xerais para facilitar a súa comprensión.

O obxectivo desta proposta gráfica non é outro que sinalar a importancia de adaptar e individualizar os procesos e, aínda cando éstes son comunitarios ou de grupo, ter en conta a diversidade inherente a eles. Por este motivo, falaremos do proceso de participación dende a propia persoa e concretando con supostos relacionados coa realidade dos asentamentos precarios.

O concepto de participación debe entenderse como a implicación e compromiso da persoa no marco dun proceso e ao mesmo tempo como o propio desempeño que leva consigo estas dúas cuestións. Nesta premisa están implícitos unha serie de mediadores que serán determinantes e identificarán cada fase: a conciencia e comprensión, a motivación polo cambio e a actitude proactiva.

Estas fases non pretenden mostrarse como meros indicadores de exclusión-inclusión nin cometer o erro de culpabilizar á persoa da súa situación pois debe terse unha mirada máis ampla (ver apartado de cuestións metodolóxicas). Establécense estas fases unicamente como unha referencia para poder iniciar procesos aproximando en qué grado de participación está a persoa e o punto do proceso dende o que se debería traballar no marco da estratexia co fin de respetar cada ritmo e adecuar as accións.

Os procesos de inclusión deber ser entendidos a longo prazo polo que se precisa traballar de forma diferenciada e continuada en todas as fases. Cada persoa é única e polo tanto tamén o seu proceso, polo que se terá en conta a situación concreta e os factores que inciden en cada caso e non considerar todas as UC de maneira homoxénea para poder acadar unha situación satisfactoria e duradeira dende o inicio.

Estas fases non son expostas como compartimentos estancos xa que se poden solapar e entremezclar unhas con outras; ademáis, a súa duración e desenvolvemento será diferente en cada caso podendo avanzar e retroceder



sobre as mesmas. A continuación se explican de maneira xenérica cales son estas diferentes fases:

**0. Fase inicial**

A persoa atópase nunha situación de exclusión na que os dereitos fundamentais son vulnerados. No caso das persoas residentes nos asentamentos chabolistas, considérase que a orixe desta exclusión ven provocada pola vulneración do dereito á unha vivenda digna e axeitada que derivou nunha situación de "exclusión residencial" ao entender que a vivenda é un elemento esencial da organización social. Esta situación provoca ao mesmo tempo a vulneración doutros dereitos fundamentais (saúde, educación, traballo, xogo, identidade, cultura, etc.) retroalimentando esta complexa situación e en definitiva interpoñendo barreiras para a participación social e comunitaria e rompendo o vínculo entre a persoa e a sociedade.

Nesta fase, a persoa non promove ou participa nun proceso de mellora das súas condicións de vida debido ao círculo de exclusión no que vive e que é interiorizado maiormente dende o seu nacemento.

**1. Fase de entendemento / concienciación**

Esta fase considérase imprescindible, posto que é o aspecto motor para a consecución da participación dunha persoa nun proceso de inclusión. Neste momento a persoa ten as ferramentas e capacidades para reflexionar e tomar conciencia da súa situación a nivel persoal e da contorna. É posible unha valoración de que non se está nunha situación axeitada para o desenvolvemento da vida e que os dereitos estanse vendo vulnerados.

En moitos dos casos, esta toma de conciencia ven provocada polo desexo de atopar unha vida mellor para as fillas e fillos e as mulleres representan neste sentido un axente transformador nas súas comunidades.

**2. Fase de motivación polo cambio**

A persoa xa reflexionou e tomou plena conciencia da situación que está vivindo e comeza a expresar a necesidade de modificala. A persoa mostra o seu interese por mellorar as condicións nas que se atopa e participar dese cambio que debe partir dende a súa propia decisión. Este é un momento clave para comezar a propoñer a participación en pequenas accións as cales poden producir un efecto positivo empoderando á persoa para continuar nesa liña de desexo de mellora.

Trátase dunha fase moi importante e delicada xa que en moitos casos o modo de habitar e a seguridade do entorno xa coñecido preséntanse como fortes referencias nas súas vidas e o cambio supón o abandono deste contexto a longo prazo. O proceso de transición é complexo e tense que traballar naqueles aspectos que motiven a necesidade de participar del, sempre dende unha decisión propia e en base ao propio proxecto de vida. Esta fase é decisiva con respecto a transmitir a motivación entre outros círculos cercanos á persoa.

**3. Fase de actitude proactiva**

O proceso de empoderamento, xa iniciado dende as primeiras fases, comeza a ser máis evidente neste momento. A persoa vai participando dun xeito más activo en pequenas accións, feito motivado pola seguridade e apoio que foi conquistando durante o proceso de cambio.

Progresivamente, a situación de desigualdade e exclusión inicial vaise transformando ao mesmo tempo que esta devolución enriquece o a motivación por seguir mellorando as condicións de vida. Nesta fase do proceso enténdese que non hai tantas posibilidades de experimentar unha volta a fases anteriores. As persoas que chegan a esta fase pódense considerar como referentes de cambio para motivar e dar exemplo no contexto inmediato da súa familia e persoas coñecidas.

**4. Fase de participación activa**

A persoa nesta fase ten as ferramentas e capacidades necesarias para participar e tomar decisións con respecto á súa participación; tendo en conta que é un proceso que continúa ao longo de toda a vida e que a situación de inclusión non ten por qué ser efectiva neste punto. Os acompañamentos e accións de soporte daranse unicamente se a persoa os solicita.

**Anexo 2. Situación según o proceso de participación das unidades convivenciais.**

Atendendo ao gráfico que figura no anexo 1, faise unha estimación do grado de participación actual a nivel de UC en cada asentamento para ter unha liña de base ao inicio do proceso.

Fase 0: Exclusión
Fase 1: Entendemento
Fase 2: Motivación polo cambio
Fase 3: Actitude proactiva
Fase 4: Participación activa

PASAXE: (40 UC's)
- 17 UC's en Fase 0
- 16 UC's en Fase 1
- 4 UC's en Fase 2
- 3 UC's en Fase 3

RAÑAS (25 UC's)
- 0 UC's en Fase 0
- 13 UC's en Fase 1
- 10 UC's en Fase 2
- 2 UC's en Fase 3

PORTIÑO: realizarase posteriormente á espera de confirmación de datos coa AVV de O Campanario

## Anexo 3. Ficha de recollida de datos.

| Datos do momento da recollida. | | |
|---|---|---|
| Persoa responsable da recollida | | Persoa que facilita os datos: |
| Data: | Hora: | Persoa de contacto na UC: |
| Lugar: | | Nº de teléfono persoa de contacto: |

| Datos da Unidade de Convivencia (UC) | |
|---|---|
| Nº de Vivenda: | Nº de persoas de persoas residentes na vivenda (disgregados por sexo): |

| | Nome | 1º Apelido | 2º Apelido | Sexo | Data nacemento |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | | |
| 2 | | | | | |
| 3 | | | | | |
| 4 | | | | | |
| 5 | | | | | |
| ... | | | | | |

| | DNI | Lugar de nacemento | Nacionalidade | Lugar de empadroamento | Relación parentesco* |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | | |
| 2 | | | | | |
| 3 | | | | | |
| 4 | | | | | |
| 5 | | | | | |
| ... | | | | | |

*Neste apartado informarase do parentesco da persoa en relación á persoa de referencia da UC

| | | | |
|---|---|---|---|
| Actualmente vive en: | Asentamento | | A Pasaxe |
| | | | As Rañas |
| | | | O Portiño |
| | Piso en edificio de vivenda colectiva | | Rúa Avenida:<br>Nº Portal Piso Letra<br>Localidade CP<br>Concello |
| | Casa en vivenda unifamiliar | | |
| Viviu no pasado nun asentameto | Non | | |
| | Si | | Mantén o vínculo (Si/Non) |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Estivo ou está suxeita a algún programa/plan de erradicación do chabolismo ou acceso á vivenda. | Non | | |
| | Si | Actualmente | No pasado |
| | | Indique cal: | |
| | | PMAL | |
| | | Programa Municipal para Erradicación do Chabolismo | |
| | | Plan especial de Penamoa | |
| | | Programa de Adquisición de Vivenda | |
| | | Convenio co IGVS en Orilllamar | |
| Observacións: | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos relativos a situación xurídica da vivenda | | | | |
| Tipo de vivenda | | | | |
| Vivenda en propiedade | Non | | Indique situación da vivenda: | |
| | Si | | | |
| Documentación que o acredite | Non | | | |
| | Si | Tipo de documento: | Solicítase | Non |
| | | | | Si |
| Tipo de terreo | | | | |
| Urbanizable | | | Non | |
| | | | Si | |
| Terreo en propiedade | Non | | Indique situación do terreo: | |
| | Si | | | |
| Documentación que o acredite | Non | | | |
| | Si | Tipo de documento | Solicítase | Non |
| | | | | Si |
| Observacións: | | | | |

| | |
|---|---|
| Documentación gráfica da vivenda | |
| Fotografía/s da vivenda | |
| Dimensións/nº de espazos diferenciados | |
| Servizos básicos | |
| Observacións: | |

| Grupo específico | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Residencia pasada no asentamento | | Residencia actual no asentamento | | Mantemento do vínculo co asentamento | | Situación de inseguridade | | | | | |
| | | | | | | Xurídica | | Económica | | | |
| Si | Non | Si | Non | Si | Non | Si | Non | Si | Non | | |
| Grupo*: | | | | | | | | | | | |
| Observacións: | | | | | | | | | | | |

| *Observacións para clasificar o grupo | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Grupo | Residencia pasada no asentamento[1] | Residencia actual no asentamento | Mantemento do vínculo co asentamento | Situación de inseguridade[2] | |
| | | | | Xurídica | Económica |
| 1 | Si/Non | Si | Si | Si | Si |
| 2 | Si | Non | Si | Si | Si |
| 3 | Si | Non | Si | Si/Non | Si/Non |

[1] Residencia pasada no asentamento: Especificarase unha data de referencia e terase en conta a traxectoria no asentamento
[2] Situación de inseguridade (económica ou xurídica): Un só tipo activa esta variable e especificarase o tipo/s de situación de inseguridade.

**Anexo 4. Tabla de grupos específicos por ámbito territorial.**

| Grupos por asentamento | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| A Pasaxe | P1 | P2 | P3 |
| As Rañas | R1 | R2 | R3 |
| O Portiño | C1 | C2 | C3 |
| Penamoa | - | Pe2 | Pe3 |
| Orillamar | - | - | O3 |

**Anexo 5. Información urbanística por asentamentos.**

**Planos urbanísticos O Portiño.**

- Plano O.2 (folla 008)
- Plano G.2 (folla 008)
- Ficha SUD1




Término municipal · Suelo urbano consolidado — SUC · Suelo urbano no consolidado — SUNC · Suelo urbanizable delimitado — SUD · Suelo urbanizable de régimen transitorio — SURT · Sistema general adscrito

O xefe do Servizo de Urbanismo da Coruña

HOJA: 008

ESCALA
A3 1:5.000
A1 1:2.500

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

PGOM 2013
TEXTO REFUNDIDO

RÉGIMEN DEL SUELO

Marzo 2013

PLANO: O2




XUNTA DE GALICIA
Documento Refundido do PXOM da Coruña, axustado ás condicións sinaladas na Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 25/02/2013.
O xefe do Servizo de Urbanismo da Coruña
... Cotelo

DILIGENCIA:
que se extiende para hacer constar que el presente documento refundido se corresponde con el documento aprobado definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la C.M.A.T.I., al que se incorporan las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor
Alejandro Ramon Antelo Martinez

TÉRMINO MUNICIPAL
SUELO URBANIZABLE DELIMITADO
PLAN ESPECIAL EN SUELO RÚSTICO
GENERAL LOCAL
ESPACIOS LIBRES
EQUIPAMIENTOS
RED VIARIA
INFRAESTRUCTURAS
RED FERROVIARIA
ESPACIOS PORTUARIOS
ÁMBITO DE PROTECCIÓN
ELEMENTO DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓGICA
CONTORNO DE PROTECCIÓN
LÍMITE INTERIOR DE LA RIBERA DEL MAR
SERVIDUMBRE DE PROTECCIÓN
ZONA DE INFLUENCIA
SUELO URBANO
IDENTIFICACIÓN
ÁREA DE REPARTO
SISTEMA GENERAL ADSCRITO en Suelo Rústico

HOJA: 008
ESCALA
A3 1:5.000
A1 1:2.500
N

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

PGOM 2013
TEXTO REFUNDIDO

GESTIÓN SUELO URBANIZABLE Y RÚSTICO

Marzo 2013

PLANO: G2

# SECTOR: O Portiño

XUNTA DE GALICIA
Documento Refundido do PXOM da Coruña, axustado ás condicións contidas na Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 25/02/2013.

O xefe do Servizo de Urbanismo da Coruña

José Agustín Barca Cotelo

DILIGENCIA: que se extiende para hacer constar que el presente documento refundido se corresponde con el documentro aprobado definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la C.M.A.T.I., al que se incorporan las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor

Alejandro Ramon Antelo Martinez

PGOM 98
S 1

## SUD 1 a

**Ámbito:**

Suelo URBANIZABLE DELIMITADO situado en la zona de O Portiño, entre Os Rosales y el nuevo Sector de Penamoa.

| | | |
|---|---|---|
| SUPERFICIE TOTAL | 495.816,96 | m² |

**Objetivos:**

Completar la ciudad por el Oeste. Obtener los espacios libres que permitan la conexión entre el parque de San Pedro y el de Bens, dando continuidad al sistema de espacios libres costeros. Obtener el sistema de espacios libres adyacente a los núcleos de San Pedro de Visma y Loureiro. Ordenar los usos residenciales.

**Condiciones de ordenación, edificación y uso:**

Usos previstos:

| | | |
|---|---|---|
| Terciario: servicios. | 3,75 | % |
| Residencial Colectiva (máx.) | 85,43 | % |
| Residencial Unifamiliar (min.) | 10,50 | % |
| Dotacional Privado (infraestructuras) | 0,32 | % |

Las tipologías edificatorias son: edificación aislada en bloque abierto para el uso residencial colectivo, unifamiliar aislada y/o adosada para el uso residencial unifamiliar y terciario en edificio exclusivo.

Los sistemas grafiados rayados son indicativos.

Los ejes estructurantes grafiados son indicativos.

